Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 24/01/2024 12:20:28
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 145

Sesión plenaria
25 de outubro de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.4 60661 (11/PNP-004893)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e oito deputados/as máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central relativas á mellora dos servizos ferroviarios no eixe atlántico e na liña Ourense-A Coruña
Publicación da iniciativa, BOPG nº 574, do 04.10.2023

4.5 60713 (11/PNP-004899)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e seis deputados/as máis
Sobre a reclamación que a Xunta de Galicia debe facer ao Goberno central para que cumpra o seu compromiso de axudar os enfermos de ELA e as súas familias
Publicación da iniciativa, BOPG nº 578, do 11.10.2023

4.6 60966 (11/PNP-004926)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central relacionadas coas actuais negociacións de investidura do candidato á Presidencia do Goberno de España
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 578, do 11.10.2023

Punto 5. Interpelacións

5.1 56071 (11/INT-002668)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis
Sobre a tramitación da valoración e do recoñecemento da dependencia e do recoñecemento do grao de discapacidade
Publicación da iniciativa, BOPG nº 534, do 31.07.2023

5.260857 (11/INT-002824)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre a evolución da débeda pública da Comunidade Autónoma de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 578, do 11.10.2023

5.3 61121 (11/INT-002832)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e dous deputados/as máis
Sobre a mellora da calidade educativa nos centros de ensino públicos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 581, do 18.10.2023

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 61246 (11/POPX-000119)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre como pensa garantir a mellora dos servizos públicos no ano 2024
Publicación da iniciativa, BOPG nº 581, do 18.10.2023

6.2 61247 (11/POPX-000120)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre como valora a eficacia do Goberno galego á hora de defender os intereses de Galicia ante o Estado
Publicación da iniciativa, BOPG nº 581, do 18.10.2023

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 61149 (11/PUP-000364)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Freire Vázquez, María Begoña e seis deputados/as máis
Sobre o recurso de inconstitucionalidade interposto por parte do Goberno central contra a Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 581, do 18.10.2023

7.2 60929 (11/POP-009511)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis
Sobre o encontro da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade co secretario de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana mantido o pasado 4 de outubro
Publicación da iniciativa, BOPG nº 578, do 11.10.2023

7.3 61245 (11/PUP-000366)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra
Sobre as valoracións que fai a Xunta de Galicia verbo da súa política en vivenda pública logo do tráxico incendio acontecido en Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 581, do 18.10.2023

7.4 60982 (11/POP-009517)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre o cumprimento do acordo parlamentario verbo da Iniciativa Xabarín, relativa á programación infantil e xuvenil en galego nas televisións públicas
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 578, do 11.10.2023

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.5 59091 (11/POP-009307)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e tres deputados/as máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia verbo da ampliación aos menores de 30 anos do dereito ao acceso á Tarxeta Xente Nova
Publicación da iniciativa, BOPG nº 561, do 13.09.2023

7.6 56509 (11/POP-008740)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do anuncio do Goberno de España da creación da especialidade de urxencias e emerxencias
Publicación da iniciativa, BOPG nº 543, do 11.08.2023

7.7 60515 (11/POP-009464)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e seis deputados/as máis
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do expediente de regulación de emprego presentado por Nueva Pescanova e que afecta o centro traballo de Chapela, en Redondela
Publicación da iniciativa, BOPG nº 574, do 04.10.2023

7.8 58721 (11/POP-009282)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e dous deputados/as máis
Sobre a metodoloxía de cálculo dos custos de produción do leite en Galicia para a fixación dos prezos de referencia entre produtores e industria
Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 07.09.2023

7.9 60725 (11/POP-009489)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre o estado da produción marisqueira nas rías galegas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 578, do 11.10.2023

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre como pensa garantir a mellora dos servizos públicos no ano 2024. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 11.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 12.)
Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 14.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 15.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre como valora a eficacia do Goberno galego á hora de defender os intereses de Galicia ante o Estado. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 17.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 19.)
Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 20.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 21.)

A señora Pontón Mondelo (BNG) observa determinadas inexactitudes no discurso do señor presidente da Xunta, polo que pide a palabra. O señor presidente dálle a palabra para que aclare o contido desas inexactitudes. (Páx. 23.)

Logo da intervención da señora Pontón Mondelo (BNG) prodúcense protestas e unha explicación do señor presidente. (Páx. 24.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e oito deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central relativas á mellora dos servizos ferroviarios no eixe atlántico e na liña Ourense-A Coruña. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 24.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 25.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 31.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 33.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 37.)

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Raquel Arias Rodríguez e seis deputados/as máis, sobre a reclamación que a Xunta de Galicia debe facer ao Goberno central para que cumpra o seu compromiso de axudar os enfermos de ELA e as súas familias. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 38.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. López Sánchez (P).* (Páx. 39.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 43.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 46.)

A señora López Sánchez (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 49.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central relacionadas coas actuais negociacións de investidura do candidato á Presidencia do Goberno de España. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 52.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 53.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 56.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 58.)

A señora Prado del Río (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 62.)

Votación das proposicións non de lei

Votación do texto autoemendado do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta e D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto das ofertas públicas de emprego que afectan o persoal do Servizo de Prevención de Incendios Forestais: *rexeitado por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 63.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Paloma Castro Rey e D. Pablo Arangüena Fernández, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que manifeste o seu rexeitamento ante a situación en que se atopa o proceso de renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial: *aprobada por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 64.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación cos plans de ordenación do espazo marítimo (POEM) á vista das recomendacións do Tribunal de Contas Europeo neste eido: *rexeitada por 18 votos a favor, 54 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 64)

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Antes de proceder á seguinte votación, o señor presidente dálle a palabra ao señor Balseiro Orol (P) para aclarar determinados termos da súa emenda, que finalmente non é aceptada. (Páx. 64.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e oito deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central relativas á mellora dos servizos ferroviarios no eixe atlántico e na liña Ourense-A Coruña: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Raquel Arias Rodríguez e seis deputados/as máis, sobre a reclamación que a Xunta de Galicia debe facer ao Goberno central para que cumpra o seu compromiso de axudar os enfermos de ELA e as súas familias: *aprobada por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central relacionadas coas actuais negociacións de investidura do candidato á Presidencia do Goberno de España: *aprobada por 40 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Interpelación de Dª Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a tramitación da valoración e do recoñecemento da dependencia e do recoñecemento do grao de discapacidade. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Carreira Pazos (BNG).* (Páx. 66.)
Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Páx. 69.)
Réplica da autora: *Sra. Carreira Pazos (BNG).* (Páx. 71.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez).* (Páx. 72.)

Interpelación de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a evolución da débeda pública da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 74.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado).* (Páx. 78.)
Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 81.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado).* (Páx. 84.)

A señora López Sánchez (P) intervén logo de pedir a palabra por alusións. (Páx. 86.)

Interpelación de Dª Ana María Cristina Fernández Davila e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista, sobre a mellora da calidade educativa nos centros de ensino públicos. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Fernández Davila (BNG).* (Páx. 87.)

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González). (Páx.)*

Suspéndese a sesión ás tres da tarde e retómase ás catro e trinta e dous minutos da tarde.

Pregunta de Dª María Begoña Freire Vázquez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o recurso de inconstitucionalidade interposto por parte do Goberno central contra a Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Freire Vázquez (P). (Páx.)*
Contestación da Xunta: *Sra. vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx.)*
Réplica da autora: *Sra. Freire Vázquez (P). (Páx.)*
Réplica da Xunta: *Sra. vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx.)*

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o encontro da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade co secretario de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana mantido o pasado 4 de outubro. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Balseiro Orol (P). (Páx.)*
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle). (Páx.)*
Réplica do autor: Sr. Balseiro Orol (P). (Páx.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle). (Páx.)*

Pregunta de Dª Alexandra Fernández Gómez, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as valoracións que fai a Xunta de Galicia verbo da súa política en vivenda pública logo do tráxico incendio acontecido en Vigo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Fernández Gómez (BNG). (Páx.)*
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez). (Páx.)*
Réplica da autora: *Sra. Fernández Gómez (BNG). (Páx.)*
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez). (Páx.)*

Pregunta de Dª Ana Belén Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o cumprimento do acordo parlamentario verbo da Iniciativa Xabarín, relativa á programación infantil e xuvenil en galego nas televisións públicas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG). (Páx.)*
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González). (Páx.)*
Réplica da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG). (Páx.)*

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 110.)
Réplica da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 111.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 112.)

Pregunta de Dª Noelia Otero Lago e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia verbo da ampliación aos menores de 30 anos do dereito ao acceso á Tarxeta Xente Nova. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Lago (S).* (Páx. 113.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 114.)
Réplica da autora: *Sra. Otero Lago (S).* (Páx. 115.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 116.)

Pregunta de Dª María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do anuncio do Goberno de España da creación da especialidade de urxencias e emerxencias. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 117.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx.118.)
Réplica do autor: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 119.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 120.)

Pregunta de Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta e seis deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do expediente de regulación de emprego presentado por Nueva Pescanova e que afecta o centro de traballo de Chapela, en Redondela. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 121.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Rivo López).* (Páx. 122.)
Réplica da autora: Sra. Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 123.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Rivo López).* (Páx. 124.)

Pregunta de D. Xosé Luís Rivas Cruz e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a metodoloxía de cálculo dos custos de produción do leite en Galicia para a fixación dos prezos de referencia entre produtores e industria. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 125.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx.) 126.)
Réplica do autor*: Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 128.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 128.)

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e Dª Patricia Otero Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o estado da produción marisqueira nas rías galegas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 130.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez).* (Páx. 131.)
Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 132.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez).* (Páx. 133.)

Remata a sesión ás seis e vinte e dous minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión, co punto sexto da orde do día, preguntas para resposta oral do presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre como pensa garantir a mellora dos servizos públicos no ano 2024

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Bo día, señor presidente da Xunta de Galicia.

Señor Rueda, no Partido Socialista de Galicia xa estamos acostumados a ver como a Xunta de Galicia non xestiona nin atende debidamente as necesidades desta comunidade autónoma, como deixa fondos sen executar, como trae a esta cámara orzamentos que non se adecúan ás situacións da comunidade, e así ano tras ano. E a cuestión non é que estea soamente acostumado o Partido Socialista, é que desgraciadamente está acostumada e resignada esta comunidade autónoma, e por iso non nos sorprende que as cifras do proxecto de orzamentos non fagan fronte de forma adecuada á situación socioeconómica de Galicia.

O único que cambia con respecto a outros anos é esa campaña de publicidade electoral que están vostedes facendo con medidas puramente electoralistas, anunciando melloras que nin se reflicten no proxecto de orzamentos e que son inexistentes e que van ser inexistentes. Están vostedes facendo unicamente unha campaña electoral con estes orzamentos, están enganando a cidadanía con medidas salvadoras que as galegas e os galegos non van percibir.

Porque neste proxecto de orzamentos non están reflectidas esas medidas que anuncia. Por exemplo, soamente un exemplo, non hai nestes orzamentos nada que vaia incrementar o número de prazas en residencias públicas nin en centros de día, non hai nada que mellore a vida das galegas e dos galegos. E xa sabemos cal vai ser o seu discurso. Virá vostede con que estamos mal informados, que non entendemos os orzamentos, que miremos ben as cifras, porque están incrementando en políticas sociais, en sanidade, en educación, etc.; esa filosofía que sempre sacan vostedes a relucir con esa folla de cálculo máxica que teñen para vender o seu produto.

Mire, no seu proxecto de orzamentos non están esas melloras que anuncian vostedes, porque a realidade é que, cando estes orzamentos entren en vigor, seguirá habendo cero incremento de prazas —como dicía hai un momento— en residencias públicas, e polo tanto seguirá habendo miles de galegas e galegos maiores que non poidan acudir nin a unha residencia nin

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a un centro de día. Non hai nada que afonde no demandadísimo concerto social por parte das entidades prestadoras de servicios sociais.

Cando estes orzamentos entren en vigor, a cidadanía terá que seguir esperando días para que lle dean unha cita en atención primaria. Cando estes orzamentos entren en vigor, continuará habendo déficit de profesores e de persoal nos centros educativos desta comunidade autónoma. Cando estes orzamentos entren en vigor, o rural galego seguirá penalizado por unha Xunta de Galicia que o priva sistematicamente e reduce os servizos públicos básicos, servicios educativos e servizos sanitarios por exemplo.

Repítolle: non hai nada nestes orzamentos que incremente e mellore a calidade de vida das galegas e os galegos. Se o seu Goberno se dedicara menos a facer campañas electorais como nestes orzamentos, se se dedicara menos a retirarlles axudas aos galegos e galegas, se se dedicara menos a criticar sistematicamente o Goberno central, se se centrasen en executar as partidas que se lle destinan a Galicia por parte do Goberno central —que, por certo, foron as maiores de Galicia nos últimos anos—, se se dedicaran máis a escoitar as demandas das familias galegas, se se dedicaran máis a escoitar as demandas do profesorado e do persoal sanitario —que se botan á rúa para reclamar unha educación ou unha sanidade de calidade—, se se dedicaran simplemente máis a ver cal é a Galicia real, non farían este proxecto de orzamentos nin estas medidas que vostedes anuncian sistematicamente un día tras outro. *(Aplausos.)*

Señor presidente da Xunta de Galicia, lamentablemente teño que dicirlle que non vemos no proxecto de orzamentos ningunha mellora significativa, pese ao incremento económico que teñen. Por iso, ante esta evidencia, señor presidente da Xunta de Galicia, pregúntolle como pensa vostede garantir a mellora dos servizos públicos no ano 2024. E agora, se quere, fáleme vostede de Cataluña ou de autovías.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Resposta do presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, pon vostede a venda sempre antes que a ferida. Non me fale de Cataluña. É que a Cataluña lle van ir os recursos que tiñan que vir para Galicia, señor Álvarez. Ese é o problema, *(Aplausos.)* ese é o problema.

Entón, mire, o debate o debate de orzamentos empeza, e estáballe preguntando agora ao vicepresidente primeiro e empeza a comparecer a partir de mañá o conselleiro de Facenda; se quere, podemos empezar a debater aquí xa os orzamentos, vostede e eu, non se preocupe, que llos van explicar moi polo miúdo. Se quere debater de orzamentos, alégrome. Agora, escoiten, escóiteme, porque, claro, co que vostede me di, ¿en que quedamos? Por un lado, estamos facendo un montón de cousas porque hai eleccións, esa obsesión que teñen vostedes

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

polas eleccións, non sei se é obsesión, non sei se é medo, non sei se é prevención; todo o día falan das eleccións. Facemos un montón de anuncios, un montón de cousas, porque hai eleccións, pero ao mesmo tempo non facemos absolutamente nada e estamos nunha rutina na que non temos nada que ofrecer. ¿En que quedamos, señor Álvarez? Ou facemos moito ou non facemos nada. Eu creo que facemos.

Mire, dáme a impresión —perdoe que lle diga— de que vostedes dende o debate do Estado de autonomía quedaron bastante noqueados e non se enteraron do que pasou nestes quince días. Nestes quince días aprobamos o teito de gasto, aprobamos os orzamentos maiores da historia, e vostedes estiveron moi entretidos. Iso si, tíñannos a todos moi entretidos. Primeiro anunciaron esas primarias, despois resulta que había que anulalas, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* había que anulalas porque... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, señor Torrado, vostede foi dos que máis falaba de primarias, despois resulta que as anularon porque había investidura, agora resulta que segue sen haber investidura pero non tiña que haber primarias, despois volvéronas poñer, agora anuláronas, parece que teñen un candidato. Todo iso fixeron vostedes mentres nós nos adicabamos ao que de verdade se ten que adicar un goberno, que é a aprobar uns orzamentos.

Polo tanto, señor Álvarez, mire, que non lle fale de Cataluña. ¿Que lle parecería se eu lle digo que para blindar os servizos públicos todo o tempo que teño que adicarlle á xestión pública como presidente o estou dedicando a ver como retorzo a Constitución, a ver se me entra unha amnistía, a ver se lles quito a unhas comunidades autónomas para darlle a aquela que me ten que dar a investidura? ¿Que lle parecería, señor Álvarez? Pois isto é o que está pasando. Supoño que, se llo dixera, tería que parecerlle ben, porque parécelle ben que o faga o seu xefe en Madrid.

¿Que lle parecía se lle dixera que a proposta estrela para Galicia do pacto que onte anunciaron a bombo e platillo e que como estamos a menos de dúas horas e media en avión quedamos sen avións e os trens xa virán cando sexa posible, señor Álvarez? *(Murmurios.)* ¿Que lle parece?, ¿que lle parece? *(Aplausos.)*

Mire, afortunadamente somos moito máis serios que todo iso, afortunadamente volvemos ter, sen datos, porque non nos dan datos, porque están apartando os cartos para ir onde todo todos sabemos que van ir, outra vez o orzamento máis alto da historia da Comunidade Autónoma; 9.774 millóns para todo o que ten que ver cos aspectos sociais que ten que atender unha administración; 5.000 millóns de euros, récord absoluto, para a sanidade, máis de 5.000 millóns de euros; 1.300 para servizos sociais.

Os investimentos van superar case os 11.000 millóns de euros cando remate a lexislatura. Os galegos van aforrar 686 millóns de euros. Ao final imos contar cuns orzamentos que van blindar efectivamente os servizos públicos, van favorecer que Galicia progrese e van sentar sobre todo as bases dun futuro, porque hai que seguir mirando para adiante.

Así blindamos os servizos públicos, así traballamos, mentres vostedes están entretidos entre xustificar o inxustificable, enrollados nunhas primarias que ninguén entende e dicindo por un lado que non facemos nada e por outro que facemos demasiado.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Rueda, a verdade é que non tiña o exame moi ben preparado, eu teño que recoñecelo, pero, aínda así, saquei un 5, porque de autovías non falou, pero de Cataluña si. Ben, 2 de 1, vén sendo un 5, así ramplonamente. *(Aplausos.)*

Fala vostede de amnistía. Eu a única amnistía que recordo así claramente, entre outras importantes que seguramente sairán ao longo deste pleno, foi a amnistía fiscal do señor Montoro, que beneficiou 31.500 defraudadores. *(Aplausos.)* Esa si que foi unha amnistía, señor Rueda.

E, evidentemente, claro que temos que falar de orzamentos. ¿Como non imos falar do orzamento, señor Rueda, se estamos a falar do mantemento dos servizos públicos? Parece mentira que un portavoz da oposición lle teña que explicar a vostede a estas alturas da súa vida política e de xestión que unha cousa está intimamente relacionada coa outra.

Mire, señor Rueda, vostedes lamentablemente representan un proxecto esgotado para Galicia, porque ¿que fixo o Partido Popular, ese Partido Popular ao que vostede representa nesta comunidade autónoma por Galicia? Pois voullo dicir eu. Votar en contra do que era bo para Galicia, votar en contra da subida do salario mínimo interprofesional, votar en contra da subida das pensións mínimas, votar en contra da propia lingua da Comunidade Autónoma, retirar axudas ás familias, como por exemplo a Tarxeta Básica ou a gratuidade de libros de texto, deixar sen executar 120 millóns de euros en fondos para vivenda, pechar colexios e non ofertar prazas en residencias públicas, e así sucesivamente.

E neste proxecto de orzamentos hai rebaixas en programas clave, como o da autonomía persoal e prevención da dependencia de persoas con discapacidade; reducen vostedes 11 millóns de euros. Reducen vostedes 12 millóns de euros en fomento da empregabilidade. Por certo, hai un informe, moi tranquilizador para vostedes como Goberno, das diferenzas entre a mocidade de Galicia e a mocidade do norte de Portugal en canto á empregabilidade; o informe é de onte, igual non tivo vostede aínda tempo de consultalo.

Señor Rueda, vostedes fíxense no que fan nestes orzamentos. Fan medidas tan populistas como o tema das axudas para o famoso chándal. Nós non estamos en contra do chándal, o que estamos a favor é de que haxa médicos; entre un chándal e un médico, prefiro un médico, francamente. *(Aplausos.)*

Mire, señor Rueda, o Partido Popular, de verdade que con estas medidas non lle interesa a Galicia. Vouno enfrontar a unha realidade, a ver se vostede no seu segundo turno de peche

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

se dá tempo, entre Cataluña e a amnistía, a contestarme por que, con todos os respectos por suposto persoais e políticos, á señora conselleira de Política Social e Xuventude lle van dar vostedes unha axuda de 250 euros para familias con dous fillos. ¿Iso parécelle a vostede razoable? A min non, a min non. A min pareceríame moitísimo máis razoable, seguramente, e seguramente tamén á propia conselleira, que a algunha familia, en vez de 250, lle desen 500 ou 1.000 euros, e a outras que non o necesitan non lles desen esa axuda, porque van vostedes con esas axudas universais... *(Murmurios.)* ¡Ah!, ¿que non lles gusta? Pero é que esa é a realidade. É o mesmo argumento, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* é o mesmo argumento, ao revés, que os libros de texto, porque para vostedes dar libros de texto gratuítos a todos, café con leite para todos, non é razoable, pero este tipo de axudas en ano electoral si son razoables. E esa é a realidade. *(Aplausos.)*

Señor Rueda, Galicia non é unha folla de cálculo. Mire, señor Rueda, mentres vostedes non atenden ás necesidades de Galicia e se dedican a invitar a cañas —por certo, a min de momento non me tocou, *(Murmurios.)* a ver se nalgún momento teño ocasión de desfrutar con vostede dunha caña distendida—, e mentres vostedes se dedican a ese tipo de cousiñas, nós, gústelle ou non lle guste, que xa sei que non lle gusta nada, e que están fondamente preocupados...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...imos devolverlle, máis pronto que tarde, a Galicia unha sanidade pública digna, con atención médica adecuada, porque imos reducir as listas de espera do Sergas; imos ter unha educación digna, sen pechar colexios e sen déficit de profesionais docentes; imos velar polo noso rural; imos devolver a gratuidade dos libros de texto; imos devolver á Galicia a ilusión que vostede lle ten quitado no último ano e medio da súa presidencia.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, o autobús leva un mes pero séguelle doendo bastante, ¡eh!, *(Risos.)* séguelle doendo bastante. Eu estou encantado, cada vez que fala do autobús fainos propaganda. Voulle dicir as próximas paradas para que nos siga facendo propaganda, vénnos moi ben, *(Risos.)* vénnos moi ben. Moitísimas grazas. Iso téñollo que agradecer dende o principio.

Mire, faime graza. Ou sexa, a vostede parécelle mal unha medida para axudar —estamos sempre falando da crise demográfica— as familias que teñen máis fillos. Iso non pode ser porque, se lla damos a todo o mundo, iso é discriminatorio e non é de xustiza social. En

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cambio, por exemplo, os 400 euros do Bono Cultural que lle dan vostedes a todo o mundo cando cumpra 18 anos, a todas as familias, iso está ben e iso é xustiza social, señor Álvarez *(Aplausos.)*. Sexa vostede un pouco serio.

Mire, eu creo que deberían facer un repaso do que vostedes fan antes de dicirme a min nada, para ter un pouco de coherencia. E, por outra banda, din: mire, preferimos un médico a un chándal. Primeiro, demostra vostede que non entende nada do que é a práctica deportiva, non entende nada do que son os gastos das familias con nenos que están federados e fan deporte. ¡Un chándal! E como ventilan todo aquilo que non entenden, aquilo que non lles convén, aquilo que cren que non lles da rédito electoral. Sempre teñen ese ton despectivo. Estano escoitando moitas familias. ¡Un chándal! Resulta que a axuda da Xunta para vostedes é un chándal. Pois eu dígolle unha cousa: van ter médico e van ter chándal os que o queiran comprar para que os nenos fagan deporte, señor Álvarez. *(Aplausos.)*

Mire, o que lle dicía antes: vostedes, que estiveron moi ocupados, xa sei que non lles gusta, porque ademais están aí as dúas familias da bancada socialista, e mire que non son moitos, pero cando falo de primarias hai que verlles as caras duns e doutros. Ocupoulles moito tempo, señor Álvarez. Son vostedes coñecidos todos estes meses por un proceso interno que foi moi entretido —e dígoo: eu estaba moi entretido— pero que non lles importaba aos galegos nin lles solucionaba absolutamente nada. E iso foi ao que se dedicaron. Entón, non tivo tempo. Agora vén aquí en catro minutos a querer facer un debate dos orzamentos. Encantado, estou moi orgulloso dos orzamentos que fixemos. Creo que van ser moi útiles. Comprenderá que non me dá tempo en catro minutos a debatelos, pero si a explicarlle —porque é que non os viu, ¡está claro!, coas cousas que di— algunhas das medidas que ten, que creo que son moi importantes.

Mire, hai menos impostos nos orzamentos —xa que quere falar deles—. A vostedes non lles gusta baixar impostos, gústalles subilos. Acaban de anunciar onte, outra vez, máis carga fiscal aínda, se é que iso é posible no Goberno central; pois resulta que vai ser posible. Nós aquí baixámolos, mantemos as baixadas doutros anos e volvemos baixar impostos. Baixa o ITP un 1 por cento máis. Imos ter a partir do 1 de xaneiro os impostos máis baixos para comprar un coche de segunda man. Vai haber máis axudas para as familias.

A vostede isto xa sei que non lle importa moito. Sempre ese xeito pexorativo de falar das familias. Pero ás familias gústalles que lles baixen os impostos, señor Álvarez. Por iso o facemos. Tamén ás que votan ao Partido Socialista, supoño.

Vai haber menos esperas para os proxectos industriais. É necesario captar os investimentos, que, se non, vanos captar outros; para iso tamén hai medidas nos orzamentos, señor Álvarez. Máis financiamento para iniciativas estratéxicas, un fondo público-privado. O empresariado confía nas comunidades autónomas onde hai estabilidade política, e Galicia diso pode presumir.

Vai haber máis medios humanos e tecnolóxicos nos servizos públicos fundamentais, nos servizos sociais, na sanidade pública, na excelente sanidade pública, da que vostedes sempre falan tan mal, na educación. En todo iso vai haber nos orzamentos, dos que vostede quere falar aquí sen telos visto antes.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vai haber máis descontos e máis vantaxes para as persoas maiores, que o merecen todo. Vai haber máis axudas para as persoas dependentes. Vai haber máis incidencia naqueles sectores máis masculinizados para que poidan entrar tamén a traballar cada vez máis mulleres. Vai haber máis apoio aos autónomos para que, sobre todo ao principio, cando o teñen máis difícil, se sintan acompañados pola Administración. Todo iso vaino haber nos orzamentos da Xunta de Galicia, que vostede quere criticar en catro minutos sen nin sequera telos lido.

O que non vai haber é nin máis apoio a partidos nacionalistas que non pensan en nós, nin intentar tapar vergonzas que vostede sabe que son vergonzosas e teñen que xustificalas porque teñen esa orde.

Por certo, resulta que a única amnistía da que vostede escoitou falar foi a amnistía do señor Montoro. Oxalá que non, pero temo que si, que lle terei que recordar moitas veces dentro dun mes isto que acaba de dicir: non hai máis amnistía que a do señor Montoro. Acórdese todo o mundo do que acaba de dicir o portavoz do Partido Socialista, dentro dun pouco... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Si, si, si. Mire, señor Álvarez, xa lle digo: comprendo que vostedes, cos seus líos partidarios, coas xustificacións que teñen que facer, cos recados que mandan de Moncloa, teña pouco tempo para darse conta de que aprobamos uns orzamentos históricos, uns orzamentos sen débeda, uns orzamentos que blindan os servizos sociais e uns orzamentos que van servir para que Galicia siga medrando.

En conclusión, miren, mentres seguimos tendo un eterno goberno en funcións que non cumpre ningunha das súas funcións, Galicia non para, Galicia, con este goberno, señor Álvarez, síntoo, pero si que funciona, mal que lle pese.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre como valora a eficacia do Goberno galego á hora de defender os intereses de Galicia ante o Estado

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rueda, eu véxoo a vostede moi preocupado polo que outros gobernos autonómicos son capaces de conseguir ante o Estado. E ten razóns para estar preocupado, porque, mentres outros conseguen investimentos, financiamento e proxectos, vostede está sentado na estación, parado, mentres a Galiza lle van pasando por diante un tren tras outro que perdemos.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Hai, desde logo, moitos exemplos da súa incapacidade política para defender os intereses de Galiza ante o Estado. Hai un mes o Goberno do Estado asinou con Andalucía —supoño que sabe que alí goberna o Partido Popular— un investimento de 350 millóns de euros para regadíos, que se suma aos 350 do ano anterior. En cambio, o señor Rueda non conseguiu nin un só investimento para Galiza. En 2021, que é o último ano do que temos executado realmente polos orzamentos, vemos como o Estado investiu en Madrid —tamén supoño que sabe que alí goberna o Partido Popular— 2.086 millóns de euros, un investimento, por certo, de 300 euros por habitante; en Galiza o investimento foi de 533 millóns de euros, 104 euros menos por habitante.

Si, mentres os seus compañeiros de partido, tanto en Madrid como en Andalucía, lle comen as papas negociando co Estado, ¿que consegue o señor Rueda para Galiza?, ¿que consegue, señor Rueda? *(Aplausos.)*

Pero sigamos. Transferencias, catorce anos, 0 transferencias; Andalucía, 11; Cataluña, 14; Euskadi, 26. Vostede, señor Rueda, 0.

E falemos, por exemplo, da xestión do litoral, porque nos últimos dous anos tanto Canarias como Baleares conseguiron esa transferencia e vostede é incapaz de conseguir esa transferencia para Galiza. Xa lle anuncio que o BNG vai traer de novo a proposición de lei para a transferencia do litoral. Espero que nesta ocasión rectifiquen e que deixen de boicotear o autogoberno de Galiza. *(Aplausos.)*

Pero temos moitos máis exemplos da súa asombrosa pericia para defender os intereses deste país. AP-9: nin conseguiu que sexa galega nin tampouco libre de peaxes. Iso si, as radiais madrileñas rescatáronse tamén con cartos de Galiza. Si, menos mal que o BNG conseguiu unha rebaixa histórica; vostede non conseguiu nada de nada, nin agora con Sánchez nin antes con Rajoy.

E, xa para rematar, como guinda da torta, temos o pasado debate de investidura fracasado de Feijóo, que se comprometeu con todas e cada unha das comunidades autónomas, cunha excepción, con Galiza, e vostede aplaudindo desde a tribuna, todo un símbolo de como entende o seu papel, señor Rueda. *(Aplausos.)*

Este é o balance da súa incapacidade para defender os intereses deste país, e por iso pregúntolle: ¿como valora a eficacia do seu Goberno á hora de defender os intereses de Galiza ante o Estado? E ben, por unha vez, quizais estaría ben, señor Rueda, que nos aforre isto de que a culpa de todos os seus problemas é do BNG, porque é un argumento un pouco vello, un pouco gastado.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señora Pontón, ¡vaia metáfora máis afortunada! A Galicia pásanlle diante os trens un tras outro. O problema é que non chegan os trens, señora Pontón, *(Aplausos.)* ese é o problema. Supoño que vostede, que dixo dende o primeiro día, sen pedir nada a cambio, que ía apoiar a investidura do señor Sánchez, estará entón de acordo co que anunciaron onte de que nos van quitar os avións, e os trens, xa veremos, cando sexa posible.

Fálame da transferencia da AP-9, pero ¿non era a medida estrela? ¿Non a ían pasar, grazas ao pacto que vostedes firmaron, o pacto ese sideral que movía os planetas, a autopista libre de peaxe? Agora resulta que o estimaron completamente, pero a culpa é miña; vostedes non teñen ningunha culpa, señora Pontón. *(Murmurios.)* Pero ¿non se dá conta de que hai que ser un pouco serio para falar destas cousas?

Resulta que o modelo, neste xiro de guión que vostede fai, son Andalucía e Madrid. Xa llelo direi aos meus compañeiros presidentes, que son o exemplo para o BNG, xa llelo direi. O malo é que non é certo. Sabemos cales son os seus exemplos, e fan ben, porque mire, xa lle dixen moitas veces: vostedes son o único partido nacionalista que xa non é que non conseguira nada de Pedro Sánchez, é que é o único partido que non consegue que Pedro Sánchez lle faga caso. Levan vostedes un montón de tempo implorando, dicíndolle, pero, claro, é que ¿que caso lles vai facer se o primeiro día dixeron que, con tal de que non gobernara Feijóo, vostedes apoian a Pedro Sánchez a cambio de nada, por certo, o mesmo que pasara nos catro anos anteriores? E así foi e así será, señora Pontón.

Polo tanto, ¡que me veña dicir que agora resulta que van presentar a lei do litoral aquí outra vez! ¡Oia!, pois teñen aí, mire para o seu lado, os seus compañeiros de bancada, que son os que decidiron impugnala. Nin unha soa crítica. Vostede non se atreve a dicir nada en contra de Pedro Sánchez, todo é culpa nosa. Se Pedro Sánchez non dá unha cousa, non é porque non queira dalo, está desexando beneficiar a Galicia, xa o vimos onte *(Risos.)* nese pacto para financiar Valencia, pero non ten a culpa de nada, a culpa é toda do señor Rueda, do Partido Popular de Galicia.

Vostedes, calados; vostedes foron timados unha vez; esta vez non os van enganar, porque nin sequera van intentalo, non lles fai falta. Son vostedes absolutamente intranscendentes, por moito que queiran chamar a atención do señor Pedro Sánchez. E iso é unha mágoa, de verdade, porque algunha cousa sempre se podía conseguir.

Agora, iso si, eu celebro que as cousas en xeral vaian ben en Galicia. Vostede sempre me pregunta o mesmo. Mire, na sesión de investidura fíxome exactamente a pregunta: ¿como valora a utilidade do meu Goberno á hora de defender os intereses de Galicia? E unhas cantas sesións despois, non moitas, pregúntame como valora a eficacia do Goberno galego á hora de defender os intereses de Galicia. ¡Que ben van o resto das cousas en Galicia, señora Pontón, que sempre hai que preguntar polo mesmo! *(Aplausos.)* Moitísimas grazas.

Eu comprendo que está vostede moi ocupada para ter que variar as preguntas. Eu vou intentar esmerarme un pouco máis nas respostas... *(Murmurios.)* Iso si, mire, si, si, a pesar de

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que sempre me faga a mesma pregunta. Vostede está sempre co número de transferencias. Eu prefiro discutir a calidade. E a calidade era que, despois do timo que lles meteron coa AP-9, polo menos tivera a decencia de dicir que, efectivamente, lles mentiron e intentaramos entre todos recuperalo outra vez. Decencia sería que, en vez de intentar xustificar o inxustificable, mentres se vai retorcer a Constitución para que entre calquera cousa que queiran os seus amigos independentistas de Cataluña, a Galicia mírase con lupa para calquera cousa e calquera cousa se lle recorre e vostedes calan como cómplices *(Aplausos.)*, porque non se atreven a dicir nada, e iso é non ser nacionalistas, señora Pontón.

Mire, vostede o outro día estaba moi enfadada porque ía ao Senado; en cambio, parecíalle moi ben que fora o señor Pere Aragonés. Pois menos mal que fun, porque fun alí escoitar como o seu socio, o seu amigo, aqueles que vostedes apoian a toda custa, viña dicir que a Cataluña se lle debía todo, que entre todos, incluída Galicia, había que pagarlle todo o que dicía que se lle debía, que non pasaba nada por quitarlle a Galicia para Cataluña. Pois mire, eu dende logo, como presidente da Xunta de Galicia, creo que a Autonomía e a capacidade autogoberno se defende dicindo que iso nin de broma, que non o imos consentir, e que se os seus socios, os seus aliados, aos que vostede non quere criticar, o van consentir e vostedes aplauden coas orellas, aquí está un partido para defender unha comunidade autónoma que ten que defender.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, véxoo a vostede moi enfadado, moi crispado co BNG, *(Murmurios.)* si, si, moi enfadado, moi crispado, si. Estaría ben que volva do Senado a Galiza, si, porque xa non está alí, señor Rueda. *(Murmurios.)* Si, e creo que tanto ir a Madrid non lle está sentando moi ben, porque fíxese: cada vez que vai a Madrid volve coas mans baleiras; iso si, para tapalo intenta responsabilizar e enfadarse co BNG. Desde logo, así non se solucionan os problemas deste país, señor Rueda. *(Aplausos.)* Menos enfadarse co BNG e máis exercer de presidente.

Aínda que, ben, se o pensamos ben, eu tamén entendo que ten motivos para estar preocupado e enfadado polo BNG, porque, efectivamente, vostede sabe que está no tempo de desconto *(Murmurios.)* e que en canto se convoquen as eleccións este país deixará de ter un presidente ao servizo do Partido Popular de Madrid e terá unha presidenta ao servizo dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* ¡Claro que si, claro que si! Menos traballar para o Partido Popular de Madrid e máis traballar para Galiza. *(Aplausos.)*

Claro —fíxense—, o señor Rueda xa está vendo o futuro, porque é que me pide a min que faga o seu traballo, *(Murmurios.)* pídeme a min que eu faga de presidenta. Vostede non consegue a transferencia da AP-9 e a culpa é do BNG. *(Aplausos.)* É que dixeron no 2009 que era

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

unha transferencia imprescindible. Gobernou o Partido Popular durante bastantes anos en Madrid e vostedes nin reclamaban a transferencia e o único que facían era ser obedientes cada vez que lles dicían que non. Porque ese é o problema: vostedes conciben Galiza como un pim pam pum, como un instrumento electoral, e non teñen realmente nin alternativas nin unha posición para darlle ao futuro.

E, mire, mentres non se convocan as eleccións, vostede é quen se senta nese banco azul. E hoxe volveu darnos outro exemplo máis da súa incapacidade política. Falou dos trens AVRIL. Ou sexa, trinta anos de atraso da chegada do AVE e a culpa de que non cheguen é do BNG, *(Aplausos.)* vostedes que estiveron durante moito tempo gobernando no Estado e gobernando na Xunta, e a culpa é do BNG.

Mire, se vostede non é capaz de defender os intereses deste país, non é culpa do Bloque Nacionalista Galego; é responsabilidade da súa submisión a Madrid.

E volveu falar da xestión do litoral. Pero ¡se vostede votou en contra neste parlamento da transferencia do litoral!, ¡se votou en contra de que se reclamaran todas as competencias que están pendentes no Estatuto! E isto unicamente parece que o conciben pois como un elemento máis do seu pim pam pum. Nós queremos que este país teña a capacidade para poder decidir sobre o litoral. E fíxense: outros son capaces de conseguilo, porque conseguiuno Canarias, conseguírono as Baleares, conseguiuno hai máis dunha década Andalucía; e Galiza non o consegue por culpa da incompetencia dun goberno do Partido Popular que non está defendendo os intereses deste país. *(Aplausos.)* Xa llo digo, señor Rueda: traeremos antes de que acabe este período de sesións, de novo, a solicitude de transferencia do litoral a Galiza. Agardo que vostedes rectifiquen e que deixen de boicotear o autogoberno deste país, porque é o que están facendo: boicoteando o futuro de Galiza.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señora Pontón, é que sempre na primeira parte da réplica estou enfadado, estou no tempo de desconto, non defendo Galicia. Esa é a pregunta que me fai sempre, a recorrente, iso tamén é a primeira parte.

Mire, señora Pontón, eu non lle pido ao Bloque nada, que consiga nada, por unha razón práctica: é que nunca conseguen nada. *(Murmurios.)* Cóntannos que conseguen moitas cousas. ¿É que vostede non se acorda desa rolda de prensa que deu —non me estraña que queira esquecela— onde nos contaron que lle dobraran o pulso ao presidente Sánchez na primeira lexislatura e que conseguiran un montón de cousas? Non conseguiron nada. Agora si con-

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

seguiron unha cousa: agora sentáronse con el na foto, tiñan tamén o señor Besteiro; iso non o contaron moito, que non quixeron que saíra na foto, parecíalles humillante, pero estaba alí. *(Murmurios.)* Si, si, iso non o queren contar, pero total ¿para que? Se o señor Sánchez o que lles dixo é que xa quedaría, se tal, outra vez. Pero, claro, despois está moi ben presentarse como os grandes conseguidores, pero cando non conseguen nada a culpa é miña, porque son o que teño que intentar conseguir aquilo ao que vostedes din que se compromete o Goberno —sen falar, por suposto, con nós— e ao final tómanlles o pelo. Non esperamos nada de vostedes.

Pero, mire, acaba de haber unhas eleccións. A pregunta era: ¿quen cren que defende mellor os intereses de Galicia diante do Goberno central? PP de Galicia, 25 escanos; Bloque Nacionalista Galego, 1. *(Aplausos.)* Señora Pontón, os galegos xa contestaron.

Agora dime que van traer aquí unha proposta para que nos transfiran a xestión do litoral e resulta que trouxemos unha aquí hai dous meses e non foron capaces de votala a favor. Entón, aquí ¿quen é coherente?, ¿pero quen ten as cousas claras? ¿Quen está todo o día no cálculo electoral sen atreverse a mirar nin a levantarlles a voz aos que saben que agora mesmo son os culpables de que a Galicia non veña nada, señora Pontón? ¿Que pasa? Nesa reunión que tiveron, onde estaba o candidato ao Partido Socialista —vostedes quixeron silenciar iso, porque lles parecía humillante, e non me estraña— e o señor Rego, ¿que lles dixeron? ¡Oia!, unha mínima crítica no Parlamento de Galicia do Bloque cara ao PSOE e xa nos olvidamos aínda máis, se é que iso é posible, que eu creo que non é posible. Supoño que foi o que lles dixeron; se non, non se entende; non se entende, señora Pontón.

Vostede sabe o que se está cocendo agora mesmo, o que se está cociñando, que é que todo o que lles van dar aos partidos, aos seus socios independentistas cataláns; iso hai que quitarllo a alguén e a Galicia vanlle quitar moitas cousas e xa estamos vendo sinais cada vez máis preocupantes. Vostedes, calados, absolutamente calados, nin a mínima valentía para levantar a voz minimamente, señora Pontón. ¿E a cambio de que? ¿De manter os pactos que teñen en Galicia e en todas partes? Pero é que vostedes falan do Partido Socialista como se non foran socios deles en todas partes. ¡Rompan con eles, que lles digo que van intentar apisoar Galicia unha vez máis coa súa complicidade, señora Pontón!

E vénnos aquí contar unha serie de historias... Mire, eu, de verdade, prefiro seguir facendo o que os galegos esperan de nós: seguir gobernando, seguir facendo uns presupostos que sirvan para solucionar problemas, para blindar servizos, para apoiar os emprendedores, para apoiar as familias, para apoiar os maiores; por certo, eses maiores que vostedes desprezan porque din que non saben votar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Dino moitas veces! *(Murmurios.)* ¡Dixérono moitas veces! Si, si. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois mire, nós imos seguir apoiándoos.

Ese carné que anunciei no debate do estado da Autonomía —que a vostede, por suposto, non lle mereceu ningún apoio— vai ter moitas vantaxes para as persoas maiores. E tenas en que a partir do 1 de xaneiro do ano 2024 todos os galegos e galegas maiores de 65 anos viaxarán gratis nos autobuses da rede de transporte público da Xunta de Galicia, señora Pontón.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(Aplausos.) E isto é o que esperan de nós, isto é o que se espera dun goberno responsable. Isto é o que a xente nos pide, e non cantilenas.

Vostedes sigan coas cantilenas, tapando os seus socios, as manobras que non van para nada no interese de Galicia, pensando que vostedes sempre son os máis listos e os demais non sabemos facer nada, pensando que a Galicia só se lle pode defender se a defende o Bloque Nacionalista Galego. Mire, dígollo con toda a calma, pero con toda a firmeza, porque é o que penso. Eu non son quen para darlle consellos, señora Pontón —e, por suposto, vostede na súa soberbia non os ía admitir nunca, íame dicir que estou enfadado se lle dou un consello—, *(Risos.)* pero, mire, vouno facer: máis humildade, sinceramente, máis pensar nos intereses da xente de aquí, máis medidas como a que acabo de anunciar, medidas efectivas que a xente agradece, e menos apoiar incondicionalmente a quen os vai volver timar e partidos independentistas socios seus que non pensan nada en Galicia e se pensan é simplemente para sacarnos cousas e dárllelas a eles.

O malo é que é coa súa complicidade. Iso é moi triste, pero os galegos tomarán nota e outra vez, mire, como mínimo, é que é imposible sacar un resultado de aprobado.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Polo tanto, eu, se repiten 25 a 1, doume por satisfeito.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(A señora Pontón Mondelo pide a palabra.)

¿Si, señora Pontón? ¿Para que quere a palabra?

A señora PONTÓN MONDELO: En base ao artigo 76.1, onde se fala de que...

O señor PRESIDENTE: ¿Perdón? ¿Artigo?

(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Perdón.

Primeiro, déanlle voz ao escano da señora Pontón, porque non escoitei. Agora.

A señora PONTÓN MONDELO: O artigo 76.1, que se refire a cando se fagan alusións ou inexactitudes a respecto dun grupo político. Dígoo porque o señor Rueda...

O señor PRESIDENTE: ¿Cal é exactamente a inexactitude?

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PONTÓN MONDELO: Se me permite, pois vou dicirllo.

O señor Rueda acaba de dicir que nós desprezamos as persoas maiores deste país. Creo que é unha afirmación..., *(Murmurios.)* primeiro, insidiosa; e, segundo, absolutamente falsa; e, en terceiro lugar, impropia dun presidente, que permita..., *(Murmurios.)* si, si, dun presidente, que, ademais, se por algo se ten destacado o Partido Popular nestes catorce anos, é por permitir que se faga negocio coa vellez. *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Polo tanto, señor presidente, pídolle que a retire. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Continuamos coas proposicións non de lei.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Non, non ten por que contestala. Queda constancia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, quedou constancia. *(Murmurios.)*

Vamos ver, el fixo unha alusión no seu momento no debate, eu entendino metaforicamente. *(Protestas.)* Un momentiño, por favor, *(Murmurios.)* a ver se eu entendín mal. Eu entendín que o señor Rueda, o señor presidente, dixo das persoas maiores que vostedes as desprezaban polo que votaban. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, polo que votaban. A ver se me falla a min a memoria. ¡Polo que votaban! *(Murmurios.)* Non, non, perdón, polo que votaban. *(Murmurios.)* Polo tanto, esa é unha discusión... *(Murmurios.)* Non, esa é unha discusión política. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, eu aí non podo entrar. *(Murmurios.)* Eu entendín... *(Murmurios.)* Iso é unha argumentación política. Non, eu aí non podo entrar, esa é unha argumentación política: polo que votaban. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, non é desprezo ás persoas maiores por ser maiores, *(Protestas.)* non, non, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* non, non, non...

Ben, se marchan, teñen liberdade para marchar. *(Murmurios.)* Aquí pode marchar o que queira. Isto é voluntario. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio. *(Murmurios.)* Silencio, por favor.

Imos continuar coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e oito deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central relativas á mellora dos servizos ferroviarios no eixe atlántico e na liña Ourense-A Coruña

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado José Manuel Balseiro Orol, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei, 60661 (11/PNP-004893).

Emenda de substitución:

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento insta a Xunta a dirixirse ao Goberno de España para demandar:

1. Que adopte as medidas necesarias para evitar a sucesión de incidencias, avarías, atrasos, falta de prazas e de servizos e masificación do tren en Galicia (Eixo Atlántico, Media Distancia e AVANT).

2. Que estude un axuste dos horarios ás necesidades das persoas usuarias e que aumente as frecuencias ferroviarias das conexións mencionadas nas franxas da mañá, de mediodía e estender os servizos de última hora nas conexións do Eixo Atlántico, AVANT e Media Distancia, como está a facer a Xunta no transporte público da súa competencia.

3. Que incremente as prazas nas conexións ferroviarias con maior demanda a fin de dar resposta ás necesidades de mobilidade dos galegos e galegas.

4. Que recupere os servizos ferroviarios suspendidos como consecuencia da pandemia da covid-19; e que fan que corredores coma o Coruña-Lugo-Monforte ou o Vigo-Ourense-Monforte teñan moitos menos servizos, así como os trens hotel ao País Vasco e a Cataluña.

5. Que informe das causas das numerosos incidencias e avarías producidas en conexións de tren como A Coruña-Ourense ou Santiago-A Coruña no mes de setembro, así como das medidas que prevé adoptar para evitalas no futuro.

6. Que aprobe a prórroga no ano 2024 do bono gratuíto e os descontos nos mesmos servizos de transporte público bonificados no ano 2023.

7. Que reciba as plataformas e organizacións de usuarios e usuarias de tren galego para escoitar as súas demandas.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Teño que comezar dicindo que acabamos de vivir un episodio de absoluto desprezo a este parlamento e á súa presidencia, *(Aplausos.)* cando estaba falando o presidente do Parlamento e o señor presidente da Xunta marcha do Parlamento. ¡Absoluto desprezo, repetido unha e outra vez, unha e outra vez! *(Aplausos.)* Marchou do Parlamento o presidente sen pedir desculpas cando estaba no uso da palabra o presidente do Parlamento. *(Aplausos.)* ¿Pode haber maior desprezo a esta institución? Así é como se comporta o presidente da Xunta, que non merece estar nese posto. ¡É unha auténtica vergoña!, ¡é unha indecencia! *(Aplausos.)* Non

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vale que conten aquí patrañas e mentiras, que larguen insidias; é que desprezan o propio Parlamento. *(Aplausos.)* ¡É unha auténtica indecencia, *(Murmurios.)* é unha auténtica indecencia! *(Pronúnciansе palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)* ¡É unha vergoña! É unha indecencia, e non o imos consentir. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Calma! Calma, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ¡Xa está ben!

O señor PRESIDENTE: Non, non, non, coidado...

O señor BARÁ TORRES: ¡Xa está ben!

O señor PRESIDENTE: Perdoe...

O señor BARÁ TORRES: Señor presidente, ¡xa está ben! Hai cousas que non se poden consentir...,

O señor PRESIDENTE: Perdoe, un momento. Perdoe, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...porque é un desprezo tamén á figura da Presidencia do Parlamento.

O señor PRESIDENTE: Ben, perdoe... Mire...,

O señor BARÁ TORRES: O señor Rueda marchou do Parlamento cando vostede estaba no uso da palabra. ¡É unha vergoña! *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* ¡É unha indecencia e un desprezo a esta institución! Non só non pediu perdón senón que marchou do Parlamento cando vostede estaba falando. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Tranquilidade. Eu pódolle garantir que eu non me sinto nada deshonrado, nada, en absoluto..., (*Pronúnciansе palabras que non se perciben*.)

O señor BARÁ TORRES: Ben, cada un, cada un... (*Murmurios*.)

O señor PRESIDENTE: ...nada en absoluto. Aquí hai a liberdade de marchar ou de non marchar. Eu o que lle respostei é co argumento... (*Pronúnciansе palabras que non se perciben*.) Non, por favor, silencio, (*Pronúnciansе palabras que non se perciben*.) silencio. Eu resposteille co argumento de que é un debate político. Eu dixen que o presidente —e está iso para comprobar— da Xunta dixo o desprezo aos maiores polo que votaban; ese é un debate político. (*Pronúnciansе palabras que non se perciben*.) Si, si, si, ¡home, por favor!, ¿cantas veces oín eu iso aquí?, ¿cantas veces o escoitei? Debate político. (*Pronúnciansе palabras que non se perciben*.) Entón, o que poida dicir despois vostede é outra cousa. O debate político foi o que dixo o presidente. (*Pronúnciansе palabras que non se perciben*.) Eu enténdoo como debate político, como cando vostedes ou alguén dixo que non saben o que votan os galegos. Ben, ¿que é: un desprezo aos galegos? Ímolo deixar aí. (*Pronúnciansе palabras que non se perciben*.) Silencio. Non, non, é

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que hai que escoitar. Dixo: polo que votan. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non. Polo que votan. Está iso para comprobar; cando queiran, pedimos a transcrición. E ese é un debate que se xerou moitísimas veces aquí. Se queren, tiramos da historia de como se falou dos que votan a un partido, dos que votan a outro, como poñen a xente cada vez que se cuestiona o voto; se queren, tiramos de hemeroteca e miramos o que se dixo aquí, que ao mellor ben cabreada está toda a sociedade. E imos deixar o tema aí. *(Murmurios.)*

Entón, señor Bará, cando queira. Descontareille o tempo.

O señor BARÁ TORRES: Si, aquí pon sete minutos.

O señor PRESIDENTE: Non, tranquilo.

O señor BARÁ TORRES: O que quero dicir aquí, na tribuna do Parlamento, é que o BNG nunca dixo que os maiores non sabían votar, que nos parece un auténtico insulto que se diga iso en sede parlamentaria e que non se rectifique.

O señor PRESIDENTE: Debate político.

O señor BARÁ TORRES: Ben, de paso, que alguén lle faga as contas ao señor Rueda, porque cada día di unha cifra dos representantes que teñen en Madrid; o outro día dixo 27, hoxe xa baixaron a 25; por favor, o encargado das matemáticas, *(Murmurios.)* que lle pase os apuntamentos ao señor Rueda, porque tamén hai que ter un pouco de rigor (*Aplausos.*), que estamos falando de cousas serias, un pouco de rigor.

Ben, imos ao tema, que é o tren. Imos falar do tren, do tren de verdade, do tren que usamos, que usan —quen pode— todos os días as galegas e os galegos. E se temos que falar do tren en Galiza en pleno século XXI, no ano 2003, temos que falar dalgunhas luces e moitas sombras, porque, efectivamente, hai moitas, moitísimas carencias en materia ferroviaria, moitísimas deficiencias, moitas zonas de sombra; hai zonas que nin sequera teñen tren e hai zonas que teñen vías pero non teñen trens, porque o Partido Popular, fundamentalmente na súa época do Goberno, encargouse de eliminar eses trens, esas paradas e esas estacións.

E nas zonas de sombra, desde logo, temos que falar do illamento ferroviario de Lugo, que é un auténtico escándalo a situación na que está Lugo en materia ferroviaria. Temos que falar da desconexión de Ferrol do eixo atlántico. Temos que falar da situación do tren de ancho métrico entre Lugo e A Mariña, ata Ribadeo. Temos que falar de Valdeorras. Temos que falar da liña do Miño, que vai polo Condado e por Ribadavia. Temos que falar da situación da conexión Vigo-Porto.

Temos que falar de todas estas zonas de sombra, de carencias e de insuficiencias. E hai outras liñas que están mellor, que se modernizaron, que melloraron nos últimos anos, como por exemplo o eixo atlántico, entendido o eixo atlántico entre Vigo e A Coruña, non ata Ferrol, non ata Porto; e tamén a liña entre Ourense e A Coruña. Tiveron melloras, pero hai que dicir que non é ouro todo o que reloce.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Para empezar, temos que denunciar que somos practicamente a única comunidade que non temos tren de cercanías, habendo dúas grandes áreas metropolitanas que teñen máis de quiñentos mil habitantes, que teñen todas as características para ter tren de cercanías, como teñen moitas outras, territorios do Estado con similares... —(*Murmurios.*) Interrompen un pouco, señores da mesa, e señoras—.

Dicía: Asturias, Cantabria, Euskadi, A Rioxa, Cataluña, Valencia, Murcia, Andalucía, teñen tren de cercanías e Galiza non ten. Ou si. A verdade é que hai un tren de cercanías en Galiza, que é a liña entre Ferrol e Ortigueira, que xa saben vostedes como está. Fíxense como está esta liña que, habendo gratuidade, porque está incluída na gratuidade, no bono gratuíto, practicamente non tivo incremento de uso. Isto di moito de como está esta liña e de quen é responsable de que estea así, porque hai responsabilidades compartidas, señoras e señores do Partido Socialista e do Partido Popular.

E nas liñas de tren que mellor están, que dixen que eran a do eixo Atlántico A Coruña-Vigo e tamén a liña entre A Coruña e Ourense, temos que dicir que se produce unha cousa que se chama o efecto túnel; é dicir, que hai moitas vilas intermedias que lles pasa ao tren por alí pero non teñen unhas boas comunicacións e uns bos servizos.

Por exemplo, por poñer un caso: Lalín; Lalín ten unha única parada no tren entre Ourense e Santiago. Ou moitas outras vilas do eixo atlántico como Cerceda, Padrón, Catoira e moitas outras que practicamente non teñen servizos, que lles pasan os trens pero non poden utilizalos.

E, no caso da liña Vigo-A Coruña, que é unha liña de alta velocidade —xa digo—, cunha modernización nos últimos anos, temos que dicir que hai moitísimas carencias. Primeiro, horarios inadecuados, que non se corresponden coas necesidades de mobilidade da xente en canto a traballos ou asistencia tamén a centros educativos. O caso do tren da Coruña-Santiago-Vigo é especialmente chamativo, escandaloso, porque sae o primeiro tren de media distancia ás 7 da mañá, cousa que é absolutamente antifuncional, para chegar a Vigo, por exemplo, a unha hora de apertura dos centros de traballo. Pero non é só isto, senón a frecuencia, de hora en hora, cousa que é totalmente irracional nunha liña que ten este nivel de demanda. Polo tanto, iso é necesario modificalo.

É necesario incrementar as frecuencias, porque co nivel de demanda, ademais agora que se demostrou coa gratuidade que hai moitísima demanda de uso do tren, é necesario incrementar as frecuencias e adaptalas, pero non adaptalas como fixo o Goberno central, aos horarios do AVE, que o que fixo foi empeorar os horarios, senón ás necesidades da xente.

E despois está a masificación, a saturación, que fai que sexa unha auténtica odisea conseguir praza sobre todo en horas punta, en horas de maior demanda. E iso resólvese incrementando a oferta ou incrementando as prazas, poñendo máis vagóns, e non se está facendo de maneira que satisfaga a demanda, porque, ademais, sábese perfectamente cando son eses picos de demanda en horas punta ou en determinados días en que aumenta a demanda do tren.

Na liña Ourense-Santiago-A Coruña hai practicamente exactamente os mesmos problemas que na liña entre Vigo e A Coruña. Por exemplo, horarios e frecuencias insuficientes. ¿Como

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

se pode explicar —e temos aquí varias deputadas e deputados que o sofren, igual que moita outra xente que non está neste parlamento— que o último tren de Santiago para Ourense saia ás 8 e cuarto da tarde-noite? É que isto non ten ningún sentido, sabendo as horas en que rematamos o traballo ou moita xente remata e ten que volver. ¿Como pode ser o último tren ás 8 e cuarto da tarde? É que, polo menos, para Vigo hai un tren ás 10 e media da noite. Pero isto non ten absolutamente ningunha lóxica.

Despois está a carencia de prazas que se produce nesta liña, porque coincide coa liña do ALVIA a Madrid-A Coruña e, polo tanto, esa liña ten unha altísima demanda e non deixa practicamente prazas para que poidan usar as persoas que se moven internamente en Galiza, para Santiago ou para A Coruña. Ou o mesmo pasa co tren Avant de media distancia, que tamén está combinado co AVE e, polo tanto, ten moi poucas prazas dispoñibles.

E ben, hai que recoñecer que houbo avances, que houbo melloras, que hai aspectos positivos. Un deles foi, precisamente, a aprobación do bono da gratuidade, que fixo que houbese un incremento exponencial da demanda e do uso do tren, houbo un auténtico boom, que o que demostra é unha cousa moi clara: que a xente quere utilizar o tren, que hai moitísimo interese, porque é un medio ecolóxico, porque é un medio social, porque é un medio do futuro e, polo tanto, hai moitísima demanda, cada vez maior demanda. Pero hai que acompasar a oferta a esa demanda.

E temos que falar, por exemplo, da liña Vigo-Santiago-A Coruña, que xa era no 2019 a liña de media distancia que tiña máis uso en todo o Estado, fóra do que son as liñas de Madrid e Barcelona. Polo tanto, é unha liña que se usa moitísimo, que en horas punta realmente parece o metro, e que necesita un impulso, necesita unha mellora, necesita un incremento de horarios e de servizos. Igual que a liña de Ourense con Santiago e coa Coruña, que tamén ten moitísima demanda e na que se produciu tamén un incremento moi grande da demanda e do uso.

E o que vimos facer nós aquí, basicamente, é traer as demandas, as peticións, que nos trasladan os colectivos de defensa do tren, que están desde hai meses dando unha auténtica batalla, nas redes sociais, nas administracións, petando en todas as portas, e que nós queremos ser hoxe aquí a súa voz para trasladar as súas peticións, que son ben sinxelas.

Primeiro, que se estude a adaptación dos horarios ás necesidades da xente, como están pedindo, que é razoable.

Segundo, que se incrementen as frecuencias, porque hai moitísima demanda. ¿Que mellor para un país, un territorio, unha sociedade, que ter un tren, un transporte público ecolóxico que atenda ás demandas e que resolva os problemas de conectividade e de mobilidade?

Terceiro, que se aumente a oferta de prazas nos horarios con maior demanda, que se sabe perfectamente —como dixen— cales son as horas punta, os días onde hai máis mobilidade, tamén estudantil.

Cuarto, a ampliación a 2024 dos abonos gratuítos do ferrocarril. Ben, isto anunciouse onte nun acordo entre os dous partidos, pero tense que poñer no BOE, que é onde conta, e aprobarse mediante o conseguinte orzamento.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E que o Goberno reciba as plataformas de persoas usuarias e de defensa do tren. É certo que as recibiu o delegado do Goberno, pero pensamos que un tema desta magnitude merece cando menos que os reciba un representante do Goberno central, do ministerio, do Mitma, que é quen ten as competencias nesta materia.

E quero tamén anunciar que imos aceptar as emendas que nos presenta o Partido Popular como engádegas, que fan referencia, cunha precisión e unha ampliación, a unha proposta que faciamos nós, que é a mellora nos aspectos dos abonos, porque nós faciamos só referencia aos abonos do tren e esta emenda tamén fai referencia aos descontos noutros modos de transporte, no transporte público. E tamén a que fai referencia á recuperación dos servizos suprimidos pola pandemia que aínda non foron recuperados.

Pero tamén queremos poñerlle deberes á Xunta, que parece que se desentende por completo do tema ferroviario, e por iso incluímos dúas peticións, que son, basicamente, para que se cumpra o previsto no Estatuto e para que a Xunta, a Consellería de Infraestruturas, na súa Dirección Xeral de Mobilidade, que parece que só a preocupa o transporte público por estrada, ben, que a preocupa malamente, porque sabemos como están as liñas de transporte, e xa vimos as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e o Tribunal Supremo, que lle sacaron as cores á Xunta por permitir unha situación de monopolio e un amaño...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ... de contratos por dúas empresas como Monbus e mais ALSA.

E tamén que, á parte de crear un servizo do ferrocarril como un departamento novo, un servizo novo da consellería, se desenvolvan as competencias previstas no Estatuto, e que Galiza acabe tendo competencias en materia ferroviaria. E non é pedir nada do outro mundo. No seu día o Partido Popular tamén o promoveu, pero despois, como lle deron as ordes pertinentes de Madrid, acabou renunciando a esta proposta.

Polo tanto, pensamos que son medidas necesarias...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...e medidas razoables para mellorar a situación do tren nestas dúas liñas en concreto, pero tamén en todas ás que fixen referencia.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Antes de dar a quenda ao seguinte grupo parlamentario, saudamos os alumnos e alumnas de 5º de primaria do Colexio Castelao, do concello de Ordes. Benvidos á Casa de todos os galegos.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Continuamos co debate, e ten agora a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular, o señor José Manuel Balseiro, por tempo de dez minutos.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señora presidenta.

Señor Bará, vino a vostede un pouco alterado, vino un pouco nervioso, e teño que coincidir con vostede, e teño que coincidir en que o señor presidente da Xunta foi moi prudente: dixo que vostedes desprezaban os xubilados. Eu diría: non, vostedes desprezan todos os que votan o Partido Popular, e iso díxose neste parlamento varias veces. *(Aplausos.)* Polo cal o presidente foi, cando menos, moi prudente. Desprezan, desde os 18 anos para arriba, todos os que votan o grupo maioritario desta cámara, polo cal desprezan unha gran maioría dos galegos e das galegas, que son quen votan o grupo maioritario, con 42 de 75 deputados nesta cámara.

E eu tamén diría aquilo que dixo vostede: é unha vergoña e unha indecencia que cando fala o portavoz de infraestruturas do Bloque Nacionalista Galego a señora Pontón, a líder do Bloque Nacionalista Galego, abandone o Parlamento, como fixo *(Aplausos.)*. É unha vergoña e unha indecencia, como fixo.

E entrando na materia que nos trae hoxe, señor Bará, se non fora porque temos boa memoria, a pesar de que tanto vostede coma min xa imos sumando algúns anos, non imaxinaría do seu discurso que vostedes son os socios destes señores do Partido Socialista, do señor Sánchez. Si, señoría, a señora Pontón e o Bloque Nacionalista Galego asinou co Partido Socialista un pacto de investidura polo que Sánchez está na Moncloa. Eu non sei se se acordan vostedes desta foto. Esta é a foto do pacto de investidura *(O señor Balseiro Orol mostra unha fotografía.)*. *(Murmurios.)* Temos aquí o pacto, o pacto de investidura; ímolo poñer aquí, señora presidenta *(O señor Balseiro Orol coloca unha fotografía no estrado.)*. Regaláronlle vostedes o voto, o Bloque Nacionalista Galego. ¿Saben a cambio de que? A cambio de nada, e, o que aínda é peor, en contra dos intereses de Galicia, é dicir, en contra dos intereses dos galegos e das galegas.

E sobran exemplos do inútil, do inútil que foi o apoio incondicional do Bloque Nacionalista Galego ao Partido Socialista e do apoio do Bloque Nacionalista Galego ao señor Sánchez. Fíxense se sobran exemplos: a AP-9, da que falou o presidente, e a AP-53 seguen a ser as autovías máis caras de España, cando vostedes as ían baixar, incluso ían sacar as peaxes. Priváronnos do financiamento para o corredor atlántico de mercadorías. A industria electrointensiva segue sen tarifa eléctrica competitiva. E o mellor exemplo precisamente témolo no desmantelamento ferroviario, cando prometeron facer todo o contrario do que fixeron.

Señorías do Bloque Nacionalista Galego, se vostedes o que queren pedir é o restablecemento dos servizos de ferrocarril que se indican na iniciativa, teñan por seguro que imos estar de acordo con vostedes, porque é unha reivindicación constante do Partido Popular e do Goberno de Galicia, que neste momento, ademais, está insistindo moito neste asunto, sobre todo tras os malos augurios do recente encontro co secretario de Estado de Competencias.

E señorías do Bloque Nacionalista Galego, e señorías do Partido Socialista, ¿saben que prometían vostedes no pacto de Ana e Adriana? Dicían vostedes —este é o pacto de Ana e

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Adriana *(O señor Balseiro Orol mostra un documento.)*, isto que ten aquí a señora Pontón e a señora Adriana—, e isto tamén vai para as señorías do Partido Popular: modernizar a rede interior ferroviaria galega, acelerando a modernización con actuacións concretas ao longo da lexislatura para os seguintes tramos —atendan, señorías, que isto non ten desperdicio—: A Coruña-Ferrol, A Coruña-Lugo, Vigo ata a fronteira portuguesa, así como a electrificación do treito Lugo-Ourense e a modernización da liña —da que falaba o señor Bará— de Feve que conecta Ferrol con Xixón.

Isto é o que dicían vostedes. Dicían máis aínda, ¡eh!, dicían máis, pero isto é o que dicían. E eu fágolle unha pregunta, señor Bará: ¿cal é a consecuencia de traizoar os intereses de Galicia a cambio de nada? E dígollo con total sinceridade. A chegada do AVE a Ourense, aínda que con atraso, hai que recoñecer que foi unha boa nova para Galicia e para os galegos e galegas, pero todas as forzas políticas teriamos que seguir traballando e reivindicando por que neste momento aínda non chegou o resto do AVE ás cidades galegas, menos a Lugo, que é a única capital de provincia á que non chega.

Necesitamos que cheguen, como mínimo, sete trens AVRIL, e que cheguen xa. Necesitamos que se recuperen as variantes dos Peares e Rubiá, que eliminou o Partido Socialista coa complicidade de vostede, e por iso non chega o AVE a Lugo, e necesitamos tamén que se recupere a variante de Betanzos no caso da liña da Coruña.

Señorías, hai que apostar pola alta velocidade, por suposto que si, pero sen desatender aos servizos ferroviarios convencionais. O ferrocarril tradicional ten unha importancia capital para garantir a mobilidade dos cidadáns e para revitalizar e vertebrar o interior de Galicia. A falta de interese do Goberno de España, que vostedes votaron a cambio de nada, converteu nunha exixencia mellorar as infraestruturas ferroviarias. É preciso e é imprescindible modernizar as instalacións e os trens, ampliar a oferta de prazas e contar con persoal cualificado e necesario, así como impulsar a intermodalidade para ofrecer un mellor servizo aos cidadáns.

Renfe está deixando centos de persoas tiradas nas estacións ou sen opción a sacar un billete. Non se confunda, señor Bará: o Goberno galego vén manifestando de forma reiterada, de forma directa e de forma contundente a súa opinión sobre a situación na que se atopan os servizos ferroviarios en Galicia, que son un exemplo significativo de precariedade, e ten solicitado aos seus socios do Partido Socialista, os socios do Bloque Nacionalista Galego, en repetidas ocasións e por diversos medios, o restablecemento dos servizos eliminados coa pandemia, cuestión que por certo vostede recoñeceu que non puxo na súa emenda, e todas as demandas caen en saco roto.

A Xunta presenta informes periódicos, que poñen luz e taquígrafos a ese desmantelamento, que se resumen en que Galicia aínda non recuperou o 22 por cento das súas principais conexións ferroviarias, unha cifra que se eleva ata o 28 por cento nos servizos rexionais que atenden a pequenas conexións intermedias. Os datos son penosos. Eixes como o de Vigo-Monforte perdeu ao redor do 75 por cento, e un 50 por cento na conectividade con Portugal, pasando de oito a catro servizos actuais.

En definitiva, o Bloque Nacionalista Galego está en posición de dar lecciónns sobre a reivindicación dun bo servizo de transporte ferroviario, pero non está en posición de dar ningunha

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lección sobre o tren, e por iso creo que a nosa emenda completa e mellora dun xeito significativo a súa iniciativa. Vostede xa o recoñeceu, vostede recoñeceuno, e, como o recoñeceu, señores, no día de onte dicía que estabamos a piques ou estabamos na parte final dunha lexislatura. Saben vostedes que, cando se convocan eleccións, os grupos políticos temos a responsabilidade de render contas diante dos cidadáns e de dicirlles o traballo que fixemos aquí durante estes últimos catro anos.

Vostedes, que son socios —e isto vai para as señorías do Partido Socialista e para as señorías do Bloque Nacionalista Galego—, vostedes, con este pacto, que foi o pacto da vergoña, vostedes que traizoaron a Galicia, que enganaron a Galicia e aos galegos, que todo canto está escrito no pacto foi papel mollado, vostedes non cumpriron nada. A pregunta é: ¿como vostedes van ter a cara de nas próximas eleccións pedirlles o voto aos galegos e ás galegas con esta traizón do pacto de Ana e Adriana?

Creo que vostedes con isto quedan retratados, e ademais ao Bloque Nacionalista Galego saíulle tan ben o pacto que foron os primeiros en anunciar, a cambio de nada tamén, a cambio de nada, con tal de que non gobernara quen gañou as eleccións en España, o señor Feijóo, que eles volverían apoiar un goberno, agora máis amplo aínda, máis amplo de independentistas, de Sumar, de restar, de Partido Socialista, de Bildu, cataláns, vascos..., ben, un rebumbio aí que, como comprenderán, iso, por moi ben que vaia, se chega a ser algún día, que hai dúbidas, máis que un goberno será un desgoberno, porque, se nos últimos catro anos xa tivemos un desgoberno en España, imaxinen vostedes.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Termino, señora presidenta. E, señor Bará, eu creo que imos chegar a unha transacción, señora presidenta. Iso si, nós non imos aceptar o do ente ferroviario galego. Non por nada, porque non sei se sabe vostede que todos os servizos de ferrocarril son deficitarios, e nosoutros non queremos que cos cartos dos galegos paguemos o que teñen que pagar todos os españois. Iso tamén para vostedes.

Así defenden vostedes Galicia, con posturas como estas. Agora, se vostede elimina ese punto, no resto non hai ningún problema, nosoutros chegamos a un acordo e votamos esta iniciativa.

Nada máis e moitas grazas, señora presidenta.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Balseiro.

Ten a palabra, en representación do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona Patricia Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Bos días.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A verdade é que, señor Balseiro, do tren pouquiño falou, ¡eh!, porque restar, Sumar, para adiante, independentismo, pouquiño falou. Incluso cando chegou aquí a esta tribuna o primeiro que fixo foi dicir que o Partido Popular defendía os xubilados, ¿eses que cobran unha pensión de xubilación, eses aos que vostedes lles dicían que non podían incrementar as súas pensións máis dun 0,25 por cento *(Aplausos.)*, porque non podían, porque non había marxe para facer esa subida conforme o IPC, que, por moito que digan que vostedes votaron a favor de revalorizar as pensións conforme o IPC, non é verdade? É que, claro, vostede veu aquí falar de todo, incluso da defensa que facían vostedes dos xubilados.

Falou de moitas cousas, falou incluso do corredor atlántico. Señor Balseiro, por primeira vez o corredor atlántico ten o mesmo financiamento nos orzamentos xerais do Estado para este ano 2023 que o corredor mediterráneo. Non acontecía o mesmo cando gobernaba M. Rajoy, máis diñeiriño para o mediterráneo e menos para o atlántico.

Chegou vostede a falar dese custo das peaxes da AP-9. Olvidouse de falar de que as bonificacións históricas nas peaxes da AP-9 chegaron baixo o mandato da presidencia de Pedro Sánchez. Vostede falaba dos prezos pero non falou das bonificacións.

Polo tanto, vostede, que dicía que cando se disolve o Parlamento e cando se convocan eleccións é hora de render contas, claro que deberán render vostedes tamén moitas contas, e a Xunta de Galicia tamén, porque nomeadamente hoxe, que a iniciativa que trae a debate o Bloque Nacionalista Galego fala do ferrocarril, do eixo atlántico, de media distancia, do Avant, do Feve, precisamente o Partido Popular mete unha emenda para que falemos tamén do autobús, porque di que se fagan as cousas dende o Goberno central tal e como está a facer a Xunta de Galicia no transporte interurbano, que é competencia da Xunta de Galicia. ¡Están vostedes para sacar peito!, ¡están vostedes para sacar peito co transporte interurbano competencia da Xunta de Galicia!

Porque eu propóñolle hoxe unha cousa: nós imos a votar a favor da iniciativa que trae a debate o Bloque Nacionalista Galego, pero as mesmas reivindicacións que se poden facer ao Goberno central, que eu recoñezo que hai que incrementar esas frecuencias, que eu recoñezo que hai que dotar de máis prazas, porque estamos a ver como os últimos meses hai unha saturación e hai xente que non colle praza neses trens, é unha realidade, non a imos a negar. Houbo unha serie de incidencias, tamén máis acumuladas no mes de setembro. Polo tanto, hai que adoptar as medidas para que non se volvan producir esas incidencias. Tamén o Goberno deberá de informar de cales foron as causas desas incidencias. Estamos de acordo en que hai que ter maiores frecuencias e horarios máis adaptados para poder conciliar a vida laboral e familiar.

Eu no que non concordo co señor Bará é que dicía que, claro, moitas veces non temos unha frecuencia ou unha liña de ferrocarril para poder ir dende o noso posto de traballo ao noso sitio onde vivimos, porque dos empregos en moitos sitios saímos ás 8 e cuarto ou ás 8 e media da tarde. Pois algo falla, señor Bará. Algo falla —digo—, porque non é normal que a maioría da xente saia dos seus postos de traballo ás 8 e cuarto ou ás 8 e media, porque así é imposible conciliar a vida familiar e laboral. *(Aplausos.)* Pero por iso aí cheira un goberno progresista presidido por Pedro Sánchez, que ordenará esa xornada laboral. Porque concor-

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

darán comigo en que non é normal que a maioría da xente saia ás 8 e media ou ás 9 de traballar. *(Murmurios.)* ¿É normal? ¿Vostedes están de acordo?, ¿están de acordo en que a xente teña eses horarios de traballo? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Claro! Nós temos outro horario bastante distinto, pero digámoslle á xente que despois queremos que teña familia, que teña tempo para os seus fillos, que teña eses horarios de traballo tan longos. Por iso estará un goberno que ordenará a súa xornada laboral, *(Aplausos.)* pese a que lle pese ao Partido Popular. Se non recoñecen que hai un problema con eses horarios, pois mal imos e mal avanzamos neste país en pleno século XXI. Eu sei que a vostedes lles gustarían máis outros horarios que recordaban outros tempos. Pero imos avanzar.

Polo tanto, como dicía, eu recoñezo que fan falta máis frecuencias, que fan falta máis prazas, que hai que resolver esas incidencias, que haberá que avanzar neses abonos gratuítos e tamén neses descontos en determinadas liñas, porque chégannos moitas familias que nos están a dicir que, grazas a eses abonos gratuítos e que grazas a esas bonificacións, pois poden empregar o tren.

Falábanos xente dunha familia numerosa que empregaba para vir traballar dende Vigo-A Coruña 290 euros ao mes, e que agora a día de hoxe é gratuíto. Polo tanto, o señor Bará dicía: ¿o tren quen pode usalo? Cada vez máis xente, tamén por esas gratuidades e por esas bonificacións postas en marcha polo Goberno central. *(Aplausos.)*

Dicía o señor Bará —e el recoñeceuno— que houbo certas melloras en determinadas liñas de ferrocarril, que non é ouro todo o que reloce. Nós concordamos en que hai aínda moitísima marxe de mellora e que hai que seguir traballando nesa senda. Como diciamos antes, son necesarias máis prazas, pero cómpre recordar, e independentemente de que vaiamos votar a favor desta iniciativa, tamén as verdades de que Renfe ofertou un 11 por cento máis de prazas agora neste ano que antes da pandemia; agora hai case 170.000 prazas semanais, 169.558 prazas semanais, fronte ás 153.014 do ano 2019. Non estou dicindo con isto que esteamos satisfeitos, pero aumentáronse. Non podemos tamén dar aquí o argumento de que se rebaixaron as prazas. Iso non é verdade. ¿Chegan? Pois a día de hoxe parece que non. Pero ¿por que? Porque se incrementaron tamén os usuarios do ferrocarril, tamén grazas —repito— a eses descontos e a esa gratuidade postos enriba da mesa polo Goberno socialista.

E, señor Bará, claro, é que estes descontos, esta gratuidade hai que financiala dalgún lado, hai que sacar os cartos dalgún lado. Entón, tamén estaría ben que, se vostedes están de acordo con esta gratuidade e con estas bonificacións, pois apoiaran e votaran a favor dos orzamentos xerais do Estado para este ano 2023, que permiten bonificar e dar eses abonos gratuítos, porque está moi ben pedir pero despois, cando hai que picar, pois xa vemos o que acontece.

Polo tanto, xa que meteu o señor Balseiro o tema do autobús competencia da Xunta de Galicia, vía emendas, porque a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego falaba de ferrocarril, pero, se quere, o mesmo que lle pedimos ao Goberno central maiores frecuencias, maior número de prazas, bonificacións, gratuidade, maiores frecuencias para poder conciliar esa vida laboral e familiar, maiores frecuencias que permitan á xente dos pobos ir á capital da provincia, ¿sóalle, señor Balseiro?, porque iso non está garantido co servizo de autobús com-

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

petencia da Xunta de Galicia; se vostedes están de acordo en pedirlle ao Goberno central esas melloras no ferrocarril, entendo que tamén estarán de acordo en pedir as melloras no autobús competencia da Xunta de Galicia. ¿Ou aí non?

O que lle pedimos ao Goberno central, porque está presidido por outro partido, doutra cor política, de acordo, tamén llo temos que pedir á Xunta de Galicia, porque ten que recoñecer comigo que é un fiasco o desenvolvemento dese Plan de transporte interurbano competencia da Xunta de Galicia. Porque non o di o PSdeG, porque o din os usuarios e as usuarias, que están constantemente mandando reclamacións á Xunta de Galicia, que están constantemente na prensa alertando de que non están cubertas as súas necesidades de mobilidade.

¡Ah! Aí son casos puntuais. Cando é competencia da Xunta de Galicia, os fallos do transporte interurbano no autobús competencia da Xunta de Galicia son fallos puntuais. Agora, se os fallos son do Goberno central, no tema do ferrocarril, é un fallo estrutural e un desastre e funciona relativamente mal. A ver, señor Balseiro, aclaremos: ¿o mesmo que lle pedimos á Xunta de Galicia pedímosllo ao Goberno central? ¿Está de acordo comigo? Aí si que veriamos que estamos realmente dándolles unha resposta ás necesidades de mobilidade dos galegos e das galegas, porque concordará comigo en que o ferrocarril é preciso, pero tamén é necesario o transporte interurbano competencia da Xunta de Galicia, ese autobús.

Ese autobús que permita a moitos veciños da nosa provincia de sitios máis rurais, de sitios máis pequeniños —poder ir a Lugo, por exemplo—, para poder ir ao hospital, para poder facer certas compras, para poder cursar os seus estudos. Ou o que falabamos o outro día, ¿os veciños e as veciñas de Láncara non teñen o mesmo dereito de poder ir, non ter que ir de pé pero poder ir sentados no autobús para poder cursar os seus estudos en Lugo? ¿Eses non teñen dereito, non? ¡Claro!, cando lle pedimos á Xunta de Galicia, hai que ficar caladiños e agochar as orellas.

Polo tanto —repito—, nós concordamos con que o que pide o Bloque Nacionalista Galego na súa iniciativa é de xustiza. Hai que seguir avanzando no transporte en ferrocarril, hai que seguir dándolles resposta a esas necesidades de mobilidade da cidadanía galega. Fixéronse moitas cousas, queda aínda traballo por diante.

Cómpre recordar que tamén a situación da que partiamos co ferrocarril na nosa comunidade autónoma non era a mellor, señor Balseiro. Chegou a falar vostede tamén do Feve, que pasa pola nosa comarca. Está vostede tamén para falar do Feve, porque a verdade é que o Partido Popular o deixou como o deixou, practicamente cunha sentenza de morte.

Polo tanto, a orixe da que partiamos era moi mala. Fixéronse cousas, sobre todo en aumento de frecuencias e mellorar determinadas liñas, sobre todo no tema do desconto e das bonificacións e da gratuidade, que axudaron moitas familias —e así o recoñeceron—, pero aínda queda moita marxe de manobra. Polo tanto, imos votar a favor desta iniciativa.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Otero.

Peche por tempo de cinco minutos. Ten novamente a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Señorías do Partido Popular, señor Balseiro, pasou vostede media intervención falando do BNG, de Ana Pontón; véxoos moi preocupados, moi nerviosos. Podémoslle aplicar aquela canción: Lo tuyo no es amor, lo tuyo es obsesión, con Ana Pontón, (Aplausos.) que rima: Lo suyo es obsesión.

E ¿sabe por que vostedes están obsesionados con Ana Pontón? Porque vostedes teñen os datos, vostedes teñen as enquisas e o que din as enquisas é que Ana Pontón é a líder galega máis valorada pola cidadanía, que é a máis valorada. Teñen as cifras e por iso a atacan tanto e por iso esa agresividade.

E claro, o que pasa con Rueda é que non lle dan as contas igual. Rueda ten baixa valoración e baixo nivel de coñecemento. Fíxense que baixo nivel de coñecemento ten que o confunden cun guardaespaldas cando vai aos actos do 25 de Xullo e noutros sitios aínda o confunden con outro tipo de personaxes, que lles podería contar o que se di por aí sobre con quen confunden o señor Rueda.

Por iso o nerviosismo seu e por iso esas manobras desesperadas para dalo a coñecer e para humanizalo, porque todo o mundo di que máis ben parece unha especie de robot. Entón, hai que humanizalo, hai que facelo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Que pasa? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non. Isto chámase pel fina, pel fina. Porque vostedes poden dicir aquí o que lles dea a gana e os demais temos que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Hai que saber encaixar, hai que saber encaixar, que llelo di moitas veces o presidente do Parlamento; vostedes teñen dobre vara de medir.

Miren, falan vostedes de desprezo. ¿Como se atreven a falar de desprezo vostedes, do Partido Popular, como se atreven vostedes a falar da AP-9? Quen despreza son vostedes. Vostedes desprezan as 20.000 persoas que todos os días se benefician dunhas rebaixas históricas conseguidas polo BNG da gratuidade na viaxe de volta da AP-9; esa é a realidade. E ¿que lles deben a vostedes? A vostedes débenlles subidas das peaxes cando gobernaron o señor Rajoy e a señora Ana Pastor; iso lles debemos. Débenlles a privatización da autoestrada, débenlles o veto á transferencia da AP-9, que vetaron reiteradamente a transferencia da AP-9. ¿Que nos están dicindo? E débenlles a ampliación da concesión en vinte e cinco anos, ata 2048, que fai que desde o 18 de agosto de 2023 todas as persoas usuarias teñamos que pagar peaxes vinte e cinco anos nunha concesión que todo o mundo, cada vez máis xente, di que foi ilegal. Isto é o balance do Partido Popular. Entón, no tema da AP-9 vostedes debían calar e pedir perdón, para empezar.

E miren, o tren. O BNG dixo aquí pois todas as cuestións que son melloras que hai que facer, insuficiencias, necesidades, que son atribuíbles ao Goberno central. Tamén falamos das melloras. Pero é que para vostedes parece que a historia comeza en 2018, que non hai pasado. O contador da historia do Partido Popular comeza en 2018. Entón, nós temos que falarlles do pasado, e o pasado é que vostedes cometeron o maior ataque ao tren, o maior trenicidio da historia deste país. Iso é mérito, responsabilidade do Partido Popular. Díxenllelo aquí moitas

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

veces. 2013, plan de racionalización do transporte ferroviario, supresión de 104 trens á semana. Isto non foi temporal por unha pandemia, foi definitivo. Supresión de 1.776 paradas en toda Galiza. Por iso a moita xente lle pasan os tres por diante pero non ten tren. Non me entendeu a portavoz do Partido Socialista, a señora Patricia Otero. E tamén eliminación de corenta estacións. Isto é mérito do Partido Popular, é o seu mérito, non se pode ocultar.

Vostedes foron historicamente os maiores inimigos do tren, non teñen ningunha credibilidade, non teñen ningunha autoridade, non poden vir aquí dar absolutamente ningunha lección nesta materia. *(Aplausos.)* Vostedes o que deben é estar calados e pedir perdón nesta materia.

E miren, nós imos seguir defendendo ter as competencias en materia ferroviaria e ter un ente ferroviario propio. Cando gobernemos, máis pronto que tarde, dentro de pouco tempo, crearemos o Galtren, a entidade ferroviaria galega. Vostedes tamén o anunciaron no seu momento e sacaron a licitación.

Miren *(O señor Bará Torres mostra un documento.)*: «A Xunta de Galicia —é unha nota de prensa da Xunta— «inicia os trámites para a creación do ente ferroviario público de Galiza», 2010. ¿Que pasou? Que naquel momento era posible, era necesario e despois xa non interesou. Pasou que no 2012, no 2013, gobernou o Partido Popular e botoulles todo baixo e vostedes achantaron. *(Aplausos.)* Dixeron *si, wuana,* porque non teñen capacidade para defender as competencias e o autogoberno galego.

E miren, o que vostedes non queren aceptar, para que se entere todo o mundo, é que isto non é crear un ente ferroviario galego; é o seguinte: instar a Xunta a crear un departamento ou servizo de ferrocarril dentro do organigrama da Dirección Xeral de Mobilidade; alguén que faga estudos, que faga proxectos, que analice o que está pasando no mundo ferroviario. É impulsar unha política ferroviaria propia que desenvolva as competencias prevista no Estatuto. É algo moi xenérico, que non compromete a crear xa un ente ferroviario galego. Se vostedes non aceptan isto, que o imos manter como parte do acordo, explíquenllo á cidadanía galega.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Avanzamos no punto 4, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Raquel Arias Rodríguez e seis deputados/as máis, sobre a reclamación que a Xunta de Galicia debe facer ao Goberno central para que cumpra o seu compromiso de axudar os enfermos de ELA e as súas familias

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda, a 61470, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (11/PNP-004899, doc. núm. 60713).

Emenda de modificación:

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España:

1. Axilizar o compromiso xa iniciado de investimento e axuda ás persoas enfermas de ELA e ás súas familias, e que manteña ou incremente a partida de 70 millóns de euros para enfermidades raras e, especialmente, ELA nos vindeiros orzamentos do Estado.

2. Elaborar dende o sistema público de saúde de Galicia un proxecto de atención integral ao paciente con ELA e aos seus coidadores e familias.

3. Elevar a dotación de fondos para a investigación biosanitaria dende o sistema público de Galicia, impulsando as accións específicas sobre enfermidades raras e, en particular, sobre ELA.»)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formulala, por tempo de dez minutos, ten a palabra dona Rosalía López Sánchez.

A señora LÓPEZ SÁNCHEZ: Grazas, presidenta.

Bo día a todos e a todas, señorías.

Gustaríame tamén dar os bos días e a benvida e o agradecemento aos representantes de AgaELA que hoxe nos acompañan, a Asociación Galega de Persoas con ELA de Galicia. Moitas grazas por ter a deferencia de atender á nosa invitación e por presenciar este debate, dos que vós sodes os protagonistas. Soamente dicirvos que espero estar á altura. (*Aplausos.*) Grazas.

A proposta que imos debater, realmente, é unha proposta que para min é transcendental; é transcendental porque fala, nin máis nin menos, que dos dereitos, da dignidade e do valor da vida humana ante calquera situación e calquera circunstancia.

A ELA foi unha enfermidade invisibilizada durante moito tempo. Na actualidade, afortunadamente, xa non é así; de feito, a Sociedade Española de Neuroloxía fala de que hai catro mil casos diagnosticados en España, de que de media se diagnostican tres casos novos ao día e de que é a terceira enfermidade neurodexenerativa, tras a enfermidade de Alzheimer e a enfermidade de Parkinson.

É unha enfermidade que afecta as neuronas motoras, é dicir, afecta as neuronas que enervan a musculatura; o que pasa é que, ao ir dexenerando a neurona, a musculatura vaise debilitando; cando a neurona morre, a musculatura paralízase. E o que ocorre é que se ve moi

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

afectada a mobilidade de todo o corpo e outras funcións, como poden ser a comunicación, a deglución e incluso a respiración.

Vense afectadas estas funcións. Non obstante, as outras neuronas permanecen intactas, polo que a capacidade cognitiva da persoa, a intelixencia, a capacidade de razoamento, a memoria, a capacidade de aprendizaxe permanecen intactas, e tamén os sentidos; a vista, o oído, o olfacto ou o tacto permanecen intactos. Isto fai que as persoas con ELA sexan conscientes da evolución da súa enfermidade, sexan conscientes dos cambios físicos que vai sufrindo o seu organismo, e, ás veces, isto ocasiona que algunhas persoas sufran cadros de sufrimento psicolóxico importantes e cadros tamén de ansiedade, que haberá que atallar o antes posible.

Desgraciadamente, polo de agora, aínda non hai unha cura para a ELA, pero si que houbo unha mellora na atención médica, si que houbo unha mellora nos tratamentos farmacolóxicos, que permitiron ralentizar a evolución da enfermidade, que permitiron paliar moitos dos síntomas asociados á enfermidade e que tamén permitiron mellorar a calidade de vida das persoas con ELA e tamén das súas familias.

A ELA é unha enfermidade que precisa dunha atención sociosanitaria e con coidados especializados con carácter permanente. E isto moitas veces, señorías, supón un esforzo persoal e unha carga económica para as familias e para os propios enfermos totalmente inasumible, de xeito que ao sufrimento físico e ao sufrimento psicolóxico se une a preocupación de non poder sufragar os gastos derivados da súa enfermidade, dos tratamentos para a súa enfermidade, e isto é inasumible para todas as familias.

¿Que fixo o Goberno central con respecto a esta situación? Pois miren, resúmollelo moi rápido, e ademais por orde cronolóxica. O 28 de febreiro de 2020, o presidente do Goberno, Pedro Sánchez —agora en funcións—, comprometeuse cos enfermos de ELA e coas súas familias a que ía mellorar o proceso de diagnose, que ía mellorar os tratamentos e que tamén ía mellorar a súa calidade de vida. Tres anos despois, tres anos e medio despois, o que fixo ¿saben que é? Nada.

Non conforme con iso, o 20 de outubro dese mesmo ano, a entón ministra de Sanidade —da que xa non me acordo do nome, porque foron tantos ministros en cinco anos que é imposible lembrarse— pois o que fixo foi volver reafirmar e ratificar ese compromiso diante de AdELAnte CLM, que é unha asociación de enfermos con ELA. ¿Cal foi a súa actuación posterior? Ningunha. Ata que o 8 de marzo do ano 2022 aprobouse, por fin, por unanimidade, no Congreso dos Deputados, a Proposición da lei ELA, que supuxo un primeiro paso, pero un paso de xigante, para poder mellorar a calidade de vida das persoas enfermas de ELA e das súas familias.

Unha lei que se baseaba en catro piares que tiñan moito que ver co social. Tratábase de asignar un grao de discapacidade no mesmo momento da diagnose, de asignar unha situación de dependencia no mesmo momento de diagnose, para así poñer en marcha xa os recursos asistenciais e non perder máis tempo en facer que os enfermos de ELA puideran ser usuarios do bono social eléctrico, porque hai moitas persoas con ELA que teñen que estar conectadas a un respirador as vinte e catro horas do día, e o respirador está enchufado á corrente, e iso

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

supón un gasto moitas veces —como digo— inasumible; e, por último, garantir a atención sociosanitaria domiciliaria, que lles fai falta con carácter permanente.

Non obstante, a tramitación desta proposición de lei dilatouse no tempo, dilatouse no tempo, dilatouse no tempo; houbo, nin máis nin menos, por parte do Goberno central corenta e nove prórrogas, dezaoito meses de bloqueo, máis de catrocentos días de bloqueo para esta proposición de lei, de tal xeito que rematou a lexislatura e a proposición de lei decaeu, coa conseguinte desesperación por parte dos enfermos de ELA e co conseguinte sentimento de frustración e sentimento de impotencia dos enfermos e das familias.

Vostedes, en realidade, eu creo que non tiñan ningún tipo de vontade de aprobar ningunha proposición de lei, ningún tipo de vontade. E, unha vez máis, deixaron á vista que os preocupan ben pouco as necesidades reais das persoas, sobre todo as que se atopan nunha situación de vulnerabilidade, como é o caso dos enfermos de ELA.

Outras administracións, non obstante, puxéronse mans á obra. De feito, por exemplo, no ano 2018 a Xunta de Galicia puxo en marcha, a través dun programa e un intensísimo traballo, coordinado entre a Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social, o proceso asistencial integrado. Foi pioneira en España, foi a primeira comunidade autónoma en poñer o proceso asistencial integrado en funcionamento, un proceso que o que permite é crear unha única ruta sociosanitaria para facilitar a atención integral aos pacientes que teñen ELA dende o primeiro momento, dende o momento da diagnose.

E os obxectivos deste proceso eran, nin máis nin menos —e son, porque se están cumprindo—, definir unha vía clínica en cada área sanitaria que garanta que a persoa con sospeita de ELA conte cunha primeira consulta en neuroloxía polo menos nos quince días seguintes. De feito, en Galicia reducimos en corenta e cinco días a proposta do Ministerio, que é de dous meses. Establecéronse tempos máximos recomendados para a realización de probas diagnósticas en relación coa ELA, que permiten diminuír deste xeito a angustia que supón estar á espera dun diagnóstico destas características. A adxudicación da Tarxeta AA, para que estas persoas con ELA poidan ter un trato preferente dentro do Sistema galego de saúde. Establecéronse consultas hospitalarias multidisciplinares de acto único; é dicir, son consultas para que nunha soa sesión se poida avanzar en aspectos diagnósticos, en aspectos do tratamento, posto que a ELA é unha enfermidade que non só depende do servizo de neuroloxía, depende de fisioterapia, depende de logopedia, depende de terapia ocupacional, depende de psiquiatría, de psicoloxía, e todos estes profesionais teñen que traballar coordinados. A nivel social abriuse unha vía preferente para que as solicitudes de dependencia da ELA sexan tramitadas en menos dun mes.

E, señorías, Galicia tamén foi pioneira en incorporar en todos os servizos de neuroloxía dos seus hospitais lectores oculares para que deste xeito se poida mellorar a comunicación e a autonomía persoal das persoas con ELA.

Señorías, somos conscientes de que non temos na man a cura da ELA, pero si temos na man poder mellorar a calidade de vida dos enfermos e das familias; si temos na man poder acompañalos neste proceso de adaptación á nova realidade, duro proceso de adaptación á nova

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

realidade; e temos na man implantar un modelo de atención que se pode converter nun paradigma na calidade dos coidados.

Ben, como xa dixen antes, a atención a un enfermo de ELA supón un gasto moitas veces inasumible. E, sendo conscientes disto, e consecuentes con isto, o pasado 5 de abril a Xunta de Galicia publicaba no DOG as novas axudas para persoas diagnosticadas con ELA; unha axuda de 12.000 euros ao ano por persoa, contando cunha partida de 3,2 millóns de euros neste ano. Son axudas que xa se están a percibir e con carácter retroactivo dende o mes de xaneiro. Deste xeito, Galicia convértese, outra vez máis, en pioneira, na primeira comunidade en dar axudas inmediatas e axudas directas para que os enfermos de ELA poidan mellorar a súa calidade de vida. *(Aplausos.)*

O obxectivo, señorías, é prestar apoio ás necesidades que van xurdindo a medida que evoluciona a enfermidade e reforzar as axudas que xa existían a través do sistema da dependencia. Con esta axuda económica pódense facer fronte a gastos como a alimentación, o coidado, a rehabilitación, a compra de material sanitario e a compra de material de ortopedia, como cadeiras de rodas, colchóns especiais, camas articuladas; o material de ortopedia está carísimo, carísimo, ademais non ten IVE reducido, é dicir, como se foran produtos de luxo, co cal a compra deste material moitas veces —como xa digo— vólvese inasumible. Así mesmo, servirá para adaptar fogares, mellorando a súa accesibilidade, ou adquirindo incluso elevadores ou vehículos adaptados.

O pasado 21 de xuño o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, avanzaba que máis dun cento de persoas xa solicitaran esta axuda de 12.000 euros ao ano para pacientes con ELA. Somos conscientes, señorías, de que 12.000 euros ao ano probablemente non cubran, nin moito menos, todos os gastos derivados das consecuencias dunha enfermidade como a ELA, pero tamén somos conscientes...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora LÓPEZ SÁNCHEZ: ...—si, acabo, presidenta— de que supón un grande apoio para eles.

Señorías, xa para rematar, falo de que todas estas medidas son medidas adoptadas por un goberno comprometido e un goberno responsable. Galicia abre un camiño que queremos que sigan outras administracións e outros territorios. E asegúrolles, señorías, que dende este grupo parlamentario lamentamos o desleixo do Goberno central para coas persoas con ELA; lamentamos o bloqueo de máis de dezaoito meses que fixo o Goberno central da Proposición da ELA, coa conseguinte mellora da calidade de vida que iso suporía para as persoas con ELA; e lamentamos que os vaivéns políticos paralicen unha normativa que pode mellorar enormemente a calidade de vida das persoas con ELA, asegurándolles o dereito a vivir libremente...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora López.

A señora LÓPEZ SÁNCHEZ: ...sen que esa decisión se vexa así condicionada polos seus recursos económicos.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, por todo o exposto, pedímoslle ao Goberno central que cumpra o seu compromiso de axudar os enfermos de ELA e as súas familias.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra don Julio Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e todos. Bo día tamén ás persoas que nos seguen hoxe dende a tribuna, e as que seguramente o poderán facer tamén a través da retransmisión do Parlamento.

Creo que corresponde, en primeiro lugar —e algo dixo a señora López acertadamente—, reivindicar o papel que se fai dende fóra da política, dende fóra da política activa de parlamentos, por parte dos colectivos que colocan, que ubican os temas na realidade social e que propoñen e moitas veces obrigan —no mellor sentido da palabra— a que a política se actualice e sexa quen de dar resposta ás realidades que ocorren, tan diversas en todo o territorio e en todos os colectivos de persoas, como neste caso fixeron, dende hai moito tempo, os colectivos de persoas afectadas por ELA e os seus familiares, que dende hai moito tempo contribúen a que este debate estea máis presente do que estaba —que non estivo, inmerecidamente para eles e para elas—, e ao que non se lle deu unha resposta política.

Creo que ese labor de visibilización, como dixo a señora Pérez, que fan, como moitas persoas coñecidas que aproveitan a súa visibilidade social, a súa presenza en medios (deportistas, periodistas, xente do mundo da arte), que sufrindo a enfermidade tamén contribúen a que se visibilice e a poder impulsar as accións, merece sempre un recoñecemento especial polo labor que fan, porque contribúen a que fagamos unha política máis útil nese sentido, e esa relevancia creo que é merecida para eles e para elas. *(Aplausos.)*

Porque, indiscutiblemente, falamos dunha necesidade. Isto creo que non merece a pena discutilo. Foi aquí explicada unha cuestión tamén perfectamente con óptica clínica, que creo que tamén é evidente e obvio e, polo tanto, non facemos máis que contribuír a ese debate, pero intentemos dar algunha solución, algunha visión dende o punto de vista da política sobre unha cuestión tan importante e dunha importancia tan evidente.

Nós imos ter sempre a man tendida. Isto eu creo que non cabe discutilo, porque sempre o facemos. Porque creo que, ademais, cando calquera grupo trae aquí a este parlamento calquera iniciativa que teña que ver cun colectivo de persoas afectadas pola patoloxía, pola afectación, pola situación que sexa, nós intentamos contribuír ás veces a enriquecer ou a aumentar os acordos, pero sempre contribuímos cos votos a favor. Nós sempre temos a man tendida.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vanme permitir especificar que non sempre recibimos reciprocamente o mesmo, non sempre o recibimos. E podo falar, por exemplo, no eido de enfermidades raras, porque é un eido moi parecido. Nós temos plantexado neste parlamento avances sobre pacientes con síndrome de Behçet, votados en contra polo Partido Popular; con linfedema, votados en contra polo Partido Popular; con extrofia vesical, votados en contra polo Partido Popular; propostas para mellora sobre colectivos ou pacientes de fibromialxia, de epilepsia ou de endometriose, que se votaron a favor pero os colectivos levan reclamando anos que nunca se cumpre nada.

Nós imos estar a favor de todos os avances que poidamos, contribuímos a través diso. Gustaríanos que, coa mesma sensibilidade que se pide, acertada, coa mesma sensibilidade que se pide o apoio a unha iniciativa coma esta, que nós imos ofrecer, tamén se tiveran en conta iniciativas que traemos sobre outros colectivos, porque os colectivos non son de ninguén e porque unhas veces atopan nun partido un eco o máis rápido posible para traelo ao Parlamento e outra vez atopan noutro, pero iso non os pode condenar a que se lles aproben unhas iniciativas ou outras, porque sería demasiado necio, e entendemos que iso non é o obxectivo e non pode ser.

Polo tanto, nós imos intentar non só apoiar senón mellorar esta iniciativa, si, claro, indiscutiblemente, e adiante con iso. Por tanto, eu vou explicar por que.

Primeiro, porque creo que hai que facelo ben. Facelo ben quere dicir que sexamos realistas coa situación. ¿A política ten fallado ás persoas afectadas e ás familias con ELA? Si, si. ¿É posible melloralo? Si. ¿Ímolo facer ensuciando o debate? Seguro que non. Entón, eu creo que hai que recoñecer algunhas cousas, porque eu escoitei un debate que nalgunhas cousas me pareceu atinado, intelixente, hábil e ademais que pon un elemento central no foco do debate, pero nalgunhas partes da intervención que escoitei pareceume que se instrumentalizaba algo, e non creo que debera ser a intención, e dende logo, aínda que o pareceu, imos intentar resolvelo, porque hai algunhas cousas que se contaron que de feito non son certas.

Entón, para intentar facelo coa maior das delicadezas, a atención sanitaria, o diagnóstico, o tratamento é unha competencia autonómica. A atención ás familias e ás persoas que necesitan axuda no eido da política social é unha competencia autonómica. Por tanto, intentar dirixir unha iniciativa soamente —que non digo que non sexa necesario en parte— ao Goberno do Estado é trampear a responsabilidade que ten un goberno autonómico.

Permítanme dúas reflexións sobre isto. Primeiro, se tan importante era en 2020, que o era, xa o era antes, nós non imos facer unha crítica e non é criticable que o Goberno de Galicia só quixera tomar algunha medida en 2023. Non imos facer esa crítica, porque é difícil, porque xa estamos chegando tan tarde que toda é benvida. Pero tamén menciono o orzamento, que estamos nestes días recibindo e imos empezar a debater, que inclúe partidas específicas para asociacións —vou poñer dous exemplos: familiares de Alzheimer ou autismo Galicia—, con miles de euros para as asociacións e non as recolle para ningunha asociación de pacientes ou familias con ELA. Non é fácil, tampouco imos facer cuestión disto, non é unha crítica.

Quero facer unha mención sobre o feito de que pintar unha realidade como «que bos somos algúns e que malos malísimos, con mala intención, son outros» eu creo que ensucia e ins-

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

trumentaliza un debate e faino moi feo, moi feo. Como intentar agochar algunhas cousas, que sendo claramente mellorables dende o Goberno do Estado, ou intentar falsealas, non é certo e, ademais, non está ben.

Existe unha guía de tratamento sobre a ELA, incumprida en boa parte, de 2009. Eu non me vou poñer tampouco a repasar ministros ou ministras nin quen gobernaba. En 2019 —lembren: de 2009 a 2019 hai un espazo de tempo no que pouco se avanzou— hai unha actualización da carteira de servizos que facilita a implantación de lectores ópticos. Tampouco vou entrar no debate, pero dicir que Galicia foi pioneira é falaz, de feito porque nalgúns casos tardou moito máis que outras. Insisto: non é criticable, é unha realidade, porque é difícil xestionar. En 2022 existe xa traballando un grupo de traballo con varios ministerios implicados, que estiveron reunidos cos colectivos. En 2023 —orzamento que se aproba en 2022 e que o Partido Popular vota en contra— existen partidas directas para enfermidades raras e nalgún caso específicas a axuda a pacientes con ELA; insuficientes; 70 millóns en concreto, 50 de fondos propios e 20 do PERTE de saúde de vangarda; insuficientes, si, pero existen. Podemos criticar que son insuficientes, pero dicir que hai unha xente que non fixo nada, cando todos os avances políticos se fixeron baixo gobernos da mesma cor, eu creo que é falaz. Insisto: insuficientes e moi mellorables.

¿Por que falsear? Sendo importante reivindicar as melloras, ¿por que falsear? ¿Que necesidade hai de mentir nuns debates ou intentar atacar innecesariamente só para debater no Parlamento de Galicia sobre cuestións que teñen que ver co Estado —como se non se puidera debater do Estado e non se debatera o suficiente, que seguro que tamén é mellorable— soamente coa intención de que dentro dun discurso importante e necesario, e ben fiado dende o meu punto de vista, sobre unha cuestión importante —consideramos nós— se utilicen algunhas partes dese discurso para atacar un goberno soamente porque é do Partido Socialista? *(Aplausos.)* ¿Por que?

E como todo o anterior sendo mellorable por parte do Goberno do Estado, pero aí están os avances, e sendo mellorable por parte do Goberno autonómico, pero aí están os avances, que nós recoñecemos e sobre os que nós nunca puxemos ningún punto nin coma enriba, é máis, nin sequera fixemos nunca ningunha crítica, porque entendemos a dificultade e recoñecemos os avances, nós o queremos facer hoxe é non só estar a favor senón facer unha proposta para contribuír a algo máis, xa que ademais a Xunta de Galicia ten competencias directas sobre cuestións que poden afectar este colectivo de enfermos de ELA e os seus familiares e coidadores.

Por exemplo, si, imos manter unha reclamación ao Goberno do Estado, máis ambiciosa que a que propón o Partido Popular, máis ambiciosa, porque nós eximimos evidentemente axilizar ese compromiso que demanda o Partido Popular, axilizar o compromiso xa existente, pero, ademais, xa que nos orzamentos existen parte deses fondos condicionados a fondos europeos, é dicir, que o ano que vén poden non estar, nós o que demandamos ao Goberno do Estado é que manteña os fondos e que se busque a vida, pero que os manteña, e, se non ten fondos europeos, que os poña con fondos propios.

E isto é o que di a nosa emenda. A nosa emenda di non só axilizar, o que plantexa o Partido Popular, que está ben, senón que nós dicimos que os fondos que se destinaron este ano se

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

manteñan ou se incrementen, nunca se reduzan. Propoñemos votar isto e non entenderiamos que non se aceptara a emenda.

Pero, ademais, varias cousas máis. Que elaboremos un sistema integral de atención, por exemplo, o modelo que ten Castela-A Mancha, que ademais estivo financiado con fondos europeos. ¿Por que? Porque é moi interesante. Eu non vou entrar nos debates de dicir que aquí todo o que facemos é pioneiro. Igual hai que utilizar menos argumentos da consellería e intentar entender o que fan outros lugares, que ás veces, se rebaixamos un pouco o ton de altanería, somos capaces de entender que hai outros sitios que ás veces fan cousas ben, tamén mal, ¡eh, que aquí tamén facemos cousas ben. Pero hai outros lugares que fan proxectos que estiveron ben financiados. Alí presentáronse algúns dos avances, por exemplo, hai menos dun mes —cando dicimos: non, o Goberno non fixo nada—; hai menos dun mes estábanse presentando os avances, colaborados polo Goberno do Estado, pero cunha comunidade autónoma que impulsou como Castela-A Mancha.

E, por último, elevemos a dotación de fondos para investigación biosanitaria. Se de algo estamos convencidos dende o noso grupo é de que a investigación biosanitaria é a que nos vai axudar a dar mellores solucións. Poñamos os medios para resolver todo o posible agora, todo o posible...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...pero poñamos os fondos para saber o suficiente para mañá chegar antes, resolver máis, e o día de mañá, a ser posible antes que pasadomañá, sexamos quen de combater suficientemente unha enfermidade que é moi grave.

Aspiramos a que se acepte e pechamos agradecendo novamente o labor que fan os colectivos e que nos saben poñer os puntos sobre os is, como se di vulgarmente, ou botarnos a bronca de vez en cando facemos as cousas mal, que moitas veces tamén é.

Agradecendo a atención e desexando que poidamos darlles unha boa solución, moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Antes de máis, trasladar un saúdo ás persoas enfermas de ELA, ás súas contornas familiares e de amizades e tamén ás asociacións, polo labor que fan, que é fundamental facer estratexias comúns, conxuntas, para avanzar en acadar solucións.

Porque, efectivamente, padecer esclerose lateral amiotrófica é un auténtico drama, como xa se dixo, unha enfermidade neuronal dexenerativa que avanza moi rapidamente e que fai que

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

unha persoa pase de estar sa, de estar coa súa actividade normal, coa súa actividade laboral, a pasar a un grao de dependencia ou de incapacidade e polo tanto de dependencia enorme.

Os datos están aí, e son realmente moi duros, porque desde o inicio da enfermidade arredor do 50 por cento falecen en menos de tres anos e un 80 por cento en menos de cinco, e no mellor dos casos hai unha porcentaxe elevada que en menos de dez anos.

É certo que nos últimos anos se ten producido algunha mellora nos tratamentos para os síntomas. É unha enfermidade que non ten cura, pero tense avanzado no tratamento dos síntomas e nos tempos de diagnóstico, e iso pois contribúe a mellorar un pouco a calidade de vida de moitos dos doentes. Pero, aínda así, como dicía, non existe tratamento curativo. Entón, trátase dunha enfermidade que trae moita preocupación.

E, polo tanto, o BNG vai apoiar todas aquelas iniciativas que vaian na dirección de avanzar en que haxa solucións e en mellorar esa calidade de vida, tanto dos enfermos como das súas contornas. E, polo tanto, hoxe o Partido Popular trae aquí unha iniciativa, moi escueta, que demanda reclamar ao Goberno de España cumprir co seu compromiso de axudas aos enfermos de ELA e ás súas familias. Ningún problema en demandarlle ao Goberno do Estado que cumpra con iso.

Pero, dito isto, tamén teño que dicir que o que non concordamos é coa instrumentalización que pretende facer o Partido Popular do uso do drama das persoas que padecen ELA. Porque ¿ten responsabilidade o Estado, o Goberno do Estado? Pois si, si ten responsabilidade. Ten responsabilidade, a empezar por un infrafinanciamento das comunidades autónomas, fundamentalmente no que nos atinxe a Galiza. Ten responsabilidade en que a atención á dependencia non transfire os fondos precisos e contemplados na lei ás comunidades autónomas para esa atención á dependencia. Mais teño que dicir que nestas cuestións o Partido Popular partilla a posición que está mantendo o actual Goberno, un actual goberno que está nun proceso de recentralización de competencias que tamén partilla o Partido Popular.

Polo tanto, a min paréceme realmente preocupante que en temas como este se veña dar un discurso nun lado e outro noutro. E insisto en que é así e que na ampliación da carteira de servizos, tan necesaria para que cuestións como estas non haxa que estar demandándoas a cada colectivo, a cada nova enfermidade, senón que teñamos unha carteira de servizos suficientemente ampla para que a atención á dependencia estea suficientemente dotada e non ter que andar buscando excepcionalidades, ter unha carteira de servizos o suficientemente ampla para que a atención sanitaria se poida prestar con todas as condicións, require tamén dun financiamento. E aí o Partido Popular non quere oír nada do financiamento xusto que lle corresponde a Galiza, non quere oír nada de que nós recademos en Galiza para investir no que nós consideremos que é importante. Non quere oír nada diso, porque lle é funcional, mentres hai diferentes gobernos aquí en Galiza ou no Estado para intentar meter o dedo no ollo.

E esta iniciativa tamén vai moito de investimento sanitario, sobre canto se inviste en sanidade no Estado español ou en Galiza, e eu teño que dicir unha vez máis que é insuficiente en xeral. Hai un investimento no Estado insuficiente e en Galiza pois está aínda por debaixo da media do que se inviste no Estado.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Entón, presenta esta iniciativa o Partido Popular, na que na súa exposición a deputada señora Pérez falou de que o que están demandando é que se cumpran cuestións como o grao de discapacidade no momento do diagnóstico, o grao de dependencia. Claro, pero é que as competencias para determinar o grao de discapacidade e a dependencia son da Xunta de Galiza. ¿Que lle impide á Xunta de Galiza no momento en que hai un diagnóstico que nese momento tamén se determine o grao de discapacidade e polo tanto o nivel de dependencia? Non llo impide absolutamente nada. Moi ao contrario. O que fai o Goberno do Partido Popular é ter miles de persoas esperando anos para ese diagnóstico. ¿Que agora está tomando medidas para axilizar cuestións tan graves como esta? Nós parabenizámonos, pero é que o ten que estar facendo en xeral para os enfermos de ELA e tamén para outros moitos grandes dependentes que esperan anos, ou que acaban morrendo sen que lles chegue esa axuda. Entón, eu pido aquí un pouco menos de demagoxia. *(Aplausos.)*

Pide un bono social eléctrico, sobre todo para enfermos que evolucionan moi rápido e que chegado un momento teñen que estar conectados a respiradores, a dispositivos eléctricos, que teñen un alto consumo. E estamos de acordo, pero tamén estamos de acordo en que Galiza teña unha tarifa eléctrica galega, porque estamos falando do prezo da electricidade, que nós tiñamos que ser compensados por ser produtores, e porque poidamos nós aquí decidir como xestionar a nosa enerxía, e o Partido Popular non quere saber absolutamente nada destas cuestións, e logo vén usar dramas como o dos enfermos de ELA para dicir que hai que establecer bonos eléctricos.

Pero tamén ten competencias a Xunta para facelo, non ten que reclamarlle ao Estado, ten competencias para facelo. Entón, eu o que lles digo é que o fagan, que o fagan sen ter que estar usando cuestións tan dramáticas como isto.

Estamos falando de atención. Pide que haxa unha atención sociosanitaria a domicilio e acorde. Pero ¡é que as competencias para iso son da Xunta de Galiza! Para iso teñen que ter unha atención primaria ben dotada, para iso teñen que ter os equipos de Hado —que son os que fan atención a domicilio— ben dotados, e que poidan chegar a calquera parte, non soamente aos raios máis próximos das cidades ou onde están os hospitais, que poidan chegar ao conxunto do país e que as persoas que o necesitan, e especialmente as de gravidade como a ELA, non teñan que andar pedindo case favores para ser atendidas. E é competencia exclusiva da Xunta de Galiza. ¿Por que non o fan?, ¿por que non o fan?

Tamén o Partido Popular, que está moi coordinado, e paréceme moi ben, pois está traendo este tema aquí, levouno ao Congreso e levouno ao Senado hai uns días, entón, pide accións formativas para os profesionais. E estamos de acordo, pero é competencia da Xunta. Por favor, fágano e non veñan aquí dicir que é competencia doutros.

Están pedindo que se aumente o tema da investigación e un rexistro a nivel do Estado de ELA. Paréceme moi ben que haxa un rexistro a nivel do Estado, pero ¿por que non un rexistro a nivel de Galiza? ¿Por que non coñecer en Galiza cal é a situación, cantos enfermos e enfermas hai, para coordinar os recursos necesarios? ¿Por que non? ¿Por que non impulsar a investigación en Galicia na parte que lles toca? ¿Por que soamente lle demandan ao Estado? ¿Por que non fan o que lles corresponde a vostedes, señores e señoras do Partido Popular?

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E eu de verdade que tamén lamento que o Partido Popular cabalgue sempre co tema de que son os primeiros e os pioneiros. ¡É que non é certo! Non, porque hai cousas xa feitas noutros lados, porque en Cataluña xa teñen por exemplo un médico de referencia, que me parece que podían tomar nota porque me parece fundamental, que se ocupa de absolutamente todos os trámites, de estar en contacto co resto dos profesionais do diagnóstico, para que os enfermos e as súas familias non teñan que andar peregrinando polas diferentes consultas e seccións, porque ese profesional ocúpase de facer esa coordinación e no momento do diagnóstico xa valorar que nivel de dependencia e que recursos habería que asignarlle. Pois podían facelo.

Ou no País Vasco, que teñen un protocolo entre as diferentes consellerías para coordinarse, que non teñan que andar os enfermos e as familias dunha consellería a outra, porque isto depende de política social, porque isto depende de sanidade, porque isto depende de desgravacións fiscais. ¿Por que non o fan? Teñen competencias para facer absolutamente todo isto que están demandando aquí.

Dito isto, ¿que lle reclamen ao Goberno o que non fai? Estamos de acordo. Desde logo criticaremos, todas as veces que faga falta, que unha admisión a trámite dunha lei feita en marzo de 2022, unha proposición non de lei presentada polo Grupo Cidadáns, que xa non existe, foi admitida a trámite e que levaban corenta e unha prórrogas cando se disolveu o Congreso en xullo deste ano e quedou sen debater. Pois claro que non compartimos iso. Nin isto nin a transferencia da AP-9, nin outras moitas cuestións que, cando non interesa, practica o Partido Popular e practica o Partido Socialista.

E claro que estamos de acordo en criticar esas cuestións, pero ao que non poden vir aquí é a agocharse, parecendo que todo o que hai que facer depende doutros, porque, aínda que vostedes non acreditan e gustaríalles disolver o Goberno da Xunta, temos un goberno e temos unhas capacidades, limitadas desde o punto de vista do BNG, insuficientes do punto de vista do BNG, e por iso traemos aquí continuamente iniciativas para aumentar esas capacidades. Pero téñenas, e no caso de sanidade ou política social teñen esas competencias.

E eu, polo tanto, aquí todo o apoio do BNG a todas as medidas que se poñan en marcha, todas aquelas que consideren necesarias que impulsemos, pero un pouco menos de demagoxia e non usar o drama dos enfermos de ELA para intentar confrontar co Goberno do Estado. É realmente repudiable que o fagan así.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo autor da proposición non de lei, señora López Sánchez.

A señora LÓPEZ SÁNCHEZ: Grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Bo día.

Antes de empezar co meu turno de réplica, gustaríame recalcar dúas cousas: a primeira, nin escoitaron nin entenderon nada na miña primeira intervención, nada; e a segunda: eu nin minto nin, señora Prado, se me ocorrería instrumentalizar cunha enfermidade, como non me gustaría que se instrumentalizara coa miña enfermidade. Se cadra pensa o ladrón que son todos da súa condición. *(Aplausos.)* Non se me ocorrería, non se me ocorrería, e se cadra o que pasa é que a vostedes non lles gusta escoitar as realidades que pesan na súa conciencia. Iso é o que pasa. Vale.

Dito o cal, vou seguir coa miña réplica. Como dicía na miña primeira intervención, a pesar de que, por desgraza, aínda non exista unha cura para a ELA, si que existe unha mellora da atención médica, como xa expliquei, da atención farmacolóxica, que ralentiza o ritmo da enfermidade e que tamén fai que se palíen determinados síntomas e que mellore a supervivencia.

Tamén fai falta unha atención multidisciplinar, que custa moito: de aí as axudas económicas que puxo en marcha a Xunta de Galicia —que vostedes non escoitaron, obviamente— para os douscentos cincuenta enfermos de ELA que hai en Galicia, trinta novos casos diagnosticados cada ano. Señora Prado, escoite, que si que hai un rexistro de enfermos de ELA de Galicia, que tampouco se enterou.

Despois, con estas dúas premisas, foi que se aprobou por unanimidade no Congreso dos Deputados o 8 de marzo de 2022 a Proposición para a lei ELA, que foi, de forma totalmente irracional, inxusta e totalmente irresponsable, posposta e bloqueada durante máis de dezaoito meses, con corenta e nove prórrogas, por parte do Goberno central agora en funcións.

E digo máis: isto o que pon de manifesto é, por unha parte, falando de ideoloxías, que o Goberno central realmente lexisla non en base ás necesidades reais da xente; o único que lles interesa é sacar adiante leis de carácter ideolóxico, nada máis que iso. E o segundo: somos conscientes da grave situación na que se atopa España cando hai un goberno agora en funcións que lexisla en base a intereses espurios, intereses como o de manter un señor como Pedro Sánchez sentado na Moncloa, co prexuízo económico que iso vai ocasionar a Galicia; e, cando hai un prexuízo económico para unha comunidade, os colectivos máis afectados sempre son os colectivos que se atopan en maior risco de vulnerabilidade e de fraxilidade.

É bo lembrar tamén de novo a necesidade de que o Goberno mellore o modelo de financiamento, a necesidade urxente dun modelo que nos permita unha ratio de investimento público por habitante razoable. E é necesario que cumpra co financiamento da Lei da dependencia, que debe 150 millóns ao ano a Galicia, e que está abandonando en canto a financiamento da Lei de dependencia as comunidades autónomas.

No Partido Popular tamén cremos que a atención sociosanitaria para os pacientes da ELA ten que ser igual en toda España. Cremos que é competencia do Ministerio de Sanidade, no Sistema nacional de saúde, a coordinación, o liderado e a asunción de responsabilidades, cousas que leva sen facer nos últimos cinco anos. E digo máis. Son moitos os exemplos que podo poñer, pero isto é un exemplo claro: o bloqueo e o abandono da atención dos pacientes con ELA.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por outro lado, a capacidade que ten a Xunta de actuación non deixa de poñer de manifesto, por un lado, a falta de iniciativa, a falta de coordinación, a falta de liderado, como digo, do Ministerio de Sanidade, para poder deixar unha vez máis soas as comunidades autónomas, deixar soa Galicia, como xa o fixeron na pandemia, como xa o fixeron ante o déficit de profesionais sanitarios, como xa o fixeron na Lei da dependencia e como o fan agora coa atención cos enfermos de ELA. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben. E, aínda por enriba, xerando desigualdades e inequidades no Sistema nacional de saúde, de maneira que haberá enfermos que poidan ter recursos ou non segundo a comunidade na que se atopen.

E isto que vou dicir agora é duro pero é real: ás veces hai enfermos que se ven obrigados a solicitar a eutanasia non porque queiran morrer senón porque non teñen cartos..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* non teñen cartos e temen... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Pódenme deixar...

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, por favor.

A señora LÓPEZ SÁNCHEZ: Este é un testemuño de pacientes con ELA, non un testemuño meu, é un testemuño de pacientes con ELA..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

A señora LÓPEZ SÁNCHEZ: ...testemuño de pacientes con ELA, que non queren ser unha carga económica nin queren endebedar as súas familias. Dito por eles, non por min, e, se non o queren escoitar, tapen os oídos. Vale.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Señora Rodríguez Rumbo, por favor, é que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, vostede é que ¡oia!, perdoe. A quen se chama á orde aquí decídoo eu, ¡eh!, non o decide vostede.

Un pouco de tranquilidade. *(Murmurios.)*

A señora LÓPEZ SÁNCHEZ: E, como digo, esta situación terrible non se pode dar nun Estado de benestar como o Estado español. E, dende logo, no Partido Popular témolo moi claro, porque sempre apoiamos a Proposición da ELA *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señora Rodríguez Rumbo, por favor. Señora Rodríguez Rumbo, vouna ter que chamar á orde, facéndolle caso ao que di a señora Paula Prado, mire vostede. *(Murmurios.)* ¡Que cousa, eh! E gustaríame ter criterio propio, pero é que, por favor, o seu..., é que está agora, non sei, véxoa que está nunha actitude de interromper case constantemente, señora Rodríguez Rumbo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, e non pensaba eu iso de vostede, sinceramente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É verdade, non o pensaba, pero vexo que está interrompendo... Ben, será ao mellor unha apreciación miña. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vale, grazas. Continuamos.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora LÓPEZ SÁNCHEZ: Continúo.

Isto non se pode dar nun Estado de benestar. Por esta razón —repito— o Goberno de España terá que garantir a axuda a estes doentes e ás súas familias en todo o que precisen, prestar atención integral, prestar unha efectiva coordinación sociosanitaria, promover que a declaración da dependencia se realice dentro da propia diagnose, considerar os pacientes con ELA consumidores vulnerables, establecer un bono eléctrico para os doentes, garantir aos doentes de maneira clara a atención domiciliaria, fomentar a investigación e promover tamén programas e accións formativas acreditativas para os coidadores, que moitas veces son os familiares, e, por último, recoñecer a incapacidade permanente dende o momento da diagnose.

Señorías, eu pregúntolles: ¿que lles parecen a vostedes todas estas medidas? ¿Parécenlles razoables? Pregúntollelo porque estas medidas foron propostas por unha moción do Partido Popular que fixo no Senado, e os seus compañeiros senadores do Partido Socialista e a súa senadora, a señora Carme da Silva, do BNG, non votaron a favor destas medidas. Non votaron a favor, abstivéronse. *(Murmurios.)* Miren as votacións, miren as votacións, abstivéronse e non votaron a favor. Vergoñento, vergoñento.

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre a emenda?

A señora LÓPEZ SÁNCHEZ: Con respecto á emenda, evidentemente é unha emenda que non ten nin pés nin cabeza, non a imos aceptar.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora LÓPEZ SÁNCHEZ: E eu penso que esta emenda é unha escusa para poder absterse desta proposta e concordar cos seus compañeiros do Senado, que se abstiveron na votación desta mesma proposta.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora LÓPEZ SÁNCHEZ: Pero, pese a todo, vanme permitir simplemente rematar citando a Jordi Sabaté, enfermo de ELA e activista absolutamente comprometido en dar visibilidade á súa enfermidade: *«La ELA no entiende de partidos políticos, solo de vidas humanas, por lo que los partidos se deben unir frente a esta enfermedad. Amo la vida, viva la vida».*

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central relacionadas coas actuais negociacións de investidura do candidato á Presidencia do Goberno de España

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento galego acorda como resolución manifestar a súa vontade de que as e os representantes por Galiza no Congreso e no Senado poñan por diante os intereses de Galiza fronte ao seguimento de posicións partidistas. E, en consecuencia, que apoien e defendan unha axenda galega de investimentos e competencias como elemento central das negociacións para a investidura da Presidencia do goberno.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Cando o pasado 23 de xullo os españois fomos chamados ás urnas para decidir o futuro do noso país, a inmensa maioría votamos pola estabilidade, o rigor, a capacidade de xestión, a tranquilidade e o «sentidiño» que representa o Partido Popular. Pero as ambicións persoais e egoísmos territoriais, os intereses partidistas primaron sobre o ben común, a igualdade dos españois e o interese xeral. Desde entón, España vive sumida na incerteza dunha nova sesión de investidura que segue gardada no caixón da presidenta do Congreso á espera de recibir ordes de Ferraz e do novo candidato, Pedro Sánchez, inmerso nunhas negociacións para sumar apoios nas que, polo que se ve, a lista de vodas está sendo escrita polos invitados e non polo noivo. Iso si, o Partido Popular facíalle perder o tempo aos españois cun mes para negociar a investidura, cunha data, por certo, marcada pola señora Armengol case o mesmo día que recibía a mensaxe, o encargo da Súa Maxestade o Rei. Pero agora, que nin se baralla unha fecha, agora non, agora podemos estar todos tranquilos polo tempo investido. Señorías, non hai quen os gane en hipocrisía. *(Aplausos.)*

Todos queren o seu regalo, pero, por boca do propio Sánchez, pouco ou nada sabemos de ata onde está disposto a chegar, porque, se xa sabiamos que as mentiras eran cambios de opinión, agora sabemos tamén que no dicionario socialista o secretismo e a opacidade son, en realidade, discreción e prudencia. Como sigan así, acabarán colocando tamén un dos seus á fronte da RAE e acabará mudando o dicionario que todos coñecemos.

Agora temos un candidato á investidura e uns socios que se están deixando cortexar; así que vexamos quen son realmente eses socios e que piden a cambio de apoiar a Pedro Sánchez.

Falemos primeiro do bloque independentista, dos independentistas cataláns dentro dese bloque. De todos os socios de Sánchez, quen máis claros son nas súas demandas son os independentistas cataláns. Dende o primeiro movemento dixérono claro, abertamente: ou referendo de independencia en Cataluña e amnistía para os delincuentes fugados ou nada. E

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

todo ao módico prezo de 450.000 millóns de euros para perdoar a débeda de Cataluña. Piden unha amnistía que suporía non só a eliminación da pena que pesa sobre os líderes do «*procés*», senón a eliminación do propio delito que cometeron, algo que en ningún caso, señorías, ten cabida na Constitución española, porque por moito que a esquerda propague a súa interpretación imaxinativa do texto constitucional e o seu descoñecemento das leis, o que non está prohibido tampouco está necesariamente permitido, porque se xa están prohibidos os indultos xerais, que supoñen a eliminación da pena, un perdón maior como é a amnistía, que implicaría a eliminación da pena e do propio delito, está absolutamente prohibido. E piden 450.000 millóns de euros, cos que se endebedaron, mentres outros cumpriamos escrupulosamente cos límites de gasto, pese a quen lle pese.

Para que nos fagamos unha idea da dimensión orzamentaria que pide Cataluña a custa do peto do resto das comunidades autónomas, voulles dar un dato: se tomamos como referencia os orzamentos para o ano 2024 aprobados xa en Consello da Xunta e que imos debater estes días neste Parlamento —13.257 millóns de euros—, estes 450.000 millóns de euros que piden os independentistas cataláns permitirían financiar a totalidade dos servizos públicos de Galicia durante trinta e catro anos, señorías.

E como Yolanda Díaz parece que está de sorte estes días, voulles dar outro dato: só co 1 por cento deses 450.000 millóns de euros finánciase o sistema sanitario público de Galicia durante un ano. Ese é o módico prezo que o independentismo catalán lle pon á investidura de Pedro Sánchez, porque xa sabemos que: «*la pela es la pela*», un prezo que tamén pagarán todos os galegos e galegas.

Outros que forman parte dese bloque de independentistas son o socio estrela, que é Bildu, que, se xa son malos compañeiros de viaxe os independentistas cataláns, quedamos sen cualificativos para describir o que representa un partido como Bildu; un partido que nin condena o terrorismo, *(Murmurios.)* que nin colabora a esclarecer os crimes aínda sen resolver e que leva nas súas listas condenados por crimes de sangue. E Pedro Sánchez, o seu líder, levará na súa conciencia esta foto, señorías, esta foto *(A señora Prado del Río mostra unha fotografía.)* —algunha das súas compañeiras tamén ten fotos con esta xente—. A mesma persoa desta foto é a que aparece nesta foto. *(A señora Prado del Río dálle a volta á fotografía e mostra outra.)* Mírea ben, porque vostede tamén sacou fotos con esta xente, señoría. A foto da vergonza, a foto de quen dicía cinco e quince veces que non pactaría con Bildu, e non só os ten como socios de referencia, senón que son os únicos que xa lle comprometeron o seu apoio a cambio de branquealos. Onte xa vimos outras fotos e outros vídeos, dos que falaremos despois.

Pedro Sánchez é o primeiro presidente da historia democrática de España que lexitima cunha foto un partido político herdeiro de ETA, un partido liderado por Arnaldo Otegui, o mesmo Otegui que dicía: «*En caso de problemas, le ajusticiamos*». O mesmo Otegi que daba ordes de secuestro manuscritas, nas que escribía «*el tío estará en el capó, metido en un saco, esposado y con los ojos vendados. Además de ello, estará atontado, pues le habrán subministrado dos Valium 5*». O mesmo Otegui co que os membros do BNG non teñen problema en fotografarse e incluso en ir da súa man, compartindo papeleta nas eleccións europeas. Hai límites na política, señorías, pero nin Pedro Sánchez os coñece nin o Bloque Nacionalista Galego os vai descubrir. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E outro que forma parte do bloque dos independentistas é o BNG, que o temos aquí; ese BNG que hoxe ten a desvergonza de vir aquí cunha emenda na que piden que «os nosos representantes nas Cortes Xerais defendan os intereses de Galicia por riba de partidismos nas negociacións para a investidura». Señorías do BNG, os galegos saben perfectamente quen os representa en Madrid e quen non, sen necesidade de que llelo digan vostedes nin nunha emenda nin noutro sitio. ¿Saben por que? Porque cando se lles preguntou aos galegos quen querían que representase os seus intereses en Madrid, ¿sabe que dixeron? 25-1. Ese é o dato, señorías: 25 parlamentarios do Partido Popular de Galicia e 1 do Bloque Nacionalista Galego. Ese grupo parlamentario forte que vostedes vendían foi a mesma decepción que a súa suposta defensa dos intereses de Galicia ante Pedro Sánchez. Porque os pactos están para cumprilos, e só hai que ver como Sánchez cumpriu o famoso «pacto de Ana e Adriana»: ¿transferencia de competencias? Incumprido. ¿Transferencia da AP-9? Incumprido. ¿Modernización da rede ferroviaria galega? Incumprido. ¿Investimentos no Corredor Atlántico? Incumprido. ¿Financiamento dos servizos de dependencia? Incumprido. E así podería seguir con moitos máis dos supostos compromisos recollidos nese pacto que firmaron e que hoxe é papel mollado, porque o balance é: todo incumprido.

¿Seguro que queren seguir falando de defender os intereses de Galicia, señores do BNG? ¿Queren seguir falando diso? *(Aplausos.)* Quizais como os nacionalistas galegos xa saben que son o único nacionalismo irrelevante para Pedro Sánchez e que por iso, por moito que o apoien, seguirán sen concederlles nada, esta vez directamente optaron por darlle un cheque en branco; apoiárono a cambio de nada. A noite electoral saíu a señora Pontón dicindo: «Imos apoiar a Pedro Sánchez». ¿A cambio de que? Dá igual. Con tal de que non sexa Alberto Núñez Feijóo o presidente do Goberno, dános igual. E por iso agora tamén a eles lles dá igual, porque saben que van apoiar a investidura de Pedro Sánchez. Mentres o resto de nacionalismos lle está facendo a lista de vodas a Sánchez, o BNG directamente non está nin invitado.

E agora que xa coñecemos o candidato e a clase de socios cos que negocia, é hora de poñer o foco sobre o que se negocia e o moito que nos xogamos con esta negociación; basicamente como nos afecta todos os españois e por suposto tamén os galegos o que Pedro Sánchez e a súa comisión consentidora con selo galego —que todos sabemos quen está nesa comisión— están dispostos a facer con tal de manterse no poder. Esa comisión consentidora permitirá pagar a factura da investidura a custa dos galegos, e vostedes vano facilitar. Mentres a uns non nos comunican nin o teito de gasto nin as entregas á conta, a outros si lles din o que se lles vai dar; iso si, para dependencia, cero; para a estación intermodal de Ourense, cero; para mellorar a conexión de tren entre A Coruña e Ferrol, cero. E así poderiamos seguir.

Nós non imos pasar por isto e seguiremos reclamando a inxustiza que suporá ese pacto para Galicia. Seguiremos dicindo alto e claro que o prezo da investidura de Sánchez non o podemos pagar os galegos. E fronte a isto, en Galicia continuamos nunha illa de estabilidade na que mañá os conselleiros e entes comezarán a pasar por este Parlamento para explicar os orzamentos con medidas pegadas á xente para resolver os problemas da xente, porque este goberno do Partido Popular de Galicia segue traballando para resolver os problemas da xente. Mentres, vostedes sigan con estes enredos e sigan apoiando a Pedro Sánchez, que cada vez está prexudicando máis a Galicia.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Hai que recoñecer que esta PNL é un exemplo de parlamentarismo de altísimo nivel; é unha auténtica obra mestra do parlamentarismo. Eu imaxino que hai un departamento en Xénova que é o departamento da cordialidade, o departamento da concordia, que imaxino tamén que dirixe Tellado, con Bendodo e con Cuca Gamarra, que son os que dan as instrucións para facer este tipo de iniciativas. *(Murmurios.)* Non sei se nese departamento está o señor Sémper, pero eu recomendaríalle á señora Prado del Río que fale co señor Borja Sémper, que dixo cousas, por exemplo, como esta: «*Bildu no es ETA. El futuro se tiene que construír también con Bildu*». Ou cousas como esta: «*El futuro de la sociedad vasca, guste o no, en determinados sitios, se tiene que construir con Bildu. Por fin vamos a tener la oportunidad de discutir de política con Bildu. Eso es lo que yo quiero*». Polo tanto, aclárense, señorías do Partido Popular, a ver cal é a doutrina que vale, se é a de Sémper ou é a de Prado del Río, *(Aplausos.)* porque nós, a verdade, é que non nos aclaramos. E, antes de dicir aquí determinadas cousas, debían lavar a boca, porque, en fin, un pouco de coherencia.

Miren, esta iniciativa de alto parlamentarismo —como dicía— merece unha análise demorada. Entón, imos debullala, e, ademais, ímoslle aplicar iso que está agora tan de moda que é o sistema de verificación, señora Paula Prado.

Basicamente aquí expóñense cinco teses. A primeira tese é literalmente o que di o texto: «O Partido Popular gañou as eleccións xerais o pasado 23 de xullo». Proba de verificación: inexacto. Todo o argumentario do Partido Popular está baseado nunha falacia, nunha percepción equivocada da realidade. O Partido Popular non gañou as eleccións; foi a forza máis votada, pero non gañou as eleccións. ¿Como se queren enterar? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, é que... *(Risos.)* Non, é que vostedes non se enteran. ¡Vostedes non se enteran! É que non é o mesmo; ese é o problema, non se enteran. «*No te quieres enterar*», ese é o problema, e aínda persisten no erro. Non é o mesmo ser a forza máis votada... A que gaña as eleccións é a que ten a maioría, pero non é a forza máis votada. Pero, ademais, pódolles poñer moitos exemplos que hai por aí adiante de comunidades onde a forza máis votada non está gobernando porque o Partido Popular fixo alianzas con Vox. ¿Pero que me están dicindo? Vostedes aplican o manual segundo lles interesa. *(Murmurios.)*

Miren, segunda tese —esta é a mellor—: «Unha ampla maioría de españois votaron polo cambio». Falso, ¡falso! Mire, din vostedes: «Votaron pola estabilidade e a moderación». Isto xa é para nota. ¡Mentira!, ¡falsísimo! ¿Que moderación?, ¿que estabilidade? Un goberno do Partido Popular con Vox ¿iso é a moderación e a estabilidade? ¡Pero vaian preguntar por aí! ¡Pero se realmente o que mobilizou a xente para impedir que gobernase o Partido Popular foi o medo, precisamente, a una alianza do Partido Popular con Vox! ¡Pero se o recoñeceu o mesmo Feixóo nunha entrevista! Vostedes non se enteran. Lean o seu amado líder, porque non lle collen o..., non acaban de enterarse, señora Paula Prado.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Miren, terceira tese: «Pode darse a circunstancia de que os que perderon as eleccións intenten formar goberno». Isto xa é para nota, ¡isto é para nota!, porque vostedes van contra a Constitución, contra a sacrosanta e sagrada Constitución. Eu voulles deixar aquí o artigo 99 da Constitución, que explica claramente como se elixe o presidente do Goberno. *(O señor Bará Torres mostra un documento.)* Vostedes queren ir contra a Constitución, queren negar o artigo 99 da Constitución, e están vostedes, ademais, impugnando o papel —¡que llelo teñamos que dicir nós, o BNG, xa manda... na Habana!— do xefe do Estado, que é quen nomina, digamos, a persoa que debe ser investida. E se saca a maioría dos votos, a maioría absoluta na primeira votación, é elixido —non teñen nada que ver os resultados das eleccións xerais, o que conta é a votación no Parlamento, no Congreso—, ou a maioría simple na segunda votación. É que vostedes nin sequera len a Constitución, ou non a respectan, xa lles digo. ¡Que lles teñamos nós aquí que dar leccións do que di a Constitución, xa di moito!

Miren: cuarta tese: «Queren converter en minoría a metade dos españois que votaron polo cambio». Suspenso en matemáticas outra vez. *(Risos.)* É que non é só que o señor Rueda faga mal as contas, é que ¿quen fai aquí as contas? As contas son que entre o PP e Vox teñen o 45 por cento. O 45 por cento non é a maioría; non é a maioría nin en votos nin en escanos. Polo tanto, fagan ben as contas, ¡fagan ben as contas!

E logo está esa tese, a última, que máis ben é un mantra: o mantra da igualdade. Imos falar de igualdade. ¿Vostedes queren que falemos de igualdade? ¿Falamos, por exemplo, da igualdade dun sistema de financiamento que discrimina a Galiza, que nos priva de recursos fundamentais para financiar a sanidade, a educación, os servizos sociais, os investimentos produtivos ou a industria? ¿Queren falar diso? É un sistema de financiamento que foi asinado polo señor Feixóo no ano 2009, (*Aplausos.*) que caducou no ano 2014 e que leva caducado desde aquela, gobernando o Partido Popular. É que vostedes non cambiaron, aí está a verdadeira discriminación de Galiza: que vostedes consentiron e aplaudiron porque gobernaba o Partido Popular en Madrid.

Tamén está a igualdade do financiamento local. Bueno, xa non me vou deter aí, porque non...

Falamos da igualdade dos 7.000 millonarios; 7.000 millonarios que reciben agasallos fiscais por valor de 34 millóns de euros, dos que se priva ás persoas que non chegan a 500 euros ao mes. ¿Esa é a igualdade que defende o Partido Popular? Nós non queremos esa igualdade; a igualdade das persoas con pensións de miseria, como as pensións non contributivas, que están en risco de exclusión, ás que vostedes lles negan unha suba de 100 euros ao mes —que pedimos reiteradamente no BNG—. ¿Esa é a igualdade pola que avogan vostedes? Pois esa igualdade tampouco a queremos. ¿A igualdade de termos os salarios máis baixos e a inflación máis alta do Estado? ¿Esa é a igualdade que defende tamén o Partido Popular? Nós, dende logo, non a queremos. ¿A igualdade da que se beneficia Madrid?, que é unha auténtica aspiradora de recursos, de fondos públicos, de capital público, de forza de traballo, de impostos, por un sistema fiscal que é absolutamente un paraíso fiscal. Vostedes defenden iso. Nós, dende logo, estamos en contra desa desigualdade.

E, para rematar, quería facer unha reflexión sobre o papel do señor Rueda neste auténtico vodevil popular, sobre o papelón que fixo a semana pasada no Senado; un Rueda que está

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

situado na auténtica irrelevancia máis absoluta. Iso si que é irrelevancia. É irrelevancia por seguir o guión que lle ditan desde a rúa Génova de Madrid, o guión que lle escribe o señor Tellado e a señora Cuca Gamarra —xa hai que caer baixo—, a submisión ao ditado e ao argumentario do Partido Popular. Un señor Rueda que, ademais, é —como todo o Partido Popular— o recadeiro en Galiza das empresas do IBEX, ás que vostedes lles queren regalar medio billón de euros se tardan máis dun ano en tramitar un proxecto, en autorizar un proxecto. Pero, ¿de que están falando? ¡Coas necesidades que hai no país, regalarlles medio millón de euros a empresas que se están literalmente forrando, que teñen miles de millóns de beneficios espoliando os recursos deste país! Ese é o papel que xoga o Partido Popular, e ese papel patético e lamentábel é o exemplo da decadencia do Partido Popular, dun goberno da Xunta que non dá para máis, que está nas últimas, que vai xa co depósito baleiro e que gasta todas as enerxías que lle quedan —que non son moitas— non en gobernar, senón en facer oposición. E, a pesar de todo isto, e a pesar tamén da trapallada que é esta proposta de acordo... *(O señor Bará Torres mostra un documento.)* Porque, xa me dirán vostedes, o Parlamento galego dirixirse ao Goberno... Miren o que poñen aquí: para «solicitarlle que aclare o contido e alcance das negociacións que está a levar». ¡Pero se as negociacións as fan os partidos políticos! Habería que dirixirse, en todo caso, aos partidos políticos. Ben, isto non hai por onde collelo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero, en todo caso, nós, con boa vontade de acordo, propoñémoslles unha emenda, un acordo alternativo, que é dirixirse aos representantes por Galiza no Congreso e no Senado —vostedes, que presumen de 27; hoxe xa baixaron a 25—, (*Murmurios.*) a todos eses representantes —e votedes aí teñen moito que dicir—, para que defendan por diante de todo os intereses de Galiza, para que defendan unha axenda galega de competencias e investimentos e non os intereses dos seus partidos.

Por unha vez sexan leais a Galiza e deixen de actuar como recadeiros dos seus xefes en Madrid. E por nós, mañá convocamos unha xuntanza para facer unha fronte común en defensa dos intereses de Galiza.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Señor Bará, unha precisión previa: o señor Borja Sémper é o *guay* do Partido Popular (*Risos.*) e, polo tanto, tampouco lle teñen por que facer caso a todo.

Señora Prado, a verdade é que, cando comecei a ler esta proposición non de lei, tiven unha sensación estraña, como a sorpresa que experimenta un profesor cando unha alumna ou un alumno habitualmente bo fai un exame malo. Porque, claro, que un grupo —neste caso par-

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lamentario—, de mentes esclarecidas, fundamente unha iniciativa en presupostos erróneos, resulta, cando menos, alarmante.

Miren, acáballelo de repetir o señor Bará: o Partido Popular non gañou as eleccións. ¡Ríanse, veña, xa...! ¡Ah!, ¿non rin? Ben, xa riron antes. Non gañou as eleccións o pasado 23 de xullo. É certo que o Partido Popular foi o máis votado, pero é certo que con escasamente 300.000 votos máis que o Partido Socialista Obreiro Español. Señora Prado, o Partido Popular tivo moi pouco máis de 8 millóns de votos, e o Partido Socialista tivo 7.800.000 E se vostede di que esa diferenza é unha inmensa maioría, quen ten un problema co dicionario da RAE é vostede, francamente. (*Aplausos*.)

Miren, non hai tempo para falar aquí dos múltiples pactos que fixeron vostedes por España adiante, pero, un par de exempliños nada máis. ¿Quen gañou as eleccións en Estremadura? (*A señora Prado del Río:* Non sei.) Seino eu, segundo o seu criterio, o Partido Socialista Obreiro Español. ¿Goberna en Estremadura? Non, gobernan vostedes. ¿Quen gañou as eleccións municipais en Valladolid? ¿Tampouco sabe, verdade? Voullo dicir eu: o Partido Socialista Obreiro Español. ¿Goberna? Non, gobernan vostedes, cun pacto co Partido Popular. (*Aplausos*.)

Feito este par de aclaracións previas, temos aquí, unha vez máis, ao Partido Popular chamado ao superior destino de salvar a patria dunha ruptura que só vostedes e outros cruzados poden evitar. *(Risos.)* Xa o fixeron, ¡xa o fixeron!, iso si, no seu imaxinario, no que son os mellores xestores, os máis preparados, os que máis se parecen á xente, os máis íntegros, os defensores da esencia, da boa xente, e tantas e tantas cousas que os fan felices. Pero, miren, isto xa pasou.

Vostede traía fotografías. Eu tamén as traio —nun formato máis discreto, porque somos menos de gastar papel de forma innecesaria; vostede, nun formato A3; e eu, nun formato A4—. Pero miren *(O señor Álvarez Martínez mostra unhas fotografías.)*: «*González se humilla ante Pujol y compromete los intereses generales de España para continuar en el poder*» —documento gráfico número un—. «*Aznar acusa a González de tradicionar el espíritu de la Constitución. Su pacto con Pujol, una farsa contraria a los intereses de España*» —documento gráfico número dous—. Iso si, cando é o Partido Popular: «*Aznar y Pujol, pacto para la gobernabilidad de España en los próximos cuatro años*». *(Aplausos.)* Aquí as cousas xa cambian porque os pactos os fan vostedes.

Para rematar coa exposición gráfica, voulles ler titulares que deixan as hemerotecas: «*Aznar admite que la independencia vasca es legítima si no se impone por la fuerza*». «Maroto» —protosenador, agora si, por Castela León, por designación autonómica, antes protovasco *(Aplausos.)*— «*defiende sus pactos con Bildu y desea que cunda el ejemplo*». Teñen vostedes unha variabilidade tan grande que é imposible facer unha trazabilidade de que van facer vostedes a continuación de poñer a andar o pé esquerdo. Daquela, no ano 1996, negociaron con CIU, negociaron co PNV, negociaron con Coalición Canaria, e, iso si, sen ningunha concesión, soamente co seu verbo encendido e cos seus argumentos indiscutibles, *(Aplausos.)* e aceptaron os seus votos, facendo presidente a José María Aznar. Esa persoa da que falo será —non lles caiba dúbida— a que —Ayuso por medio actuando como vicario— vai acabar decidindo cando se disolve este Parlamento. *(Aplausos.)* Porque esta proposición non de lei non é máis

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que unha cortina de fume, logo de fracasada a investidura de Feijóo. Porque xa antes de votarse, e xa constatado que o Partido Popular só podía apoiarse en Vox, o Partido Popular xa estaba a intentar evitar a formación dun goberno progresista presidido por un socialista, Pedro Sánchez. E non é que Feijóo non vaia ser presidente e prefira ir á oposición porque non acepte determinadas condicións; iso é un consolo, un autoconsolo, onanismo político. Non vai selo porque moitos partidos non queren que a ultradereita sexa determinante na gobernabilidade. Os pactos do Partido Popular con Vox son inasumibles para outras formacións políticas, porque, por exemplo, o Partido Nacionalista Vasco non está a falar de ningún referendo, nin de independencia; deulles coa porta nos narices porque no seu tícket electoral ía Vox.

A única motivación do señor Núñez Feijóo é salvar o seu pelello político e que non lle fagan o que el lle fixo a Pablo Casado por non alcanzar o seu obxectivo, que era gobernar. E só así podemos explicarnos esa proposta creativa de gobernar dous anos. Parecía un neno pequeno dicindo «deixádeme gobernar un pouquiño, aínda que sexan soamente dous anos». *(Aplausos.)* Isto non é serio, ¡isto non é serio! Ademais, o seu plantexamento, a súa iniciativa, parte dunha omisión extraordinariamente importante. O Partido Popular —entón Alianza Popular— non apoiou a Constitución no Congreso, e pediu a abstención no referendo do 6 de decembro de 1978. Tampouco apoiaron moitos dos estatutos de autonomía dalgunhas comunidades autónomas que agora engloban ese consenso constitucional. Esta é a historia constitucional do Partido Popular. É lamentable que traten de apropiarse do que é de todos. A diferenza, o Partido Socialista, sempre estivo na Constitución, na súa redacción, no seu apoio ao referendo, e no seu cumprimento, perdón. Porque cando goberna o PSOE, a igualdade entre todos os cidadáns está garantida, amplíanse os dereitos e cúmprese a Constitución en toda España..., bueno, exclusión feita na sede de Génova, que aí non se cumpre a Constitución, pero, bueno, aí xa mandan vostedes.

Sempre que os cidadáns poñen o Partido Popular na oposición empeza a apocalipse, empeza a apocalipse da ruptura de España, da ameaza da igualdade entre todos os españois, pero cando goberna o Partido Popular —e goberna necesitando os nacionalistas—, as cousas cambian, como fixo o señor Aznar con ese pacto do Majestic —xa saben: ese hotel—. Con ese pacto, a Garda Civil de Tráfico desapareceu das estradas catalás. ¿Lembran vostedes o que lles pasou, hai non moitos meses, neste Parlamento, cando votamos que se transferisen as competencias de tráfico e alguén lles debeu tirar das orellas ese día pola tarde e mutaron a posición? ¿Ah, non?, ¿non o fixeron? *(Aplausos.)* ¡Claro que o fixeron! Con ese pacto, suprimíronse os gobernadores civís, con ese pacto cedeuse o 30 por cento do IRPF, permitiuse á Generalitat nomear os presidente dos portos do Estado en Cataluña e ademais aprobouse unha Lei de normalización lingüística en Cataluña, da que vostedes non dixeron nin pío. Iso si, anos despois, non lles valía esa mesma lei porque xeraba problemas de convivencia irresolubles. *(Aplausos.)* E tampouco se desgarraron as vestiduras cando o señor Aznar indultou a dezaseis membros da banda terrorista Terra Lliure, no ano 1996.

E din que lles preocupa a igualdade, pero non teñen ningún reparo en asinar acordos para gobernar coa ultradereita de Vox nos que se pon en cuestión a igualdade en algo tan importante como o xénero ou a violencia machista. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Din que lles preocupa a igualdade, e votan en contra de todas as leis que supoñen avances en dereitos, como a Lei do aborto, como a Lei do matrimonio entre persoas do mesmo sexo, ou a da eutanasia —tristemente citada hoxe neste Parlamento—, e perseveran na súa contra ata que se estrelan co Tribunal Constitucional, que é o máximo intérprete da Constitución española; non o Partido Popular, o Tribunal Constitucional, que é o intérprete correcto.

Din que lles preocupa a igualdade, e o primeiro que fixeron foi eliminar a gratuidade dos comedores escolares en Estremadura.

Din que lles preocupa a igualdade, e votan en contra dunha reforma laboral que equilibrou as relacións entre traballadores e empresarios, e que conta co seu respaldo; unha reforma laboral que fai que case vinte e un millóns de afiliados á Seguridade Social —a cifra máis alta da nosa historia— existan hoxe; e votan en contra da subida do salario mínimo interprofesional.

Din que lles preocupa a igualdade, e votan en contra da revalorización das pensións conforme o IPC.

Din que lles preocupa a igualdade, e votan en contra dos impostos á banca e ás enerxéticas, esa «abominación ideolóxica» —Feijóo *dixit*— ata que a Unión Europea dixo que era un imposto adecuado e que se ía aplicar no resto da Unión.

Din que lles preocupa a igualdade, e votan en contra da maior partida de bolsas para educación: 2.520 millóns para garantir a igualdade do acceso.

E así poderiamos seguir *ad nauseam*, pero non teño tempo.

Porque o fondo da cuestión para vostedes non é a igualdade, nin é a mutación constitucional, nin o desmantelamento da nación; a cuestión para vostedes é evitar que un goberno progresista consolide as reformas dos últimos anos, as que nos permitiron alcanzar cotas de crecemento económico, o maior número de cotizantes á Seguridade Social da nosa historia, como acabo de dicir, e máis e mellores empregos, con salarios máis dignos, cun reforzo dos servizos públicos e o Estado do benestar. E así, con xustiza social, é como se constrúen os estados modernos.

Nós, o Partido Socialista de Galicia, debémonos ao interese xeral, ao da maioría dos españois e españolas, e por iso traballamos para que siga habendo un goberno de coalición progresista que traballe para garantir a igualdade real dos españois e para seguir avanzando en liberdades.

A pregunta, señora Prado, é: ¿para que e para quen traballan vostedes?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Prado

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Señor Bará, recoméndolle un libro que se titula *Todos los futuros*, de Sémper e Madina, que explican as condicións para o diálogo con Bildu. ¿Sabe cales son? Recoñecemento e responsabilidade, desculpas ás vítimas e reparación do dano, e, ademais, colaboración coa xustiza. Nada diso está facendo Bildu, señor Bará. (*Aplausos.*) Pero, iso si, pódelle axudar a «Asesoría de Cordialidade» que teñen vostedes no BNG. Teñen aí a Pernando Barrena, que, probablemente, lles pode axudar a dicir que é a cordialidade en toda esta cuestión do terrorismo, que el sabe en primeira persoa como vai iso, señor Bará. (*Aplausos.*)

Mire, di o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista que o Partido Popular non gañou as eleccións. O Partido Popular tivo 137 escanos; o Partido Socialista, 121; Sumar, 31; e o Bloque, 1. Claro, e di vostede: «Din 25-1 e outras veces din 27». Claro, 25-1 é o que saíu das urnas, e 27-2 é coa incorporación dos senadores por designación autonómica, señor Bará, (*Aplausos.*) pero non pasa nada, elixa vostede: 25-1 ou 27-2; dáme igual, o que vostede queira.

Pero, claro, di tamén o señor Álvarez que en Estremadura gañaron, pero que non gobernan. Miren, ¡home!, nós non somos parvos. Se vostedes queren que goberne a lista máis votada, acordémolo. *(Risos.)* (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O que non pode ser é que goberne a lista máis votada cando é o Partido Socialista e cando é o Partido Popular, non. Bueno, bueno, ata aí podiamos chegar.

Pero, claro, é que agora entendemos o Bloque Nacionalista Galego cando di que non gañamos as eleccións, ¡Home!, é que vostedes tiveron un alcalde que tiña un concelleiro; entón, eu entendo moitas cousas. E, claro, despois... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, sabe vostede ben do que falo; sabe vostede ben do que falo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero mesmo esta mañá vimos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) como a súa lideresa, que perdía o debate nas preguntas ao presidente, se alporizaba toda dicindo que o Bloque Nacionalista Galego non critica que os maiores voten o PP, e di que eles respectan moito os maiores. Ben, eu quero dicir aquí que, nas manifestacións, o Bloque Nacionalista Galego, efectivamente, cambiou os berros. Pasou de dicir: «¿A culpa de quen é? A culpa é do PP»; a dicir agora: «¿A culpa de quen é? Dos que votan o PP». E, claro, ¿quen vota o PP? Pois claro... Vou dicir isto porque hoxe pola mañá xurdiu aquí un debate, e eu, como son de Santiago e como me acordo disto, pois busqueino na hemeroteca. Alá polo ano 2003, nun mitin do BNG, unha candidata dixo: «Ten que morrer unha xeración enteira de galegos para que deixe de gañar o PP». (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Daquela, señora Pontón, era secretaria de Organización do Bloque Nacionalista Galego. Vostede estaba neste mitin, xunto con Néstor Rego, que tamén xa estaba por aquí, e non pasou nada. Pois, mire, non sei se morreu unha xeración enteira, pero segue gobernando o PP, señorías. (*Aplausos.*) Teñen moito que aprender e teñen que deixar de desprezar o voto dos maiores. Agora, con ese disfrace de moderación que puxeron, queren renegar desas cousas.

Señor Bará, dos 450.000 millóns de euros que lle vai perdoar a Cataluña vostede non dixo nada. ¿Parécelle ben? *(Murmurios.)* Igual que o Partido Socialista, que ten nesa comisión negociadora un galego ilustre que quere defender Galicia e que quere presentarse á Xunta de

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Galicia como presidente e presidir Galicia. ¡Ah!, pero el vai formar parte dese equipo, do equipo A, que lle vai condonar 450.000 millóns de euros a Cataluña a custa dos galegos e das galegas..., *(Murmurios.)* de suprimir... Onte tamén viamos a «*lady cohete*» con «*lord* Falcon» dicir que van suprimir todos os voos de menos de dúas horas e media que saen de Galicia para o resto da Península. Diso tampouco dixeron nada. ¿Están a favor de seguir desprezando a Galicia? ¿Están a favor...? Nada, diso vostede non fala, que vostede é máis de falar doutras cousas.

E despois temos que escoitar da ultradereita non sei que... Mire, señor Álvarez, Elena Valenciano —que non é sospeitosa de ser do Partido Popular— dixo que advirte «*de que el PSOE está en manos de Junts, la derecha supremacista que busca fracturar España*». (*Aplausos.*) Díxoo Elena Valenciano, non o di o Partido Popular. *(Aplausos.)*

Se quere falar de quen está en contra da violencia machista, voulle dicir unha cousa: dígalle ao señor presidente do Goberno en funcións que saque dun caixón o Pacto de Estado contra a violencia de xénero aprobado no ano 2017, *(Murmurios.)* Si, vostede dixo aquí que nós pactabamos con quen desprezaba as medidas a favor da igualdade e para eliminar a violencia machista. Pois, mire, ese pacto segue nun caixón dende o ano 2017. Agora vén o 25N, poden vostedes volver reunirse nun hotel e volver dicir, como fixeron o ano pasado e o anterior, que van aprobar a Lei de trata. Si, vostede é a primeira que sae na foto dicindo: imos aprobar a Lei de trata. Iso, o 25N do ano pasado. Queda un mes. Poden volver preparar un acto porque segue sen aprobarse a Lei de trata, señorías. E, como iso, todas e cada unha das medidas que están no Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Así que, lecciónns de igualdade, ningunha (*Aplausos.*); lecciónns de defensa das mulleres vítimas de violencia de xénero, ningunha; e menos do Partido Socialista, o partido que aprobou a Lei do «só si é si», a máis daniña para os dereitos das mulleres.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*) *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Silencio. ¡Silencio! ¡Sosego! ¡Calma!

Imos votar con tranquilidade.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

Había unha autoemenda do grupo parlamentario.

Votamos.

Votación do texto autoemendado do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta e D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Go-

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

berno galego respecto das ofertas públicas de emprego que afectan o persoal do Servizo de Prevención de Incendios Forestais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32 ; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Paloma Castro.

Non se aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Paloma Castro Rey e D. Pablo Arangüena Fernández, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que manifeste o seu rexeitamento ante a situación en que se atopa o proceso de renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández.

Había unha emenda do Grupo Parlamentario Popular, pero non a aceptou.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación cos plans de ordenación do espazo marítimo (POEM) á vista das recomendacións do Tribunal de Contas Europeo neste eido.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 54.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Había unha emenda do Grupo Parlamentario Popular que non sei se a aceptaron —non estiven no debate—. ¿Aceptouse? ¿Aceptouse a emenda? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, ¿aceptouse a emenda? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Dixo que si o señor Bará. *(O señor Balseiro Orol pronuncia palabras que non se perciben.)*

Dígame, señor Balseiro.

Déanlle voz ao escano do señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Respecto da emenda, eu díxenlle na tribuna do Parlamento ao señor Bará que había que retirar o punto 6, que é o de crear un ente ferroviario galego, porque non queremos que os galegos paguen o que teñen que pagar os españois... *(Murmurios.)*, en algo que é deficitario.

O señor PRESIDENTE: Bueno, isto non é o debate.

O señor BALSEIRO OROL: O señor Bará non accedeu... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non, iso non fai falta que mo explique. O asunto é: ¿vostede acepta iso que pide retirar el? *(Negación.)* Entón, non aceptou nada. *(Murmurios.)*

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e oito deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central relativas á mellora dos servizos ferroviarios no eixe atlántico e na liña Ourense-A Coruña.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, a iniciativa de dona Rosalía López Sánchez —creo que a levou ela—.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Raquel Arias Rodríguez e seis deputados/as máis, sobre a reclamación que a Xunta de Galicia debe facer ao Goberno central para que cumpra o seu compromiso de axudar os enfermos de ELA e as súas familias.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a seguinte do Grupo Parlamentario Popular.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central relacionadas coas actuais negociacións de investidura do candidato á Presidencia do Goberno de España.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

E continuamos coa orde do día, coas interpelacións.

Interpelación de Dª Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a tramitación da valoración e do recoñecemento da dependencia e do recoñecemento do grao de discapacidade

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, señor presidente.

Moi bo día.

Moi bo día de novo, señora conselleira.

Despois do bucólico relato feito onte por vostede, na tarde de onte, sobre o ensino de 0 a 3 anos no noso país —un relato que, como xa lle dixen onte, ten moito de idílico e graves carencias na realidade—, imos falar hoxe doutro dos grandes problemas da súa consellería: a atención á dependencia.

O sistema de atención e de axuda á dependencia non só abrangue as persoas maiores, tamén as persoas con discapacidade que precisan de apoio para desenvolveren actividades cotiás básicas. E este sistema de atención ás persoas con dependencia en Galiza presenta gravísimas carencias, a comezar polo elevado tempo de espera que teñen que soportar estas persoas para veren recoñecida a súa condición como persoas dependentes desde que solicitan o seu

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

recoñecemento. Son 364 días de media, segundo os datos do Imserso correspondentes ao ano 2022. Galiza é a quinta comunidade autónoma cun maior tempo medio de espera para esta valoración.

E isto é algo que tamén recolle a Valedora do Pobo no seu informe anual que vén de presentar a esta Cámara. Cita neste informe que a maior parte das queixas relativas ao sistema de atención á dependencia fan referencia a atrasos das valoracións. A principal consecuencia do atraso na valoración é que tamén atrasa a atención ás persoas con dependencia, que despois aínda terán que esperar pola aprobación do programa individual de atención. Por iso, reclamamos que o procedemento se teña en conta globalmente, tal e como prevé a lei: seis meses para valorar e resolver a situación. Porque o que estamos a ver nestes atrasos é a consecuencia máis dura, máis crúa da burocracia e do non cumprimento das leis: persoas que chegan a falecer sen teren recoñecida a súa situación de dependencia, ou persoas que unha vez que a teñen recoñecida non chegan a veren garantido o seu dereito á asistencia ao programa individual de atención.

Entre decembro de 2021 e novembro 2022 faleceron en Galiza 588 persoas cunha solicitude de dependencia feita, e outras 399 persoas con esta condición recoñecida, mais que se atopaban en lista de espera sen seren atendidas. De feito, tamén o Consello Económico e Social recolle na súa memoria anual do ano 2022 que nese mesmo ano o sistema continuaba sen atender en Galiza 3.271 persoas que tiñan unha valoración positiva para accederen ás prestacións e que non estaban a recibiren esa atención que tiñan recoñecida. Ata o punto chega esta situación que vostedes conseguiron —é certo— reducir a lista de espera, pero reducírona pola mala vía, porque falecen as persoas que están en lista de espera. Os datos do Observatorio da Dependencia —e cito textualmente isto, o falecemento, como dicía—: «*...ha contribuído de forma notable a la reducción de la lista de espera. Tanto es así que de las 1.010 persoas que han abandonado la lista de espera de resolución de prestación a noviembre de 2022, el 35,5 por ciento lo han hecho como consecuencia del fallecimiento de la persoa y no por gestión de la Comunidad Autónoma*». Estes son datos referidos a Galiza.

Aínda digo máis. Das 953 persoas que supuxeron unha baixa das solicitudes en Galiza a 30 de setembro deste ano, 867 persoas, o 90,98 por cento, foi polo falecemento desta persoa. Son datos do Imserso —como digo— a 30 de setembro de 2023.

Estou dando datos, cifras, que, vistas así, en cru, poden ter maior ou menor impacto, pero temos que lembrar que detrás de cada número, detrás de cada cifra, se atopan persoas nunha situación grave, nunha situación de vulnerabilidade, e toda unha familia e unha rede próxima a esta persoa que está a pasar uns momentos complicados. E toda esta situación é un grave problema por varias cuestións: primeiro, porque vulnera o dereito destas persoas a veren recoñecida a súa situación e a accederen a unha serie de prestacións para o seu desenvolvemento persoal e social para poder ver garantido o seu benestar. E, despois, porque afonda nas inequidades do propio sistema, mantendo estas persoas nunha situación de vulnerabilidade. Todo isto, ademais, tendo en conta que Galiza está por baixo da media estatal de solicitudes de dependencia por poboación potencialmente dependente.

En Galiza existe unha media de 17,17 solicitudes, fronte á media de 32 solicitudes a nivel estatal, a porcentaxe máis baixa de todo o Estado. En correlación, a media de recoñecementos

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de grao de dependencia en relación tamén coa poboación potencialmente dependente en Galiza é tamén a máis baixa do Estado. É dicir, temos unha poboación potencialmente dependente que non está a solicitar este recoñecemento porque ven que non se está a garantir.

Todo isto na conxuntura dun goberno que encabeza diversos ránkings que non son para sacar moito peito; un goberno que non atende, que non está a investir como debera nos seus servizos públicos; podemos falar, por exemplo, da sanidade. Aí está a situación da atención primaria, sendo unha das que menos inviste no Estado nesta materia. Pero podemos falar da dependencia e a situación non mellora, algo que tamén sinala o Consello Económico e Social: «O gasto público medio anual por persoa potencialmente dependente ascende no ano 2022 en Galiza a 762 euros, un 36 por cento inferior á media estatal, que se sitúa en 1.193 euros ao ano», considerando persoas potencialmente dependentes as que teñen máis de 80 anos e tal. Comparado co resto das comunidades autónomas, Galiza sitúase como a terceira comunidade co importe máis reducido, só por diante de Canarias e de Asturias.

E agora que chegan os orzamentos, vostedes anuncian a bombo e prato, a toda voz, diferentes bonos para as persoas dependentes que son coidadas no fogar, para as persoas que van para as residencias. Pero ¿que hai dos servizos públicos?, ¿que hai da rede pública de coidados? *(Aplausos.)* Porque se algo temos claro no BNG é que o primeiro é reforzar esta rede pública, que é claramente insuficiente para dar resposta ás demandas e ás necesidades da poboación; no caso que nos ocupa, das persoas que presentan algún grao de dependencia. E cómpre lembrar que a Lei de dependencia prioriza precisamente o acceso a servizos, ben sexa o servizo de axuda no fogar, residencias, centros de día, asistencia persoal ou teleasistencia. Calquera destes, fronte a bonos e axudas económicas co obxectivo de profesionalizar o coidado e de garantir unhas maiores cotas de benestar desde o sistema público. Os anuncios e os fogos de artificio que o Partido Popular vén facendo nos últimos tempos non resolven a escaseza enorme que existe en Galiza de prazas públicas en servizos esenciais de atención a persoas dependentes e persoas con discapacidade. Porque o que é evidente é que o modelo do Partido Popular é drenar cartos públicos á privada e reforzar os coidados familiares, que non son profesionais, antes que reforzar unha rede pública de servizos de atención ao benestar. E é evidente porque durante o debate de política xeral o presidente da Xunta non anunciou en ningún momento nin unha soa praza máis en nada, nin en residencias, nin en centros de día, nin novos servizos de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal.

Eu tróuxenlle aquí, señora conselleira, diferentes informes, diferentes datos de diferentes organizacións —tanto do Imserso, do Consello Económico e Social, do Observatorio da Dependencia e incluso da propia Valedora do Pobo— que, por certo —aproveitando a ocasión—, recoméndolle a lectura do seu informe anual, porque ten unha abondosa recolleita de queixas referentes á súa área. Todos estes informes, todos estes datos, dan conta do moito que falta por facer na súa consellería, do gran traballo que teñen por diante para poderen atender as persoas con dependencia, atendendo as necesidades que estas persoas teñen.

E, por iso, preguntámoslle, señora conselleira, máis alá dos fogos de artificio, máis alá destes anuncios de nota de prensa de San Caetano, ¿cales son as medidas para reforzar o sistema de axuda e de atención á dependencia? ¿Que van facer para reducir estes vergoñentos tempos e para mellorar a asistencia que reciben as persoas dependentes no noso país?

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

Resposta da conselleira de Política Social e Xuventude, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

Deputadas e deputados.

Señora Carreira, moi bos días.

A Xunta de Galicia é consciente de que detrás dunha solicitude de axuda á dependencia se encontra sempre unha familia que a necesita. Trátase de persoas que por distintas circunstancias precisan dese apoio por parte da Administración galega. E por ese motivo comparto con vostede que debemos de ser áxiles na súa atención, que debemos de ser sensibles a cada unha das casuísticas e que debemos evitar a burocracia, o papelame, e que estes dous factores empeoren as dificultades que de por si xa están a atravesar.

O Goberno galego traballa para reducir os tempos de espera na atención á dependencia, uns tempos que hai que recoñecer que son máis longos do desexable para calquera familia e uns tempos que, debido á nosa pirámide de poboación, supoñen un reto de enormes dimensións.

A situación que viven todas estas familias que agardan por un servizo de atención non é allea á Administración autonómica, e por ese mesmo motivo o pasado mes de setembro o Consello da Xunta de Galicia aprobou un novo decreto de dependencia. Esta normativa supón a reforma máis ambiciosa do noso sistema de acceso á dependencia dende o ano 2006 e ten como obxectivo central a simplificación administrativa. Deste xeito, non só procuraremos que sexan menos os trámites que o solicitante deba realizar, senón que tamén se axilizarán o traballo dos profesionais dos equipos de valoración e os de xestión administrativa. En concreto, esta reforma permitirá, en primeiro lugar, reducir o número de papeis que deberá presentar a persoa solicitante; de doce papeis que se presentaban ata o de agora pasarase a tan só dous, e será necesario un informe médico e un informe social; nada máis. Desta forma, imos acurtar os prazos dende que unha persoa acode por primeira vez aos servizos sociais municipais, e dende aí comeza o proceso de solicitude.

En segundo lugar, imos evitar duplicidades ao fusionar a resolución do grao de dependencia co denominado Plan individualizado de atención, que é ao que lle chamamos o PIA. Esta é a receita que determina o servizo ou a prestación que necesitan unha persoa con dependencia en función da súa situación.

En terceiro lugar, imos mellorar o sistema para que responda mellor ás necesidades de todos os cidadáns. Este PIA, esta receita, vai vir acompañada de opcións alternativas para que, no caso de non poder recibir de forma inmediata o servizo preferido, poida escoller a persoa dependente entre distintas opcións. Tamén se acompañarán dunha prestación económica

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pública que se recibirá de xeito automático mentres esa persoa agarda por un servizo solicitado.

Deste xeito, aliviaremos enormemente o número de expedientes a resolver, xa que o 40 por cento das solicitudes recibidas non son novas, senón que son revisións das solicitudes xa existentes. Así mesmo, este decreto tamén incluirá outras melloras, como son facilidades nas xustificacións de pagos, a creación de máis equipos de valoración e tamén a universalización do uso da historia clínica electrónica.

Logo da súa aprobación por parte do Consello da Xunta de Galicia, podo avanzarlles que o novo decreto de dependencia se publicará no *Diario Oficial de Galicia* nos vindeiros días para a súa pronta entrada en vigor. Pero paralelamente a esta reforma e como anunciou tamén o presidente da Xunta de Galicia no debate do estado da Autonomía, dende o Goberno galego estamos a dar pasos pioneiros para universalizar os coidados para as persoas con dependencia.

Galicia será a primeira comunidade autónoma de todo o Estado en crear axudas universais para as persoas que están nesta situación, independentemente do seu grao e da súa renda. *(Aplausos.)* Crearemos un Bono Coidado universal de 5.000 euros ao ano para aquelas persoas que reciben coidados nos seus propios fogares, que son nestes momentos 18.400 familias. Tamén impulsaremos un complemento universal de 1.200 euros ao ano para todas aquelas persoas que reciben nestes momentos o Bono Residencia, que son unhas 7.500.

En definitiva, e desta forma, damos pasos en firme de cara á universalización dos coidados, como xa existen noutros ámbitos do noso sistema do benestar, que nos van situar como unha referencia nacional na atención á dependencia. Como digo, estamos ante un reto de enormes dimensións que precisa da implicación de todas as administracións para poder facerlle fronte. Galicia destina neste ano 2023 un orzamento de 530 millóns de euros á atención á dependencia; un investimento que procede nun 70 por cento dos fondos autonómicos e tan só nun 30 por cento de fondos estatais, pese a que a propia Lei de dependencia, como xa dixen nesta Cámara multitude de veces, obriga a financiar a partes iguais o Goberno central e o Goberno autonómico. O Bloque Nacionalista Galego saca fotos con ese presidente que prioriza os seus intereses persoais ás necesidades dos galegos que precisan ese sistema de atención e que necesitan que responda á súa realidade territorial e demográfica.

Señora Carreira, agardo que sexan con el, co presidente Sánchez, tan exixentes como é vostede co Goberno galego. Pero do que poden estar seguros todos os galegos é de que a Xunta de Galicia vai seguir traballando para que Galicia se consolide como o mellor lugar de España no que vivir. Imos seguir traballando para facerlles a vida máis doada a todos os cidadáns; imos seguir traballando para que as persoas maiores e as persoas con discapacidade poidan vivir esta nova etapa das súas vidas con toda a liberdade, pero tamén con toda a capacidade para poder decidir; e imos seguir traballando para que o fagan sempre acompañados dos coidados e da atención que necesitan e que merecen.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Para a réplica, a señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Debo recoñecer que me sorprendeu a brevidade da súa exposición, porque, honestamente, contaba con que había moito máis que dicir a respecto da situación das persoas dependentes, sobre todo tendo en conta cal é a situación no noso país.

Pero cinguíndome ao que vostede comentou, fala vostede dese novo decreto da dependencia; un decreto que a Xunta empezou a tramitar a finais de 2021, que o Consello da Xunta aprobou o seu proxecto en abril de 2023, que se aprobou definitivamente neste Consello da Xunta do mes pasado, en setembro, e que será publicado nos vindeiros días, a priori, porque confiamos na súa palabra, pero que vemos que se está dilatando no tempo. Unha medida que nós entendemos como positiva, porque é certo que existía unha carga burocrática excesiva para estas persoas, pero tamén é certo que non pode ir soa, que ten que levar consigo outras medidas para que sexa realmente efectiva, por exemplo, o reforzo dos equipos de valoración da dependencia, que vemos que teñen un cadro exiguo e que necesitan un reforzo, sobre todo en provincias como a de Pontevedra e a da Coruña, onde existe unha lista de agarda importantísima.

Falaba vostede outra vez... Eu dicíalle que a ver se había algo máis, á parte dos fogos de artificio, pero volvemos a eles. Falamos, entón, do bono de coidados familiares para persoas que son atendidas no seu fogar. ¿Que hai detrás dese bono de coidados familiares? Por unha parte, que non se garanten os coidados profesionais que estas persoas teñen que recibir, a pesar de estar nas súas casas, e despois, a maiores, vostede sabe que o coidado dunha persoa dependente require na maior parte das ocasións unha dedicación completa, unha dedicación que é asumida na maior parte das familias polas mulleres; é dicir, que hai unha precarización das coidadoras que están atendendo estas persoas con dependencia.

Fala vostede do Bono Residencia, un bono para que as persoas poidan escoller a residencia á que queren ir. As persoas van á residencia onde atopan unha praza, porque o problema que temos é que non temos prazas nas residencias; sobre todo non temos prazas nas residencias públicas. Ao mellor, habería que pensar en incrementar o número de residencias ou o número de prazas en residencias públicas en vez de crear fogos de artificio para desviar a atención do problema que realmente temos no día de hoxe coas persoas dependentes.

Falaba tamén do incumprimento do Goberno central no que se refire ao financiamento da dependencia, algo que nós xa temos denunciado —si, señora conselleira, si—. Pero, aínda así, hai unha cuestión que, precisamente recollendo o informe anual da Valedora do Pobo, do 2022, se ve que hai algo que reflicte a propia valedora, que é a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 5 de xuño de 2013, que sinala que a Administración non pode escudarse en disposicións orzamentarias para xustificar a dilación da aprobación do PIA. A demora excesiva inxustificada do procedemento, e singularmente da aprobación do PIA, non pode xustificarse con base en medidas lexislativas, déficit orzamentario e falta de cooperación doutras administracións. A Valedora do Pobo está aquí a recoller unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza, e, aínda así, a argumentación que teñen é, precisamente, a que lle piden que non utilicen.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu faleille dunha realidade moi concreta que temos no día de hoxe no noso país, e é que as persoas dependentes agardan un ano para veren recoñecido o seu grao de dependencia, cando na lexislación actual se recolle que teñen que ser seis meses, para veren garantida a súa prestación.

Pregúntolle cales son as medidas concretas que van desenvolver para reducir estes tempos. Amais da aprobación dese decreto da dependencia, ¿teñen prevista algunha outra medida? Creo que a situación das persoas dependentes no noso país non é para tirar cohetes. *(Aplausos.)* Non é en ningún momento —aínda que haxa certas melloras— para sacar peito de nada, porque, como lle dixen, é gravísimo que as reducións que haxa das listas de agarda sexan porque falecen as persoas que están nesa lista de agarda. Deille os datos anteriormente. Se quere, volvémonos analizar. Son datos que non son meus, que non son do BNG; son datos de organismos oficiais, como o Observatorio da Dependencia, o Imserso ou o Consello Económico e Social, pero, se quere, mirámolos outra vez.

Por iso lle pregunto: ¿cales son as medidas concretas? A maiores do decreto, ¿teñen pensado emprender algunha outra nova medida ou vai volver repetir os anuncios que xa fixo o señor Rueda, sen analizar a realidade que hai despois detrás deles? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

Para o peche da interpelación, a conselleira de Política Social e Xuventude.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Carreira, o Goberno galego é o primeiro en facer autocrítica e en sinalar que é preciso seguir mellorando o sistema de atención á dependencia. Do que non nos poderán acusar nunca é de quedar de brazos cruzados e de non facer nada, senón que o único que nos poden dicir e que poden recoñecer é que poñemos en marcha medidas pioneiras e medidas resolutivas que atenden realmente os verdadeiros problemas dos galegos.

Os propios datos do Imserso, como di vostede, acreditan que estamos facendo fronte a esta situación tan complexa e que o estamos facendo mellor que o resto dos territorios. Galicia é nestes momentos a terceira comunidade de toda España coa mellor ratio de atención á dependencia. Mire, o 98 por cento das persoas que teñen un grao de dependencia recoñecido —pode comprobalo vostede na páxina web do Imserso e nas estatísticas que publica mensualmente— recibe nestes momentos unha prestación ou un servizo, e por iso Galicia está dez puntos por riba da media nacional. Pero é que, ademais, o pasado mes de setembro superamos a barreira dos 73.000 galegos dependentes atendidos.

Señora Carreira, se soamente estivésemos reducindo a lista de espera por persoas falecidas, como vostede afirmou hoxe, ¿como pode explicar que cada mes subamos cada vez máis o número de persoas dependentes atendidas ata chegar nestes momentos ata as 73.000?

Mire, señora Carreira, vostede tamén fala de «persoas potencialmente dependentes». Ese concepto de «persoas potencialmente dependentes» non é un concepto nin realista nin é

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

un concepto xusto coas comunidades máis envellecidas, porque ser maior en Galicia no século XXI non implica en ningún caso perder autonomía nin necesitar automaticamente dunha rede de coidados. Por iso, dende o Goberno galego o que estamos a facer é impulsar cada vez máis programas que propicien a autonomía das persoas maiores. Facémolo con multitude de programas —vós sabédelo ben—, como son as casas do maior, o programa de estancias en balnearios, as unidades de coidados porta a porta ou as actividades permanentes coas universidades galegas. Esa é a forma na que queremos que as persoas maiores en Galicia se manteñan activas.

Pero, ademais, vostede fala desa rede pública de residencias, desa rede pública de coidados. Mire, señora Carreira, o Goberno galego triplicou o número e a oferta de prazas públicas dende o ano 2009; pasamos das 5.500 ás 15.000 prazas financiadas con fondos públicos que temos nestes momentos. Pero é que, ademais, onte mesmo inauguramos a primeira residencia que nos entrega a Fundación Amancio Ortega, que aínda que a vostedes non lles gusta moito, dende o Goberno galego e dende a Xunta de Galicia estarémoslle eternamente agradecidos; unha residencia que vai permitir abrir 120 novas prazas públicas, que se van sumar ao resto das residencias que se están construíndo nas outras seis cidades galegas, á residencia pública de Ribeira —da que onte tamén falamos—, á residencia de Antas de Ulla e a todas as residencias municipais. Por iso a Xunta de Galicia está poñendo da man dos concellos galegos todos eses fondos para que sexan unha realidade.

Vostede tamén fala desa externalización e de que faltan prazas públicas. Mire, cando gobernaban vostedes, o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista, asinaron contratos blindados para externalizar cinco residencias públicas: Laraxe, Quiroga, Viana do Bolo, Castro de Rei e Bande. Cando vostedes poñen en marcha centros dende a Deputación de Lugo, xestión externa; onde goberna o partido nacionalista e abren residencias, tamén son de xestión privada, como por exemplo en Ribadeo. E así o mesmo fan con todos os concellos, neses concellos onde goberna o Bloque Nacionalista Galego. E xestionan o servizo de axuda no fogar, maioritariamente, de forma externalizada.

Pero o que si que quero que quede hoxe moi claro é que dende a Xunta de Galicia somos conscientes de que a atención á dependencia é un dos piares fundamentais do noso sistema de benestar, que imos continuar investindo cada vez máis fondos. Así que agora que están a punto de asinar ese novo convenio ou ese novo acordo entre o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego para votar favorablemente a investidura do señor Pedro Sánchez, pídolles que polo menos cumpran o acordo do pasado 3 de xaneiro do ano 2020 no que se comprometían a financiar o 50 por cento da dependencia; e estanse rindo na súa cara. *(Aplausos.)* A ver se esta vez o señor Sánchez se acorda do Bloque Nacionalista Galego e de Galicia.

Miren, imos seguir coidando das persoas maiores, persoas que traballaron e que se sacrificaron para construír a Galicia que temos a día de hoxe. Imos seguir impulsando medidas pioneiras, como o Bono Coidado Universal ou o complemento de 1.200 euros ao Bono Residencia; imos continuar poñendo cada vez máis recursos no noso rural, como as casas do maior; imos continuar poñendo en marcha e abrindo novos centros públicos de coidados intermedios, sendo unha referencia tamén a nivel nacional, dando eses coidados sociosanitarios que tanto necesitan as persoas maiores; e imos seguir mellorando tamén a porta de

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

acceso a todos estes servizos para que poidan desfrutar deles o antes posible e como merecen.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Continuamos coa interpelación de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, do Grupo Parlamentario Socialista.

Interpelación de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a evolución da débeda pública da Comunidade Autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bo día, señores e señoras deputadas.

Bo día, señor Corgos, e grazas por estar hoxe aquí para atender a nosa interpelación.

Permítame que empregue medio minuto do meu tempo simplemente para rebater unha mentira que se dixo hoxe aquí e sobre a que eu, realmente, me alporicei un pouco, posto que cando se fala de dereitos para os españois e as españolas e, polo tanto, para os galegos e para as galegas, non me parece nin normal nin xusto que nesta sede parlamentaria se minta; e o señor presidente pois rifoume, e rifoume ao mellor con razón, porque me alterei un pouco, pero realmente creo que ese alporizamento merecía esa contundencia contra esa mentira. Pois mire, señora deputada do Partido Popular: *(A señora Rodríguez Rumbo le un documento.)* «*El Congreso aprueba el derecho a la eutanasia por 202 votos a favor, frente a 141 en contra*», do Partido Popular e de Vox. *(Aplausos.)* Déixollo aquí *(A señora Rodríguez Rumbo ensina unha imaxe á Cámara)* e déixolle a votación para que non volva mentir, señora deputada, para que non volva..., non, non faga así na cara; non, non, escoite a súa intervención. Vostede hoxe aquí, en sede parlamentaria, mentiu, ¡mentiu!, e o Partido Popular votou en contra, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* señor presidente. Se a vostedes non lles gusta... Eu comprendo que se sintan avergoñados do seu voto, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* pero o Partido Popular votou en contra da Lei da eutanasia, ¡en contra! *(Aplausos.)* Gústelle a vostede ou non, dixo a señora deputada. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, señor Corgos, benvido e falando do tema... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio. É que vou ter que intervir eu nos debates. Eu estiven atento. A señora deputada non dixo exactamente iso... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón —repito—, pedimos a transcrición, que é o mellor. Ela dixo que unha enferma de ELA solicitara a eutanasia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Iso foi o que dixo, por ser unha carga para a súa familia. Iso foi o que dixo, se non me falla a memoria.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Aínda sendo iso...

O señor PRESIDENTE: Non, pero iso é distinto a dicir que...

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señor presidente, señor presidente...

O señor PRESIDENTE: Imos debater en serio.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Aínda con esa apreciación, paréceme bastante forte que unha persoa veña aquí dicindo que unha enferma de ELA ten que solicitar a eutanasia porque é un dereito ao que o Partido Popular votou en contra, e, polo tanto, esa enferma de ELA... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Iso é outra cuestión.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...non podería exercer ese dereito...

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

Señor Pazos, silencio.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ..., non podería exercer ese dereito...

O señor PRESIDENTE: Silencio. Señor Pazos, silencio.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Esa enferma de ELA... Si, si, non podería.

O señor PRESIDENTE: Señor Pazos, vouno ter que chamar á orde. Silencio, silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, pero mire, mentir, imos ver, a ver se nos aclaramos. Mentir, teñen que empezar todos vostedes a saber cando utilizan a palabra mentir, porque aquí se utiliza a palabra mentir a diario, ¡a diario! Entón, eu escoitei perfectamente o que dixo a señora deputada, e a señora Rodríguez Rumbo fixo outra interpretación e agora meteuse claramente nun debate político. O que acaba de dicir aquí agora é outra cousa, pero a señora deputada non dixo o que dixera vostede antes, señora Rodríguez Rumbo.

Continuamos.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Ben, pois unha enferma de ELA puido exercer un dereito grazas a que o Partido Socialista levou esa lei, e co voto en contra do Partido Popular. Recórdolle, señor presidente, que cada vez que traio aquí un dato traio os datos que avalan o que eu traio aquí. *(Aplausos.)* En fin...

Ben, señor Corgos, benvido, grazas por estar hoxe aquí. Mire, a Constitución española, no seu artigo 147, establece que os recursos das comunidades autónomas están constituídos polos impostos cedidos total ou parcialmente polo Estado, recargo sobre os impostos estatais e outras participacións nos ingresos do Estado; os seus propios impostos, taxas e contribu-

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cións especiais; as transferencias do Fondo de Compensación Interterritorial e outras asignacións con cargo aos orzamentos xerais do Estado; os rendementos procedentes do seu patrimonio e ingresos de dereito privado; ou o produto das operacións de crédito.

A Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas —a LOFCA—, no seu artigo 14, recolle como un dos recursos financeiros das comunidades autónomas o endebedamento, tanto a curto como a longo prazo, establecendo as operacións de crédito a curto prazo para destinalas a cubrir necesidades transitorias de tesourería, mentres que as operacións de crédito por prazo superior a un ano deben cumprir dous requisitos: que o importe total do crédito sexa destinado exclusivamente á realización de gastos de investimento e que o importe total das anualidades de amortización por capital e intereses non excedan o 25 por cento dos ingresos correntes da Comunidade Autónoma no orzamento do exercicio.

Pois ben, os últimos datos publicados polo Banco de España sobre a débeda pública das comunidades autónomas no segundo trimestre deste exercicio reflicten que Galicia ocupa o sétimo posto con máis volume de débeda, acadando a débeda galega os 12.333 millóns de euros, o segundo peor dato de toda a serie histórica, e que supón 509 millóns de euros máis que no mesmo trimestre do ano 2022 e multiplicándose por 2,5 respecto á débeda que deixara o Goberno de Emilio Pérez Touriño no ano 2009, é dicir, 4.489 millóns de euros, fronte aos 12.333 millóns de euros actuais do Goberno do señor Rueda.

Se calculamos esa débeda per cápita, podemos dicir que en Galicia se pasou de 1.752 millóns de euros per cápita en 2009 a 4.565 euros no segundo trimestre de 2023, desbotando esa idea de bo xestor dos gobernos de Feijóo e de Rueda durante estes catorce anos. Se empregamos esa fantástica linguaxe á que nos ten acostumados ultimamente o señor Feijóo, pois podemos afirmar que entre Feijóo e Rueda nos deixaron un pufo a todos os galegos, a cada galego e a cada galega, de 4.565 euros agora en 2023.

En realidade, os socialistas entendemos o endebedamento, e entendemos ademais que o endebedamento é necesario para poder facer fronte ás competencias da Comunidade Autónoma expresadas nos orzamentos aprobados para cada exercicio. O problema vén cando vemos como nos últimos anos os orzamentos da Xunta de Galicia medran ata acadar cifras históricas, como vostede mesmo e os presidentes da Xunta de Galicia teñen dito ultimamente cada vez que presentan os orzamentos da Comunidade Autónoma.

Para 2024, o proxecto de orzamentos consolidados que vostedes acaban de presentar acada os 13.325 millóns de euros de ingresos non financeiros, é dicir, un 6,6 por cento máis que en 2023, ou 13.257 millóns de euros de gasto non financeiro, é dicir, un 5 por cento máis para este exercicio. O que quere dicir que, se comparamos os orzamentos de 2018 co proxecto de orzamentos que vostedes acaban de presentar respecto de 2024, temos 4.100 millóns de euros máis dos que tiñamos en 2018 para atender ás necesidades dos galegos e das galegas e dos nosos sectores produtivos.

Este incremento débese, fundamentalmente, ao incremento do financiamento autonómico, ao incremento das transferencias finalistas que veñen do Estado e deses fondos do meca-

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nismo de recuperación, transformación e resiliencia, fondos para os que vostedes se adicaron a ir a Europa co obxectivo de que non chegasen a España.

É dicir, podemos afirmar, con rotundidade, que, con Pedro Sánchez de presidente do Goberno, Galicia consegue os mellores orzamentos da súa historia e que Pedro Sánchez foi e vai seguir sendo o mellor presidente de España para Galicia. Porque é aí, si, señores e señoras deputados do Partido Popular, onde se valora un presidente e onde se valora se ese presidente é útil para a cidadanía.

O problema da nosa Comunidade, xa que logo, non se trata tanto de acadar ingresos, que nunca son suficientes, e dende o Grupo Parlamentario Socialista sempre estaremos aí para exixir máis ao Goberno do Estado, estea quen estea gobernando no Goberno do Estado, senón que, máis ben, o problema vén coa mala xestión e a falla de execución orzamentaria do Goberno galego. Vostedes anuncios fan moitos, publicidade e propaganda fanas todas —iso si, nos medios públicos que pagamos todos e todas as galegas e no seu xornal de cabeceira—, pero facer, fan pouco, e executar, executan pouco.

A Xunta de Galicia —segundo os datos do Ministerio de Facenda—, no ano 2021, deixou sen executar 1.617 millóns de euros do seu orzamento. Se imos aos doce anos anteriores, é dicir, ao período entre 2010 e 2021, podemos falar de que a Xunta de Galicia deixou sen executar 11.242 millóns de euros; polo tanto, a súa xestión non é tan boa como vostedes din e tanto sentidiño parece que non teñen. Mentres, si que vemos que o candidato Rueda se dedica a percorrer Galicia en autobús invitando a cañas, porque realmente ninguén o coñece, entón está ben que visite por aí toda Galicia e que, ademais, lles dea unha caña para dicirlles: «miren, eu son o presidente da Xunta de Galicia». Pero é que, ademais diso, ademais de percorrer Galicia para ver se o coñecen dunha vez, debería estar traballando para atender as necesidades das persoas dos sectores produtivos e para executar eses orzamentos e eses fondos europeos que veñen a través dese Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia, contra o que o Partido Popular tamén votou en contra —e non digo mentira, ¿verdade?, porque, bueno, como aquí ás veces se nos acusa de que mentimos...—.

Pero ben, hoxe escoitando o presidente na resposta que daba ao noso voceiro parlamentario, afirmaba que o presidente Sánchez non achegara nada para Galicia, e a señora Prado del Río, na súa intervención —na que acaba de facer—, dicía máis ou menos o mesmo. Pois ben, eu quérolle preguntar, señor conselleiro: ¿quen beneficiou máis a Galicia? En catorce anos do Partido Popular na Xunta de Galicia, primeiro con Feijóo e despois con Rueda, constatouse o programa neoliberal do Partido Popular: dos recortes, da precarización e da maior sangría demográfica. Perdemos, nos catorce anos que leva gobernando o Partido Popular, máis de cento quince mil habitantes nesta comunidade. Levamos sufrindo recortes e precarización nos servizos públicos: na sanidade pública galega temos novecentos setenta e seis profesionais menos en atención primaria, como o certifican as continuas queixas das persoas usuarias. Ante a falla de profesionais aumentan as vergoñentas listas de agarda non só en atención primaria, senón tamén en atención especializada. Esa falla de especialistas en todos os puntos de Galicia, de profesionais que formamos en Galicia —e que formamos moi ben, por certo—, prodúcese porque estes marchan buscando mellores condicións, fuxindo desa precariedade e esa temporalidade que lles ofrece o Sergas. Temos centros de saúde no rural

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que se converteron en meros consultorios, cuns PAC mal dotados e cunha atención á saúde mental inexistente, cando é un dereito humano fundamental.

Ou podemos falar tamén deses recortes e desa precarización na educación pública: temos menos profesionais...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...—remato xa, señora presidenta— e con máis carga lectiva; temos aulas masificadas, sen profesionais suficientes para atender o alumnado con necesidades especiais —como esa pedagoxía terapéutica ou esa audición e linguaxe—; non temos un servizo homoxéneo de comedores escolares; temos pais e nais que teñen que desembolsar uns seiscentos euros de media polos libros e o material escolar —e cando nós pedimos ou traemos iniciativas para esa gratuidade dos libros, o Partido Popular tamén vota en contra; ¡e supoño que non será mentira!—; e temos eses problemas co transporte escolar. Tamén temos esa falla de atención á dependencia, que sitúa Galicia á cola do Estado en investimento público en dependencia, coa cal os familiares quedan esgotados agardando ata catro anos pola resolución da súa pensión...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...—con isto xa remato—. Por certo, o Goberno do Estado achegou neste proxecto de orzamentos que vostedes acaban de presentar, 128 millóns de euros máis, acadando a cifra de 655 millóns de euros para a dependencia.

Sigo na segunda parte coa miña exposición.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Polo tanto, nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para responder ten a palabra o señor conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, presidenta.

E grazas, señora Rumbo.

Estou un pouco asombrado porque a súa interpelación exactamente é: ¿que valoración fai o Goberno galego sobre o incremento da débeda pública da nosa comunidade autónoma neste exercicio? E non falou nada diso. Eu vou atender ao teor literal da súa pregunta, *(Murmurios.)* se me permite, porque creo que é máis informativo para todos os cidadáns da comunidade autónoma que facer un revoltillo de diferentes valoracións subxectivas, como fixo na súa exposición.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Permítame comezar, antes de entrar no fondo da pregunta, e partindo do enorme respecto que lles teño a vostede e ao seu grupo, dicíndolle que cómpre salientar este cambio de criterio e de plantexamento que está a amosar respecto ao uso do endebedamento público, agora que estamos a piques de meternos de cheo nun novo debate orzamentario, xa que, ao longo destes catorce anos, a crítica da oposición, principalmente, era sempre a mesma: os recortes e a austeridade. As emendas que se facían aos orzamentos por parte do seu grupo parlamentario, pero tamén por parte do Bloque e doutros, que xa non teñen representación parlamentaria —eu estaba aquí para ouvilas—, apostaban por máis déficit e, polo tanto, por máis débeda. Agora resulta que na súa interpelación nos critica polo contrario; agora din que este Goberno se endebedou demasiado. Pois non entendo moi ben está muda de criterio.

En todo caso, señoría —e xa entrando na cuestión—, paréceme oportuno debater sobre o endebedamento público e que vostede me interpele sobre esta materia porque son especialistas en débeda pública, tanto en Galicia como en España. España, na actualidade, é un dos países de Europa que presenta maiores niveis de débeda pública, por detrás de Grecia e de Italia, cun nivel similar a Portugal e a Francia. Isto, obviamente, é un risco para a sustentabilidade das finanzas públicas, sobre todo nestes momentos de suba de tipos de xuro e de endurecemento das condicións de financiamento; así o sinalan todos os organismos públicos e privados nacionais e internacionais. Por iso, a política de endebedamento que levou a cabo este Goberno da Xunta de Galicia foi de rigor e de prudencia, precisamente para non pór en risco a solvencia das finanzas públicas autonómicas.

Como vostede ben sabe, foi a partir do ano 2010 cando as administracións públicas do noso país se viron na necesidade de incrementar exponencialmente o seu endebedamento como resposta á dobre recesión económica que viviu España e que impactou de forma abrupta sobre os ingresos públicos. Máis recentemente, coa crise sanitaria motivada pola covid-19 volveuse requirir dun enorme esforzo público que se traduciu nun novo incremento das *ratio* de endebedamento. É certo que, tras este forte incremento motivado pola pandemia, a *ratio* de débeda pública en España mostra unha senda descendente, pero tamén é certo que se debe, en gran medida, ao crecemento nominal da actividade económica como consecuencia dunha elevada inflación.

Se analizamos a evolución recente da débeda pública en España e tomamos como referencia o stock de débeda que había antes do inicio da pandemia, a finais do ano 2019, veremos que, neste período, as administracións públicas no seu conxunto incrementaron o seu endebedamento en máis de 345.000 millóns de euros; isto supón un 28 por cento máis con respecto ao peche do ano 2019. Porén, a maior parte deste incremento non veu motivada polas comunidades autónomas —das que falarei de seguido—; a maior parte dese incremento da débeda pública veu motivada pola Administración do Estado a pesar das cifras récord de recadación impositiva que está a ter. Vexamos as cifras concretas: a Administración xeral do Estado incrementou a súa débeda en 324.390 millóns de euros, un 30 por cento máis dende o 2019. A Seguridade Social incrementou nun 93 por cento o seu nivel de débeda, duplicando case o importe da súa débeda. En termos de PIB, a *ratio* de débeda pública de España situouse, no segundo trimestre do ano 2023, no 111,2 por cento, cifra aínda superior en trece puntos porcentuais ao nivel prepandemia. No eido concreto das comunidades autónomas, a

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

súa débeda conxunta incrementouse en 32.266 millóns de euros, tomando tamén como referencia a débeda de peche do ano 2019, o que supón un incremento dun 11 por cento. En termos de *ratio* débeda-PIB, as comunidades autónomas, polo xeral, están a reducir os seus índices de endebedamento ata situarse nun nivel do 23,2 por cento, cinco puntos porcentuais por debaixo do nivel que presentaban antes da pandemia. Non obstante, aínda cinco comunidades autónomas presentan niveis superiores de débeda aos que tiñan a finais do ano 2019.

É neste contexto de elevación do nivel de endebedamento público que presentan as administracións no noso país onde hai que analizar a evolución do endebedamento da Comunidade Autónoma de Galicia e a situación na que se atopa, porque, obviamente, a Xunta de Galicia empregou e recorreu ao endebedamento e por suposto que se incrementou a débeda pública, pero sempre recorrendo a ela con responsabilidade e con prudencia, como recurso necesario para o financiamento dos servizos públicos esenciais, pero salvagardando en todo momento a solvencia financeira da comunidade autónoma. Vostede, na exposición da súa pregunta, compara a débeda actual coa que había co goberno do señor Pérez Touriño e sinala que, segundo os últimos datos publicados polo Banco de España sobre a débeda pública das comunidades autónomas, Galicia ocupa o sétimo posto por volume de débeda, pero o que vostede non di nesa comparativa —e estes tamén son datos oficiais— é que con ese goberno do señor Touriño, Galicia era a cuarta comunidade autónoma máis endebedada. O peso que ten actualmente a débeda de Galicia con respecto ao volume total de débeda do conxunto das comunidades autónomas é do 3,7 por cento, cando na época de Touriño representaba o 5,2 por cento de todas as comunidades autónomas —e, repito, era a cuarta máis endebedada—. Este é un dato moi importante porque estamos comparando termos homoxéneos e porque nestes catorce anos se estivo a reducir de xeito constante o peso do endebedamento da comunidade autónoma respecto das demais.

Se tomamos como referencia o produto interior bruto, hoxe, a débeda de Galicia, representa o 16,7 por cento do seu PIB, isto é, 6,5 puntos menos que a media das comunidades autónomas. Co goberno do señor Pérez Touriño —reitero— Galicia estaba por enriba da media. E tomando como referencia a poboación —á que tamén fixo referencia vostede—, en 2009 Galicia era a sexta comunidade con maior débeda per cápita, e actualmente somos a cuarta; pero non a cuarta máis endebedada, somos a cuarta pola cola con menor débeda per cápita. No ano 2009 tan só había cinco comunidades autónomas con máis endebedamento que Galicia e agora hai trece; polo tanto, ¿que significa isto?: que, co Goberno bipartito, Galicia estaba dentro do grupo das comunidades con máis débeda, e actualmente estamos entre as comunidades autónomas con menos débeda. Isto é posible porque ao longo destes catorce anos a nosa comunidade incrementou o seu endebedamento en moita menor medida do que o fixeron outras administracións públicas.

Señorías, de ter incrementado a débeda nos termos que vostedes, ano tras ano e orzamento tras orzamento, nos dicían, agora, teriamos seis mil millóns máis de euros de débeda. Pola contra, os datos oficiais publicados polo Banco de España avalan que Galicia é a comunidade autónoma que menos incrementou a súa débeda neste período. E isto despois de pasar por unha crise económica global que impactou de cheo nos ingresos do orzamento da comunidade, que descenderon de forma continuada ata situarse a niveis de 2004; despois dunha crise de débeda soberana que motivou que a maioría das comunidades autónomas tivesen

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que ser rescatadas —moitas delas aínda seguen sen poder financiarse autonomamente nos mercados—; e despois dunha crise sanitaria que colapsou por completo non só a actividade económica de Galicia, senón da economía mundial. Precisamente, o recurso da débeda ten o seu sentido e ten a súa xustificación en momentos de crise, en momentos recesivos nos que é preciso dar un pulo á actividade económica, pero sempre de xeito responsable, de xeito prudente e de xeito controlado, para que así, cando se dean estas situacións, se teña capacidade e marxe para responder económica e financeiramente.

Quizais o que habería que preguntarse é: ¿por que o Goberno que estaba á fronte da Xunta de Galicia entre os anos 2005 e 2009 incrementou a débeda en máis de tres mil millóns de euros?; ¿por que o seu Goberno incrementou a débeda da Xunta de Galicia en case mil quiñentos millóns de euros?; ¿por que este Goberno incrementou a débeda das empresas públicas fóra do perímetro de consolidación en cento setenta e cinco millóns de euros? —deses vostede non falou—; e, ¿por que este Goberno aprobou uns orzamentos nos anos 2008 e 2009 cuns importes aos anticipos do sistema de financiamento autonómico completamente inflados que incluían ingresos indebidos por dous mil douscentos millóns de euros, que agora estamos a devolver e que, por tanto, son maior débeda? —deses tampouco falou—. Estamos a falar dun incremento medio anual dun vinte e tres por cento neses catro anos; nuns anos de bonanza económica e de forte actividade económica; nuns anos de fortes incrementos dos ingresos públicos das administracións. Polo tanto, señoría, lecciónns sobre endebedamento faga poucas, pois deixaron unha comunidade autónoma entre as máis endebedadas e, hoxe, grazas á xestión prudente deste Goberno, estamos entre as comunidades menos endebedadas.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Corgos.

Rolda de réplica.

Ten a palabra novamente a señora dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señor conselleiro, vostede sabe perfectamente o contido da nosa interpelación. A primeira era: ¿que valoración fai o Goberno sobre o incremento da débeda?; pero a segunda era: ¿cales foron os motivos, segundo o Goberno galego, polos cales se produciu este incremento?; e a terceira era: ¿pode dicirnos o Goberno galego en que se materializou este incremento da débeda pública? Polo tanto, eu creo que a miña primeira intervención era correcta *(O señor conselleiro de Facenda e Administración Pública pronuncia palabras que non se perciben.)* —¡si, si, señor conselleiro, si!—. Estáballe mostrando unha radiografía da Galicia que temos, e para a que estaba servindo. Polo tanto, esa débeda que se multiplicou por 2,5 e se incrementou no último ano fíxoo en novecentos millóns de euros. Entón, señor conselleiro, si que me estou cinguindo estritamente á interpelación que lle estaba facendo, porque se multiplica por 2,5.

Vostede dixo que non tivo axudas do Estado para mellorar os servizos públicos e para saír das crises económicas. ¡Home!, señor conselleiro, vostede sabe perfectamente que, efectivamente,

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

acabamos de pasar a peor crise sanitaria, económica e social dende a Guerra Civil, e, ademais, despois tivemos a guerra de Ucraína, pero vostede tamén sabe perfectamente que o Goberno do Estado, encabezado por Pedro Sánchez, puxo en marcha o maior paquete de medidas económicas para axudar todas as comunidades autónomas —sábeo perfectamente—. E iso reflíctese nos orzamentos que, ano tras ano, vostedes aproban aquí nesta Cámara galega.

Polo tanto, as axudas de Pedro Sánchez, as axudas do Goberno do Estado, non son unha quimera; son unha realidade. Grazas a iso, España e Galicia están na situación que están, e, se estivésemos con Mariano Rajoy seguro que estariamos noutra situación porque cando foi a gran crise económica, ¿que fixo Mariano Rajoy, máis alá de tomar medidas austeras e de austericidio, deixando as persoas na cuneta? *(Murmurios.)* Sábeo vostede perfectamente. *(Aplausos.)* Mire, señor conselleiro, *(Murmurios.)* eu comprendo que estean molestos e que lles dea vergoña que esa fose a xestión da crise de Mariano Rajoy; e se non lles dá vergoña, entón si que é para preocuparse. *(Murmurios.)* —¡Entón si que é para preocuparse!—.

Pois miren, señores e señoras do Partido Popular..., *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...¿saben que din os informes oficiais? Pois din que en 2022 tiñamos 636.000 persoas en risco de pobreza e de exclusión social; que en Galicia temos as pensións máis baixas do Estado; que no terceiro trimestre de 2023, segundo o IGE —supoño que non terán dúbida—, case o cincuenta e catro por cento dos fogares galegos chegan con dificultade ou moita dificultade a fin de mes; que vostedes, na Xunta de Galicia, abandonaron completamente a política industrial, deixando todo á sorte do Xacobeo e culpando de todos os males ao Goberno do Estado; e que levan a cabo unha política de vivenda que non permite ás persoas saír da pobreza nin favorece a emancipación xuvenil.

Hoxe pola mañá —bueno, pola mañá aínda estamos—, hai un rato, a conselleira con competencias na materia dáballe á cabeza cando o noso voceiro daba datos sobre o tema da vivenda, pero é que nós traemos datos e son os datos de execución orzamentaria que vostedes nos facilitan; polo tanto, se os datos de execución orzamentaria ou de solicitantes de vivenda protexida, que nós damos aquí, están mal, isto quere dicir que vostedes nos menten a nós e a toda a cidadanía galega porque o que din é que hai case 18.000 solicitantes de vivenda protexida apuntados no Rexistro da Xunta de Galicia; e que en 2022 se deixaron sen executar 120,5 millóns de euros do Fondo para vivenda, é dicir, deixaron sen executar sete de cada dez euros das cantidades orzadas por vostedes mesmos; ou que só executaron o 8,8 por cento do Programa de acceso á vivenda, é dicir, executaron 4,4 millóns dos 52 millóns de euros orzados, señor conselleiro. Eses son os datos que vostedes nos dan; non son datos inventados por este grupo parlamentario. Eses datos tamén din que o financiamento aos concellos galegos vostedes ségueno tendo conxelado; para 2024 —¡si!— o Fondo de cooperación local segue sendo exactamente o mesmo. Mire, na súa réplica, señor conselleiro, gustaríame que nos dixese cal é o grao de execución dos investimentos previstos pola Xunta de Galicia.

En definitiva, señor Corgos, nestes catorce anos do Partido Popular na Xunta de Galicia, ese maior endebedamento non valeu para soster as contas públicas nin para mellorar a vida dos

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

galegos e das galegas, que ven como se recortan e se precarizan os servizos públicos, como non se executan os investimentos necesarios para mellorar a nosa sociedade, como non se avanzou o suficiente na transición ecolóxica e dixital e na cohesión territorial, como si que se incrementaron os beneficios fiscais ás persoas máis ricas da nosa comunidade, constatando a consolidación do programa neoliberal do Partido Popular.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Remato xa, señora presidenta.

Mire, señor conselleiro —como lle dicía antes—, dende o 2018, cos orzamentos históricos máis altos, a débeda galega medrou en 991 millóns de euros. Por certo, señor conselleiro, xa que non vou ter tempo de dicir todo o que tiña previsto, si que hai un tema que me gustaría que me contestase agora na súa réplica. Vostede sabe que os fondos de compensación interterritorial son uns recursos cuxa finalidade é corrixir os desequilibrios económicos interterritoriais e facer efectivo ese principio de solidariedade —desa igualdade da cal vostedes falan— entre todas esas comunidades que teñen dereito, que son dez...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...das dezasete, á parte das cidades autónomas. Resulta que vostedes, no ano 2022, tiñan a contía de 81,5 millóns de euros, da cal só executaron o 22 por cento. Eses tamén son fondos para facer fronte ás necesidades das familias galegas...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematou o seu tempo, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...para poder facer... e, sobre todo, neste caso...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...para os investimentos. E vostedes executaron no ano 2020, cero.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: No ano 2020, cero; e do ano 2022 teñen sen executar o 83,98 por cento.

Polo tanto, señor conselleiro, a ver se na súa segunda réplica nos dá resposta á pregunta de para que serviron este endebedamento e estas axudas que teñen do Goberno de España.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Peche.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ten novamente a palabra o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, presidenta.

Bueno, hai tres preguntas nunha. Se quere, sobre o FCI podemos facer un monográfico noutra ocasión, e eu comparecerei encantado para contarlle a execución do mesmo, pero por cinguirme un pouco á súa pregunta, primeiro, quero clarexar dous asuntos a que fixo referencia. En primeiro lugar, non é certo —non vou dicir que mente, pero non é certo— que o Fondo de cooperación local estea conxelado dende o ano 2010; no ano 2010 eran 116 millóns de euros e hoxe en día son 169,4 millóns de euros. Está moi lonxe de estar conxelada a cooperación coas corporacións locais, señora Rodríguez Rumbo. O esforzo que fai o Goberno da Xunta para apoiar as corporacións locais é dificilmente comparable, dende logo, co do seu Goberno.

A segunda puntualización é que ten vostede a memoria demasiado selectiva porque debería lembrar tamén como apoiaron vostedes, cando foi a gran crise, as comunidades autónomas, reducindo, no ano 2010, o sistema de financiamento autonómico para Galicia en 1.160 millóns de euros *(Aplausos.)* —¡1.160 millóns de euros!— e engadindo unha débeda de 574 millóns de euros que o señor Rodríguez Zapatero pretendía que devolvésemos en catro anos. Tivo que vir o presidente Rajoy establecer un prazo de devolución de vinte anos, e estamos a devolvela aínda agora. Ou sexa, vostedes menos 1.160 e menos 574 millóns de euros. Para iso si que cómpre ter memoria, señora Rodríguez Rumbo.

Todo iso aconteceu cun Goberno tan progresista que non tiña o imposto de patrimonio porque daquela era de progresistas non cobrar o imposto de patrimonio. Non sei se o lembra ben, pero no ano 2010 eliminaron vostedes o imposto sobre o patrimonio; iso tamén deberían lembralo. *(Aplausos.) (A señora Rodríguez Rumbo ri.)* ¡Si, si, ría, ría! *(Murmurios.)* Polo tanto, estamos acostumados a que o seu grupo teña unha dobre vara de medir: o que para vostedes é desastroso en Galicia é marabilloso para o Goberno do señor Sánchez. Eu o único que fixen foi pór enriba da mesa todos os datos, non só unha parte interesada deses datos. Estes datos din que, co señor Touriño, Galicia era unha das comunidades autónomas máis endebedadas e agora ocorre xusto o contrario.

Pídeme que faga unha valoración da débeda de Galicia, da política de xestión e do destino dese endebedamento. En primeiro lugar, gustaríame dicir que esta política de endebedamento nos serviu para non ter que ser rescatados e manter, ao longo de todos estes anos, fóra de dificultades a nosa autonomía financeira. Esta autonomía financeira, esta autonomía de decisión, permitiunos beneficiarnos das condicións máis vantaxosas dos fondos de facilidade financeira, cando este instrumento ofrecía tipos de xuro do cero por cento, e, así, beneficiarnos tamén das condicións dos mercados financeiros, cando posteriormente estes ofrecían tipos de xuro negativos. Deste xeito, podiamos refinanciar a débeda a tipos moi baixos, dos cales aínda nos estamos a beneficiar, e a longo prazo. Isto é o que se chama xerar colchóns fiscais. Esta autonomía financeira tamén nos permitiu pagar de xeito áxil e rápido aos nosos provedores as facturas ás pemes e as axudas ás familias; algo moi importante, sobre todo en momentos de dificultades como o actual. De feito —como seguro que coñece—, somos das

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

comunidades autónomas cun menor período medio de pagamento; somos a segunda que paga máis axiña, cunha media de once ou doce días de pagamento. Por certo, a moitos días de distancia dos pagamentos da Administración do señor Sánchez, menos do dobre, é dicir, trinta días. En segundo lugar, esta política da débeda permítenos e estanos permitindo aforrar en gastos de xuros; tan só nesta lexislatura aforraremos, no pagamento dos xuros da débeda, ao redor de cincocentos millóns de euros —como xa dixen—, en relación co que aboariamos de media se estivésemos endebedados como o están varias comunidades autónomas; un aforro que non teriamos se lles fixésemos caso a vostedes e nos endebedásemos neses seis mil millóns de euros adicionais. En terceiro lugar, e relacionado cos distintos aforros, esta política de endebedamento permítenos dedicar menos recursos ao pagamento dos xuros e máis recursos a financiar as políticas sectoriais: a educación, a sanidade e a política social. Se collemos os orzamentos do ano 2023 —que son os últimos que podemos comparar coas outras comunidades autónomas—, vemos que Galicia é a terceira comunidade autónoma que menos porcentaxe dos seus recursos dedica ao pagamento destes xuros.

Por último, esta política de endebedamento responsable tamén nos permite levar a cabo unha política tributaria propia e tamén responsable con baixadas de impostos, de acordo coas circunstancias e coas posibilidades que cada situación permite. Este é outro dos seus mantras, tanto do Partido Socialista como do Bloque: facer unha asociación entre os datos que demostramos que é errónea. Para vostedes ter unha carga fiscal moi elevada é sinónimo de ter menor endebedamento, e isto é un erro: non hai máis que ver cal é a comunidade autónoma que ten maior débeda de España e non se caracteriza precisamente por ter unha baixa presión fiscal; talvez por iso están pedindo a condonación de parte da súa débeda, máis ben a mutualización, porque a débeda non desaparece. Un endebedamento responsable, unhas finanzas sólidas, unha facenda solvente son as que permiten non só levar a cabo as rebaixas tributarias segundo as circunstancias de cada momento, senón consolidalas no tempo, como xa fixo a Xunta e como está a facer a Administración galega no día de hoxe.

En definitiva, señora Rodríguez Rumbo, o endebedamento responsable que leva practicando este Goberno durante catorce anos ten efectos moi positivos para os galegos e as galegas de hoxe, pero tamén para as xeracións vindeiras. Estabamos entre as comunidades autónomas máis endebedadas co Goberno bipartito do señor Touriño...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Corgos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): ...cunha (Inintelixible.) por riba da media das comunidades autónomas. Porén, actualmente, co último dato coñecido do Banco de España, correspondente ao segundo trimestre deste ano, Galicia atópase entre o grupo das comunidades autónomas menos endebedadas, isto é, 6,5 puntos inferior á media de España, e está a reducir o seu endebedamento unha vez superada a emerxencia sanitaria. Levamos tres anos consecutivos reducindo a *ratio* débeda-PIB, e —xa remato— Galicia continuará a mellorar esta *ratio* porque, como mañá veremos na Comisión de Orzamentos para o ano 2024, por primeira vez, en dezaseis anos, presentamos uns orzamentos sen endebedamento, pasando este de supor cento trinta e un millóns de euros nos orzamentos do 2023 a cero nos orzamentos do ano 2024.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Corgos.

Continuamos coas interpelacións.

(A señora López Sánchez pide a palabra.)

¿Para que quere a palabra?

Dean voz ao escano da señora López.

A señora LÓPEZ SÁNCHEZ: Segundo o artigo 76, por alusións, porque a señora Rodríguez Rumbo dixo que eu era unha mentireira.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ben, explíquese, si.

A señora LÓPEZ SÁNCHEZ: Ben, señora Rodríguez Rumbo, escoite, a ver se conseguimos que entenda algo.

Mire, eu dixen: hai persoas con ELA que, por desgraza, se ven abocadas a solicitar a eutanasia, non porque queiran morrer, senón porque non teñen os recursos nin os cartos necesarios, e non queren ser unha carga para as súas familias. Para que vexa que non minto, voulle entregar á presidenta o testemuño de dúas persoas con ELA que se atopan nesa situación e que fixeron o seu testemuño de xeito público nos medios de comunicación.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Creo que quedou perfectamente aclarado. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Aquí non está ... ¡Silencio! ¡Silencio!

Sentiuse aludida cun concepto —como saben, non estaba no uso da palabra—, e contrastei que, efectivamente, fora así. Fixo unha aclaración e non vou abrir un segundo turno de debate. *(Murmurios.) (Protestas.)*

Proseguimos coas interpelacións. *(Murmurios.)* Ten que respectar a decisión da Presidencia, porque, ademais, é quen interpreta, neste caso. *(Murmurios.)* Entón, con total respecto e educación, prégolle..., e advírtoa de que non está no uso da palabra.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Continuamos coas interpelacións, co punto 5.3... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Interrupcións.)*

Volvemos continuar coa orde do día. *(Murmurios.)* Prégolles aos señores deputados que garden silencio. Dentro das facultades que ten a Presidencia, tamén está chamar á orde a quen non o faga, como coñecen perfectamente.

Interpelación de Dª Ana María Cristina Fernández Davila e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista, sobre a mellora da calidade educativa nos centros de ensino públicos

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a interpelación e por tempo de dez minutos, ten a palabra dona María Cristina Fernández Davila.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Bo día, señor Rodríguez. Grazas por estar aquí hoxe.

Este curso 2023-2024 —como xa trouxemos ao hemiciclo noutra ocasión— comezou coas familias galegas descontentas coa organización, cos recortes por parte da Consellería de Educación —que non é unha cuestión novidosa— ou con incidencias illadas e puntuais deste ano. Toda a comunidade educativa sofre esas consecuencias: o alumnado, as familias, as ANPA, o persoal docente, tamén mestras e mestres de infantil e primaria, o profesorado de secundaria, de FP, de bacharelato, de adultos, de educación especial, etc. É por iso que no día de onte o profesorado permaneceu en folga; unha folga con moita repercusión e seguimento, con milleiros de persoas que participaron na manifestación que saía de aquí, de Santiago, da Praza de Cervantes. Todos eles estaban reclamando os seus dereitos laborais, que, ao mesmo tempo, terán unha incidencia positiva para acadar unha maior calidade educativa na organización dos centros educativos e unha mellor atención ao alumnado, pero a todo o alumnado, tamén a aquel alumnado que ten necesidades específicas de apoio educativo, o alumnado que é máis vulnerable. Esta cuestión, ademais, é unha das que xera máis reclamacións dirixidas á Valedora do Pobo, segundo consta no seu informe entregado esta semana anterior. Moitas das propostas que facía esta institución á súa consellería non foron asumidas, así que deberan facer unha reflexión, porque está claro que aí hai unha falta importante de docentes e especialistas para atender este alumnado tan especial.

Así que, é preciso, neste intre, lembrar as demandas que nos levan á situación actual para o profesorado: primeiro, recuperar os dereitos laborais dos docentes. Aos mestres e mestras de infantil e primaria foilles incrementado o seu horario no ano 2010, pasando de vinte e unha horas que realizaban nese momento a vinte e cinco horas semanais, e ao profesorado de secundaria e ensinanzas postobrigatorias no ano 2012 pasóuselle de dezaoito horas a vinte e unha horas semanais. Esta cuestión, que foi aplicada coa escusa da implementación do proxecto Abalar e dos centros plurilingües, tamén modificou a normativa da elección dos horarios dos centros educativos. Mentres todas as comunidades autónomas foron reducindo

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

estes horarios en cursos posteriores, Galiza é a única que non quixo chegar a acordos cos sindicatos para voltar a ese número de horas que fora consolidado naquela época.

No presente ano, tras a adxudicación dos destinos provisionais para este curso escolar, a acumulación das xubilacións dos últimos dous anos sitúa unha porcentaxe do persoal interino por riba do 8 por cento, cando o obxectivo declarado pola súa propia consellería é que esta porcentaxe non debera superar o 5 por cento. Tendo en conta as últimas interinidades —adxudicadas telefonicamente, neste momento—, hai un total de 2.670 docentes interinos, o que eleva a máis dun 8,5 por cento a cota de interinidade. Polo tanto, si que é preciso que a Xunta convoque todas estas prazas de docentes que quedaron vacantes por xubilacións nos últimos cursos escolares, para así dispoñer de xeito estable os postos que na actualidade se cobren con interinidades, cada ano cunha docente distinta. Este constante cambio de centro produce unha inestabilidade importante para as direccións dos centros educativos e tamén para o alumnado. Se nos centramos no persoal docente substituto, no día de hoxe os contratos tamén rematan o día 30 de xuño, aínda que a persoa substituída vaia pasar o verán na mesma situación de baixa laboral ou permiso. É unha discriminación, por tanto, tanto respecto do funcionariado de carreira como do resto do profesorado interino.

A maiores, as cifras de profesorado que imparte materias que non son as propias da súa especialidade seguen tamén en termos máximos, chegando a ser case un terzo do profesorado sen destino definitivo o que imparte afíns e mantendo igualmente elevada a cifra de mestres e mestras que teñen tamén itinerancia e que imparten docencia en dous ou máis centros á vez. Aproximadamente, un cincuenta por cento das persoas que son orientadoras en centros de infantil e primaria con destino provisional son itinerantes. O Goberno do Partido Popular está querendo normalizar unha situación que debera ser a excepcionalidade e que prexudica claramente a atención á diversidade, e sobre todo o alumnado, que non pode depender de persoas diferentes cada curso ou incluso ser atendido por varias no mesmo curso.

A segunda demanda que fai o persoal docente é a redución das ratios. Mentres os docentes reclaman os seus dereitos laborais, o Goberno galego do Partido Popular da Xunta reduce os efectivos do profesorado, alegando que descende a natalidade e que hai menos nenos e nenas nos centros educativos, pechando aulas e colexios. O conxunto da comunidade educativa entende que sería agora o momento para aproveitar esta situación que debera ser transitoria facendo políticas que corrixan esta situación de xeito transversal e utilizando os recursos humanos actuais para flexibilizar as ratios en prol de mellorar a calidade educativa nos centros de ensino.

O colectivo docente pedía a redución a 15 alumnos en infantil, 20 en primaria, 25 en secundaria e 30 en bacharelato. Despois das primeiras xuntanzas, os sindicatos asumiron 20 alumnos en infantil, pero plantexábase a diminución nos primeiros niveis de todas as etapas educativas dende o ano 2024.

A terceira demanda era a redución da carga burocrática. A calidade educativa melloraría tamén en gran medida se os profesionais do ensino e os equipos de orientación deixasen de ser, ademais de mestres, burócratas. A carga administrativa cada vez é maior e vai mermando o tempo do que dispoñen estes facultativos para atender o seu alumnado, sobre todo aquel que máis o precisa: o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Todas estas demandas foron impulsadas polos sindicatos dende o mes de setembro, pero é reiterada a súa defensa dende hai case unha década. Pero a Consellería de Educación decidiu facer unhas negociacións tipo exprés, deixando claro que chegaría a un acordo só nunhas cuestións que pretendían dividir o profesorado máis que avanzar nas demandas e que xustificaban a foto de Rueda cun acordo vergoñento que se asinou o pasado día 11, *(Aplausos.)* onde quedaron patentes as falsas promesas que novamente serán incumpridas. Pasaron o trámite nun intre porque o que era importante para o Partido Popular naquel momento era non ter conflito social agora, de cara a unhas futuras eleccións. Quedou inventada así a negociación en diferido. A Consellería asumía a redución do horario dos docentes de infantil e primaria de 25 a 23 horas, e para o resto de profesorado incluíase unha cláusula sen carácter obrigatorio para negociar no futuro, cando se aborde a redución horaria de todo o persoal da Xunta, algo que non está nin sequera enriba da mesa.

Pero isto non foi suficiente para que a maior parte do profesorado se desmobilizara, como vostedes pretendían, e no día de onte a folga convocada pola CIG e apoiada por outros sindicatos para reclamar cuestións básicas como as demandadas —que acabo de nomear— foi secundada por un sector amplísimo do persoal docente, que deixou claro que quere devolver ao ensino unha calidade que protexa o futuro do noso alumnado e poder centrarse por fin na innovación tecnolóxica e nunha inclusión real na escola dunha vez por todas, en vez de estar implementando constantemente novidades da Consellería á conta dun maior esforzo, pero o esforzo sempre dos mesmos: do profesorado.

Todos temos claro que estas demandas favorecerán tamén toda a comunidade educativa —como dicía antes—, porque lograríamos por fin dispoñer dos efectivos de profesorado precisos para poder aumentar a calidade do ensino nas escolas e demais centros e beneficiar claramente así o alumnado. Teriamos maior número de mestres e mestras, profesores e profesoras, estabilidade do profesorado nos centros, profesorado que impartirá unha soa materia afín dentro da súa especialidade e persoas orientadoras asignadas a un só centro con tempo para desenvolver por fin os plans e proxectos axeitados a cada tipo de alumnado e para dirixir a atención específica do alumnado NEAE. Tamén teriamos especialistas suficientes de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe e tamén ratios menores nas aulas, que garantirían —por fin— maior atención do alumnado, e sobre todo daquel de diversidade.

Todas estas cuestións repercutirían directamente en cada alumna e alumno dos centros e tamén facilitarían o traballo dos equipos directivos destes. Como entendemos que o acordo do 11 de outubro é simplemente un paso inicial, entendemos tamén que a Consellería está a tempo aínda de rectificar o seu posicionamento. Así que o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego quere dirixirlle ao conselleiro de Educación a seguinte pregunta: ¿que medidas vai tomar o Goberno da Xunta de Galiza para atender as peticións dos sindicatos con respecto aos dereitos laborais do persoal docente, adscrito á Consellería de Educación, para que mellore a calidade educativa nos centros de ensino e así non teñan que convocar novamente folgas de profesorado, xa que non se ven atendidos nos seus dereitos laborais en cuestións tan básicas que mellorarían drasticamente a calidade do ensino?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para dar resposta, ten a palabra, tamén por tempo de dez minutos, o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, don Román Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

A verdade é que debemos buscar unha nova definición no dicionario da palabra «recortes». É unha palabra moi habitual que se utiliza dende a oposición política constantemente, moitas veces perdendo o sentido do que é e do que implica. Estamos ante un curso académico no cal temos máis profesores que nos anteriores, pese a que hai unha caída de alumnos; estamos nun curso académico onde —unha vez máis e son varios anos consecutivos— o orzamento de Educación no ámbito da Xunta de Galicia é o maior da historia; e estamos nun ano onde —tamén de xeito habitual— a Comunidade Autónoma galega é a primeira comunidade autónoma de España, despois do País Vasco e Navarra, de réxime común que dedica unha maior porcentaxe de investimento público por alumno. Co cal, certamente que a estas alturas, despois de todos estes datos, destas evidencias, se fale de recortes cunha facilidade tan asombrosa, realmente nos vai levar a facer unha redefinición desta palabra e a ver que entende cada un de nós pola palabra recortes.

Tamén se falou aquí, señorías, de que o sistema educativo galego practicamente é un sistema educativo de quinta, cuarta ou sexta división. Fanse chamadas constantemente á calidade do sistema e faise unha correlación coas condicións laborais do profesorado. Eu estou orgulloso, francamente orgulloso — porque non é mérito só, nin moito menos, da Administración—, de que Galicia teña un dos mellores sistemas educativos de España, e absolutamente homologables ás rexións máis avanzadas de Europa. Os datos están aí, pódense manipular, pódense cuestionar ou pódese simplemente dicir o contrario do que nos din os datos. Se falamos de calidade educativa, das principais variables que miden a saúde da calidade educativa dun sistema, Galicia está nos postos de vangarda no conxunto de España. En fracaso escolar, somos das poucas comunidades autónomas de España que está por debaixo do criterio que fixa a Unión Europea —das poucas—; entón, hai un 8 ou un 9 por cento en fracaso e abandono escolar. En taxa de idoneidade, somos das primeiras de España, e en resultados PISA, no agregado das variables que se utilizan en PISA —ciencias, matemáticas e comprensión lectora—, somos, xunto con Castilla-León, das primeiras de España (*Aplausos*.) Todo se pode mellorar, pero, obviamente, creo que é necesario ter un mínimo de pudor cando se fan estas afirmacións. Igual que no ámbito da equidade. Neste ámbito da equidade, da atención á diversidade e de axudar máis os alumnos que máis o precisan, temos feito moito nos últimos anos, moito. Queda moito por facer, pero temos feito moito, e tamén están aí os datos —datos, por certo, do Ministerio—. Galicia é a comunidade autónoma máis inclusiva de España cos alumnos con necesidades educativas especiais. Temos unha integración destes alumnos dun 94 por cento nas aulas ordinarias. A media de España está nun 80 por cento. ¿Pódese mellorar? Por suposto.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Somos a comunidade autónoma máis resiliente na perspectiva de que posibilitamos que as familias e os alumnos que están nun contorno socioeconómico pouco favorable teñan as mellores oportunidades de poder mellorar os resultados educativos —os mellores de España, dillo o Ministerio— en equidade e en xeración de igualdade de oportunidades. ¿Que se pode mellorar? Por suposto. Pero creo que, se somos capaces de fixar estes datos, nos poñeremos de acordo.

Igual que creo, señoría, que ten que revisar a súa información porque, cando fala dos profesores interinos, está moi confundida —perdoe que llo diga con esta claridade—; está tremendamente confundida. A taxa de interinidade estrutural, é dicir, que se pode cubrir con outras persoas, con outros profesionais, está en Galicia nun 2 por cento, cando a media de España está nun 25 por cento. A nosa, nun 2 por cento. Hai prazas de interinos que non se poden cubrir. ¿Por que? Porque son profesoras ou profesores que poden estar en comisión de servizos: por exemplo, todos os liberados sindicais; por exemplo, algún director xeral da miña consellería; ou, por exemplo, algún cargo político que seguro que vostede e mais eu coñecemos. Esas prazas non se poden cubrir desde a perspectiva de ter unha persoa titular. ¿Por que? Porque xa teñen unha persoa titular, o que pasa é que esa persoa titular pode ser deputado, pode ser director xeral ou pode ser un liberado sindical. Co cal, señoría, ten que precisar a información porque, se non, claro, se se confunde na definición do que son os interinos, se se confunde na palabra recortes e se tamén se confunde á hora de falar de calidade, dificilmente poderemos ter un diálogo racional. Creo que iso é moi importante, que poidamos falar con información e que non utilicemos datos que, obviamente, non son.

Tamén dixo vostede unha cuestión que non pode dicila. Vostede dixo aquí claramente que as promesas do acordo que, afortunadamente, puidemos firmar con tres dos catro sindicatos que forman a Mesa Sectorial van ser promesas incumpridas. Pois mire, voulle dicir que non vai ser así, que está equivocada. A partir do 1 de xaneiro, desde a perspectiva económica, todos aqueles complementos orientados a fomentar e a mellorar a carreira profesional docente van cumprirse; están cargados no orzamento deste ano. Vostede siga dicindo que son promesas que serán incumpridas, pero eu voulle falar de realidades que pode ver no orzamento e que poderán ver os profesores a partir do 1 de xaneiro deste ano. E a partir de aí, obviamente, tamén as persoas xulgarán e definiranse.

Tamén nos fala dunha mobilización masiva. Ben, eu xa dei onte os datos. Normalmente sempre suele haber diverxencia entre os datos, pero pode estar absolutamente segura —e, se non, pódelle preguntar a calquera profesional do sistema educativo, a calquera docente— de como se confeccionan os datos que dá a Administración. Foi dun 15,3 por cento. Obviamente, os convocantes sempre falan dun dato máis grande. Iso é o habitual —non é ningún reproche, é o habitual—, pero cando temos un quince e algo máis, un quince e pico e falamos dun sesenta, pois hai un treito substancial para chegar aí.

Claro, tamén é certo que, despois de escoitala a vostede, eu creo que case debería estar de acordo co acordo —valla a redundancia— que se asinou recentemente, e creo que a resposta ás súas peticións está claramente dita neste acordo, porque, se vostede falou de mellorar a atención á diversidade, somos pioneiros nunha medida fantástica que se contempla neste acordo; se se fala de redución de ratios, faise redución de ratios de xeito progresivo; se se

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

fala de fomentar a calidade docente, a mellora docente, a implicación docente, claramente faise mediante os complementos de formación, os sexenios, faise mediante os complementos por titorías e tamén mediante os complementos que veñen vencellados, neste caso, ás funcións directivas.

Señorías, cando falamos dunha avaliación, ou cando analizamos ou valoramos unha política pública, hai dúas formas de facelo, e creo que as dúas son complementarias e son básicas. Se só avaliamos unha parte, ao final, tenderemos a equivocarnos. Unha política pública podémola ver desde a perspectiva da xestión dos recursos que se manexan; é dicir, hai máis profesores, menos profesores; máis médicos, menos médicos; máis recursos, menos recursos... Esa é unha visión puramente descritiva. Podemos ver os recursos que se adican a unha política pública e podemos ver os resultados, o que se acada cos recursos que unha administración pública xestiona, e, dentro diso, está o modelo; é dicir, o que se fai para poder acadar uns resultados.

Téñoo dito en moitas ocasións. Eu tiven moitos debates nesta Cámara relativos ás condicións profesionais dos profesionais docentes, moitos deles cunha enorme responsabilidade, tremendamente involucrados no seu traballo e cunha gran capacidade de responsabilidade. Mire, nós tivemos que facer —porque escoitamos sempre o profesorado— unha serie de melloras, e non é que as fagamos —como vostede insinúa— porque hai unhas eleccións; non, levámolas facendo desde hai moito tempo; sen ir máis lonxe, este ano. Só neste ano tivemos catro acordos sindicais, e este é o máis grande. Por certo, acordos sindicais onde unha das forzas é difícil que entre —é difícil, non sei por que—. Non é capaz de chegar a ningún tipo de acordo; é dicir, ás veces incluso con folgas preventivas —non o sabemos— ou con avisos preventivos. Pero, en todo caso, esta administración ten dialogado e dialoga cos axentes sociais, como non pode ser doutro xeito, e procuramos acordos. O acordo que asinamos hai moi poucos días co presidente Rueda e tres das organizacións sindicais presentes na Mesa Sectorial foi unha negociación modélica. ¿E por que digo que foi modélica? Porque todos partiamos dunhas pretensións diferentes e todos fomos capaces de ceder nas nosas pretensións co obxectivo de chegar a un punto de encontro e de poder lanzar unha mensaxe á comunidade educativa que favorece o desenvolvemento do traballo profesional dos docentes e favorece —e moito— os alumnos, xera moita estabilidade do mapa territorial educativo e xera moita estabilidade desde a perspectiva do emprego.

Esas organizacións sindicais —xa llo teño dito en moitísimas ocasións e recoñézollo publicamente— traballaron cunha grande altura de miras; traballaron e negociaron cunha gran responsabilidade; negociaron cunha gran visión de país e cunha gran visión do sistema educativo, pensando no futuro. Porque este acordo é un acordo que vai posibilitar adiantarnos ao futuro e vai posibilitar organizar un sistema educativo para preservar a planta territorial que temos nestes momentos, que é unha planta territorial que se fundamenta nun servizo de proximidade que chegue a todas partes, que permita e posibilite garantir o emprego cunha perspectiva moito máis fácil da que tiña previamente. É certo que houbo algunhas propostas que desde o minuto cero se negaron a negociar. É que non houbo nin unha soa proposta na Mesa Sectorial, vímola na prensa. Tamén se fixese o que se fixese, dáme a sensación de que sería moi difícil chegar a un punto de encontro, porque se partía dunha posición de «todo ou nada», porque —insisto— na...

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...Mesa Sectorial en ningún momento se plantexou ningún tipo de criterio ou ningún tipo de medida.

En todo caso, eu celebro este acordo. Creo que é un acordo que é un éxito colectivo para o sistema educativo, que vai posibilitar —como xa digo— planificar o futuro —xa o presente, pero tamén o futuro— de xeito que vai garantir a planta territorial e vai garantir o emprego, e vaino garantir mantendo os estándares de calidade e de equidade que ten o noso sistema educativo, de igualdade de oportunidades. Non só vai mantelo, senón incrementalo. Fronte a iso, todos sabemos que hai algúns organismos —ou neste caso o Bloque Nacionalista Galego— aos que lles parece mal que sexamos capaces de fixar unha folla de ruta planificada, que reduza ratios, reduza...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFSIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...mellore a carreira profesional docente, mellore tamén a equidade, mellore a integración dos alumnos con discapacidade e reduza, por certo tamén, a burocracia.

Moitas grazas, presidenta.

Seguiremos no seguinte turno. (*Aplausos*.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Iso.

Rolda de réplica.

Ten novamente a palabra a señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Señor Rodríguez, de momento o BNG segue sendo un partido político, un partido político que segue estando ao carón das persoas que traballan polo noso país e que defenden os seus dereitos, como neste caso son os docentes de Galicia. (*Aplausos*.)

Falaba da palabra recortes. Eu ben sei o que significa a palabra «recortes». É unha diminución ou unha supresión de recursos. Neste caso, falamos dos recursos do persoal docente nos centros educativos.

Sobre eses trescentos setenta profesores que a vostede lle sobran, quero dicirlle que a nós non nos sobra absolutamente ningún, e xa se debateu de onde saían eses profesores, que non están na súa plantilla, na que está orzando neste momento para o próximo ano. Iso si que o sabemos, e témolo claro. (*Aplausos*.)

Con respecto á folga, quero dicirlle que a folga foi secundada por un corenta por cento dos docentes de infantil e primaria, aproximadamente, e por cerca dun setenta por cento no

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

resto de profesorado de secundaria. Así que eu creo que é unha boa representación de todas as voces daquelas persoas que estaban reivindicando estar nunha mellor situación para dar un mellor servizo do que poden dar neste momento.

Señor Rodríguez, o pasado día 11 de outubro o señor Rueda asinou un acordo vergoñento; non digo que non sexa un paso inicial e que vaia mellorar todas as cousas que vostede di; si, pero non cumpre nin os mínimos que se plantexaban nas reunións de negociación, deixando atrás o espírito destas negociacións, que terían como consecuencia mellorar a calidade do ensino para o alumnado; mellorala, si. Foi unha oportunidade perdida e unha mera teatralización que só beneficiaba unha parte: a Consellería e o señor Rueda. Porque ese acordo era dun custo mínimo. A foto saíalle case de balde e, grazas a un «divide e vencerás», beneficiará tan só uns poucos.

Fala vostede dos complementos. Os complementos son para unha parte moi reducida do profesorado, cando aquí non se plantexaban maiormente medidas económicas, melloras económicas para os docentes, senón que aqueles complementos saían a repartir entre todos os docentes e era unha cantidade practicamente ridícula. Así que están na mesma posición que teñen practicamente sempre desde o Goberno do Partido Popular na Xunta.

Se analizamos este documento —xa que falan das comparativas—, podemos facer, neste caso, unha comparación daquelas cuestións asumidas pola Consellería e de todo o que queda sen resolver para negociar en diferido —como vostedes queren chamarlle— ou ese «podo prometer e prometo». Son palabras baleiras que pouco custa dicir; iso si que non custa nada. Así que os sindicatos pedían a redución do horario dos docentes de 25 a 21 horas no caso dos mestres e mestras de infantil e primaria e para o resto do persoal de secundaria pedían pasar das 21 ás 18 horas. Ben, o que se asinou neste acordo foi simplemente para os de infantil e primaria, pasar de 25 a 23 horas semanais; o resto pasaba a comentarse que se negociaría en canto a Xunta negociase a redución da xornada de 37,5 horas de media a 35 para o resto do persoal da Xunta. Iso —vólvollo repetir— non está enriba da mesa. Pode ser unha promesa que vostede teña pensado cumprir mañá, pero pode ser algunha que teña pensado cumprir nunha xeración diferente, dentro de vinte anos. Quería comentarlle tamén que esta cuestión lle saía practicamente gratis, porque os cadros de persoal están vixentes dende o ano 2007, e aí xa estaba reflectido un horario de 21 horas lectivas. Así que non era algo que a vostedes lles supuxese unha cantidade importante de recursos; para nada, soamente naqueles centros de pequena dimensión, nada máis.

Con respecto ás ratios, ¿que era o que pedían os sindicatos? Baixar —como xa dixen na primeira intervención— 20 alumnos e alumnas para infantil e primaria, 25 para a ESO e 30 para bacharelato, que fosen implementadas a partir do 2024, aínda que fose por niveis paulatinamente na duración da etapa, que quedasen constituídas como ratios oficiais e ofertar tamén esas prazas necesarias en infantil e primaria todos os anos nos centros de ensino públicos. ¿Que hai reflectido no acordo? Ben, as ratios en infantil quedan nos 20 alumnos e empezarán a implantarse no ano 2024, pero primaria terá que esperar ao ano 2027; no ano 2026 —se a vostedes lles parece ben— empezarán a negociarse os 25 alumnos de ratio para a ESO e os 30 para bacharelato, e sen carácter oficial, porque xa plantexan vostedes esa parte en concreto, que se ampliarían as ratios no caso de non haber espazo físico nos centros educativos; ou sexa, que oficial non vai ser.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Con respecto a isto, si que se adiantou —como vostede dicía— que agora van empezar a contar nas ratios das aulas o alumnado repetidor e aqueles alumnos e alumnas con discapacidade recoñecida de igual ou maior dun 33 por cento, que pasarán a contar por 2; e os de igual ou maior dun 66 por cento, que contarán por 3. Pero nese acordo os sindicatos plantexaban recoller as tipoloxías de necesidades educativas especiais para aquel alumnado que, non tendo por que ter unha certificación de discapacidade, si que necesita un apoio específico educativo nas aulas, como é o caso da dislexia, TDA, TDH ou aquel de nivel menor nos TEA. Dicían que eses deberan computar, e plantexábase así como unha ratio menor nesas aulas.

No caso da burocracia, vostedes recolleron que habería que impulsar un grupo de traballo que realizase un plan de simplificación das tarefas burocráticas, pero vémolo insuficiente. Os sindicatos, os representantes sindicais, mirábano insuficiente e pedían que houbese unha maior liberación horaria para as direccións, as coordinacións didácticas, as titorías...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: ...e tamén, por suposto, pedían mellorar o número de persoal administrativo, que, en realidade, son os que se encargan, nos centros educativos, de realizar as funcións administrativas e que poderían liberar aínda máis os equipos directivos ou outros do profesorado.

Así que se mira que todo está calculado para que este acordo que vostedes asinaron saíse o máis barato, e creo que máis barato non puido saír. Resumindo, estamos a perder unha oportunidade única para asentar as bases dunha nova etapa na que podemos mellorar a calidade do ensino, ese do que a vostede tanto lle gusta dicir que somos os mellores de toda España e de toda Europa e demais.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Davila.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Pero —déixeme rematar, que é un segundo— *(Murmurios.)* para conseguilo debemos humanizar a situación actual e permitir que o persoal docente dispoña de tempo para as súas funcións educativas, cun horario que permita realizar as tarefas que realmente teñen encomendadas nos centros.

Señor Rodríguez, soamente me queda dicirlle...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Davila.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: ...que ten agora un tempo no que pode deixar de facer o seu discurso de sempre e que pode sentarse outra vez novamente cos sindicatos...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: ...que xa hai sindicatos que asinaron o acordo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: ...e que llelo están volvendo a solicitar.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Davila.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Moitas grazas.

(Aplausos.)

Para o peche da interpelación, o conselleiro de Cultura Educación, Formación Profesional e Universidades.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, presidente.

Señora deputada, sabemos perfectamente onde está politicamente o Bloque Nacionalista Galego; lévao estando toda a vida: ¡na oposición! ¡Toda a vida! *(Risos.) (Aplausos.)* Sabémolo perfectamente e sábeno os galegos, pero non están aí porque vostedes queiran estar na oposición, senón porque os galegos non os votan. *(Aplausos.)* Non é porque haxa un maligno por aí, é que os galegos non os votan. Non hai un maligno que os condene a esa situación —nin moito menos—, pero non os votan. *(Murmurios.)* Certamente, son vostedes moi crentes; cren todo, todo o que veña, neste caso, do seu sindicato de cabeceira. ¡Crentes! *(Murmurios.)*

Vénnos dicir —outra vez— que a participación de onte foi masiva. Eu dei un dato; non é un dato arbitrario, é un dato que se fundamenta na información da Inspección. ¡Home!, eu creo que se pode incrementar un pouco, pero ¡pasar dun quince a un sesenta...! ¡Buah, iso é imaxinación! ¡É unha enorme imaxinación, señorías; unha enorme imaxinación!

Claro, a min tamén hai unha cousa que me doe en todo isto —comentarios xocosos á parte—, que é a pouca consideración; ata diría o pouco respecto que teñen vostedes cara aos sindicatos que asinaron este acordo. Moi pouca consideración, moi pouco respecto. *(Murmurios.)* Porque, miren, imaxine o que podemos dicir nós de vostedes, se utilizamos a súa forma de pensar. O que poderiamos dicir nós de vostedes sería: minoritarios, perdedores... *(Murmurios.)* Imaxine o que podería dicir o Partido Popular de vostedes, señores do BNG. *(Murmurios.)* Pero creo que aquí houbo uns sindicatos que tiveron unha enorme altura de miras, que foron moi responsables e que traballaron pensando na educación e houbo outros aos que lles daba todo igual.

Mire, voulle dicir unha cuestión respecto do que dixo vostede do incremento lineal dos complementos económicos. No ano 2018 —tamén era eu conselleiro— fixemos un bastante importante: 90 euros mensuais, que, ao mellor para unha persoa pode ser pouco, pero, se multiplicamos eses 90 euros por máis de trinta mil profesionais e por catorce, é unha cantidade económica moi respectable. Pois tampouco se firmou. Agora non sei se di que é malo porque non é lineal. Cando foi lineal —non hai moito tempo— tampouco se firmou nada. Co cal entenderá que cando un non quere facer as cousas o que se poden é buscar escusas, e búscanse.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero creo que é importante que falemos das cuestións concretas deste acordo que vostede enunciou: as ratios. Pásase de 25 a 20 en infantil e primaria; pásase de 30 a 25 na ESO; pásase de 33 en bacharelato a 30, cando na LOMLOE está en 35 e xa no sistema educativo galego estaba en 33. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si que é verdade. ¡Non diga que non é verdade, que é verdade, home! Tense que facer dun xeito progresivo. E ¿por que se fai de xeito progresivo? Porque sería imposible tecnicamente facelo doutro xeito, xa que significaría romper todos os grupos conformados xa no sistema educativo, cun enorme caos. É imposible. Outras comunidades autónomas que o fixeron fixérono exactamente igual que o estamos facendo nós, con melloras como as que estamos metendo nós, por exemplo, que os repetidores computen. Tamén temos aquí unha liña moi importante que ten que ver coa atención á diversidade, para que os alumnos que teñen un certificado de discapacidade, en función dese certificado, computen máis para conformar a organización dos centros, para que os profesores teñan máis posibilidades de atención e tamén para que o resto dos alumnos poidan interactuar dun mellor xeito.

A vostedes parécelles mal isto, non o apoian, critícano, cuestiónano... Pois, miren, esta é unha medida pioneira en España e pódolles dicir que houbo máis dun colectivo vencellado ao mundo da discapacidade que nolo agradeceu con cartas. E non teñen que agradecelo, para nada, pero si que lle pareceu unha grandísima medida para favorecer a integración educativa nun sistema que xa é no día de hoxe o máis equitativo e o máis inclusivo do conxunto de España. Imos ter no futuro unha mellor organización. Xa con esta organización temos uns grandes resultados. O exemplo máis palpable é que unha aula de 10 alumnos ou unha aula de 11 alumnos antes do acordo podíanse integrar nunha de 21, e agora non; ese é un gran avance para manter a estabilidade do sistema, fundamentalmente nos espazos rurais. Ten moito que ver tamén esta medida coa estabilización e co afianzamento dun servizo de proximidade dos espazos rurais. Como xa dixen, esta medida da atención á diversidade creo que foi e é pioneira; é tremendamente significativa e vai favorecer a integración dos alumnos con discapacidade no sistema educativo ordinario.

Podemos falar doutra das medidas: o horario lectivo. No horario lectivo plantéxase que en infantil e primaria pasemos de 25 a 23 horas semanais. E plantéxase que exista no futuro e vencellado ao ámbito xeral da función pública un axuste nos ámbitos da ESO e bacharelato, algo tamén moi positivo.

Outra medida é a carreira profesional docente, algo que lles parece mal a vostedes e que aquí cuestionan. Pois, miren, aquí imos premiar aqueles profesores que fan un maior esforzo por formarse. ¿Por que? Porque iso redunda no beneficio dos alumnos.

E plantéxase un incremento do 20 por cento dos sexenios. Tamén aos titores se lles incrementa unha cantidade, non moi elevada —é certo— para un, pero, se o multiplicamos por catorce pagas e se o multiplicamos por máis de trinta mil, é unha cantidade moi substancial.

Hai outras cuestións que quizais son máis técnicas, pero que son tremendamente importantes —vostede díxoo aquí e recoñeceuno; non sei se lle gusta ou non lle gusta ou se está a favor ou non—, que teñen que ver coa redución da burocracia. Puxemos en marcha, xunto coa Xunta

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Autonómica de Directores, un grupo de traballo para favorecer que haxa —para entendernos— un menor papeleo nos centros educativos. Iso é tremendamente importante e non ten nada que ver con meter máis persoal. É que parece que hai unha obsesión pola súa parte de que todo ten que trasladarse ás plantillas de profesionais. Se podemos, con medios telemáticos, reducir, desde a perspectiva da responsabilidade da xestión dos recursos públicos, unha simplificación das tarefas burocráticas da man dos que mellor o coñecen —que, sen dúbida, son os directores—, pois benvido sexa.

En todo caso, señorías, creo que este acordo serve —como xa digo— para anticiparse ao futuro, para dar unha gran estabilidade do mapa educativo e das plantillas docentes, para mellorar a inclusión educativa, para fomentar e potenciar a carreira docente e, en xeral —como último obxectivo— para mellorar a calidade educativa, a calidade e a equidade educativa dun sistema que xa hoxe está nuns parámetros de calidade e equidade. Por suposto —dígollo con orgullo—, é dos mellores de España, porque detrás desta información non está o conselleiro, ou o seu equipo ou o Partido Popular, están centos de miles de persoas, de profesionais, de mestras, de mestres, de profesores e de profesoras que fan o seu traballo dun xeito absolutamente admirable e que merecen o máximo respecto de toda Galicia. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): E, direille máis, neste caso hai que agradecer a altura de miras —outra vez, vólvoo dicir claramente—, a responsabilidade, o sentido de país e tamén a xenerosidade que tiveron as organizacións que asinaron este acordo, que é un acordo de presente, por suposto, porque comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro do ano 2024, pero sobre todo de futuro.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Suspendemos a sesión ata as 16.30.

Suspéndese a sesión ás tres da tarde e retómase ás catro e trinta e dous minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reiniciamos a sesión plenaria coas preguntas ao Goberno.

Pregunta de Dª María Begoña Freire Vázquez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o recurso de inconstitucionalidade interposto por parte do Goberno central contra a Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Déanlle voz ao escano da señora Freire.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señora vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

O pasado 10 de outubro o Goberno central en funcións anunciou a interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, aprobada neste Parlamento de Galicia o pasado 4 de xullo; Lei do litoral que nace de Galicia e para Galicia, con base nas competencias recollidas no noso Estatuto de autonomía, fronte aos intentos realizados por parte do Goberno central, co obxectivo de interferir na xestión da nosa costa e de impulsar cambios normativos para desmantelar toda a actividade económica e social na franxa costeira, atentando contra a propia identidade dinámica do noso litoral galego.

A reacción do Goberno de Sánchez en funcións foi a impugnación da norma galega. Alega o Goberno central que a Xunta de Galicia incumpre e desafía a Constitución, cando a lei galega está avalada polos expertos máis cualificados e conta con todo o respaldo constitucional e estatutario. Incluso algúns altos cargos do Goberno chegaron a comparar a Lei do litoral coa lei de desconexión de Cataluña, e máxime nun momento como o actual resulta curioso que o Goberno central considere inconstitucional a Lei do litoral, pero non a amnistía, nin o referendo de independencia, nin regalarlle 450 millóns de euros a Cataluña a custa dos demais. Os cambios de opinión de Pedro Sánchez xa sabemos a que obxectivo obedecen, os cambios de opinión dos socialistas galegos tamén sabemos a que obedecen: á defensa a ultranza do seu xefe a custa de todo, en contra dos intereses dos galegos e galegas e traizoando Galicia.

De anunciar o voto a favor porque era necesario preservar o litoral e outorgar seguridade xurídica á cadea mar-industria, pasaron á abstención. Agora, para os socialistas de Galicia, a Xunta está incumprindo a Constitución coa Lei do litoral, cando a lei saíu deste Parlamento sen emendas á totalidade e sen un só voto en contra. O último, señora vicepresidenta, chega dos socialistas de Pontevedra, que, imbuídos polo argumentario e o relato, comparan a Feijóo e Rueda con Puigdemont e a este grupo parlamentario con Rufián. ¡O que nos faltaba por oír no relato do Partido Socialista!

O do BNG tamén é para nota. Di que está en contra do recurso do Goberno central, pero xa anunciou o apoio do seu único deputado no Congreso á investidura de Sánchez. En Madrid, o Bloque Nacionalista Galego, caladiño e tamén cómplice deste novo ataque a Galicia.

Galicia é a comunidade con máis quilómetros de costa, é lexítimo que poida regular a súa costa para protexela máis e mellor cunha ordenación do litoral realista, razoable e eficaz, adaptada á realidade galega e da que nos dotamos.

Señora vicepresidenta: ¿cal é a valoración que fai a Xunta do recurso presentado polo Goberno central contra a Lei de ordenación e xestión integrada do litoral e das súas posibles consecuencias en Galicia?

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Máis nada polo momento e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Freire.

Resposta da vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Boa tarde.

Señora Freire, a nosa valoración é tremendamente negativa. O recurso interposto polo Goberno central é un recurso que ten moito máis de político que de xurídico, e ás probas me remito. Remítome porque se interpuxo practicamente o último día, cun goberno en funcións, fíxose a través dos medios de comunicación, tamén a través dunha chamada telefónica dunha ministra ao presidente da Xunta minutos antes de que iso fose así e sen dar ningunha oportunidade ao que é a regra xeral, ao que se fai sempre: a constitución dunha comisión bilateral. Pero fíxese que se fan diferenzas; diferenzas substanciais que amparan os socialistas galegos, pero que tamén ampara o BNG. A diferenza é o que se fixo con Cataluña e o que se fai con Galicia. Con Cataluña houbo Bilateral, con Galicia non houbo Bilateral. Pero de repente a señora Pontón, por exemplo, di, que vai traer unha lei aquí, ao Parlamento. Ben, cousas veredes.

Pero non só iso, négasenos a posibilidade de darnos audiencia tamén ao Consello de Estado, porque non se nos avisou que se estaba pedindo o ditame pertinente. Tamén iso se nos negou. Nin se nos trasladou sequera o ditame emitido por este organismo, a pesar de que o pedimos. Van alá quince días e seguimos sen ter nin idea de en que se baseou o Consello, nin en que se está baseando o Goberno.

O único que temos, señora Freire —ao longo de todo este proceso—, é folio e medio, fíxese. *(A señora vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, mostra un documento.)* Estas foron as alegacións do Goberno central a unha lei, a unha das leis máis importantes de Galicia. Ben, un desprezo total e absoluto. E isto despois de tacharnos de independentistas, ¡faltaría máis! Os cataláns non o son, pero nós si que o somos. Unha vez máis, o PSOE galego e o BNG de comparsa e sen dicir absolutamente nada.

O único, polo tanto, que pretende o señor Sánchez é que non haxa vestixio humano na costa galega alá no ano 2040, e, polo tanto, hai que ir xa descartando pouco a pouco o que hai. *(Murmurios.)*

Polo tanto, eu teño que dicir e teño que lamentar a actitude sectaria e partidista do Goberno central ante un asunto vital —asunto vital que parece que a algúns deputados e deputadas deste Parlamento lles dá igual, e dálles a risa—, pero o mínimo que tiñan que facer é poñerse a estudar ou a ler a Estratexia. Porque iso é o que di a Estratexia: ningún vestixio humano na costa galega no ano 2040. E, se non, haberá que darllo ao presidente para que llo faga chegar.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Unha actitude que pon de manifesto que hai dous modelos de entender a costa.

O señor PRESIDENTE: Grazas, vicepresidenta. Ten outro turno despois.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Freire.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidente.

Grazas, señora vicepresidenta.

Temos claro que este ataque a Galicia non se tería producido se o candidato que gañou as eleccións xerais, o señor Feijóo, fose o presidente do Goberno de España. Pero, no marco actual, o que nos preocupa é qué vai supoñer este recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de ordenación do litoral para Galicia; unha lei feita para preservar a vida económica e a vida das persoas no litoral. O que nos preocupa é qué vai supoñer este recurso para os oitenta e dous concellos galegos costeiros, para o millón e medio de galegos e galegas que viven no noso litoral e qué vai supoñer para preto de catro mil edificacións e de centos de empresas que operan na costa e que a lei galega tamén trataba de protexer. O que nos preocupa é a incerteza xerada no sector mar-industria, unha actividade que en Galicia sustenta corenta mil empregos e xera arredor de nove mil millóns de euros de impacto na economía autonómica.

A única realidade é que Galicia non entende este recurso do Goberno central, señora vicepresidenta. Galicia non entende este ataque ás nosas competencias, a unha norma que ten como único obxectivo xestionar a nosa costa, como o están a facer outras comunidades autónomas. Ninguén pode crer que un goberno serio como a Xunta de Galicia, do Partido Popular, poña en risco a Constitución cunha lei aprobada neste Parlamento, sen ningún voto en contra e avalada por expertos xuristas a nivel galego, a nivel nacional e tamén a nivel europeo. Trátase dunha absoluta falta de respecto aos galegos e galegas; pero que se teña claro que aos galegos e ás galegas non se nos engana facilmente.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Freire.

Turno de peche da pregunta.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ten a palabra a señora vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Señora Freire, o recurso do Estado non só supón a paralización dunha lei, supón a paralización total e absoluta da actividade económica na costa galega. Paralízase incluso a posibilidade de dotar de servizos as vivendas que hai nas nosas costas. Temos exemplos, como pode ser na parroquia de Queiruga, en Porto do Son, onde non se lle permite facer ao Concello a reposición dunha canalización e, polo tanto, a poboación vai quedar sen auga potable e sen saneamento. Esa é a realidade. É unha actitude tremenda que se está levando a cabo dende o ano 2018. Tamén son graves os efectos desta parálise para a cadea mar-industria; nin sequera lles permiten facer reposicións dos servizos mínimos, que son fundamentais en dominio público marítimo-terrestre.

A realidade é que a pesar de que o Goberno central saíu dicindo que non hai ningunha paralización e, polo tanto, que se deron prórrogas, as prórrogas son as debidas das instalacións en dominio público marítimo-terrestre, que non lles quedaba outra máis que dalas, que son as anteriores a 1988. Pero se agora mesmo unha industria quere facer calquera ampliación, ou quere facer calquera cambio, ou incluso unha canalización, xa se lles está dicindo que non. Polo tanto, hai que ser valentes, e dígolles unha vez máis aos señores do PSOE e dígolles unha vez máis aos señores do BNG que non enreden e que lle digan á xente que iso é o que queren; que lles digan á cadea mar-industria que non queren que se faga ningún tipo de reposición, nin que fagan ningún tipo de ampliación, nin que haxa ningunha nova instalación en dominio público marítimo-terrestre, porque diso é do que se está a tratar.

Eu quero recordar que o principal obxectivo da Loxilga é ordenar de forma integrada a costa. Hai dous xeitos de entender a costa: unha é a sectaria e outra é a integrada. Aí é onde nós queremos estar cos galegos e coas galegas.

Señora Pontón e o seu equipo, a min gustaríame pedirlles que se aclaren, e cando digo que se aclaren é que nos digan: ¿temos ou non competencias en materia de ordenación do litoral? A resposta por parte do Goberno é: si que as temos. Entón, ¿de que lei está a falar agora mesmo? O Estatuto é claro e a Constitución tamén é clara. Claro que temos competencias; teñen que deixar que as poidamos exercer.

Pero non só iso, hai este recurso e hai outro, que xa non é só unha lei, no que tamén recorren dous artigos, nos cales a Xunta de Galicia o único que fixo foi lexislar naquilo que o Goberno central ten sen lexislar, que é en servidume de costas. En servidume de costas o que pide a Xunta de Galicia é que se actúe por parte das administracións nun máximo de quince anos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora vicepresidenta. Rematou o seu tempo.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o encontro da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade co secretario de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana mantido o pasado 4 de outubro

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, señora Vázquez, non acabo de entender esa estraña obsesión do Partido Socialista, do Goberno de Pedro Sánchez, contra Galicia, que se fai máis evidente coa pésima situación na que teñen as infraestruturas estatais na nosa comunidade. O problema non está só na sucesión de incumprimentos, uns tras outro, é que son incapaces de cumprir nada do que prometeron. Non respectan un só prazo nin respectan unha soa data. Vémolo cos trens AVRIL, co Corredor Atlántico, coa situación das autovías e coa negativa a repoñer as frecuencias de ferrocarril eliminadas coa escusa da pandemia. E o seu desinterese chega a tal punto que nin atenden as infraestruturas en Galicia, nin atendían a súa máxima responsable, que é vostede.

Mentres os galegos sumabamos incumprimentos da Moncloa, en San Caetano pasaban as follas do calendario pendentes de que alguén en Madrid tivese a ben recibila e de dar explicacións. Non foi sen tempo. Por fin ese encontro tivo lugar. A primeiros deste mes de outubro, o secretario xeral de Transportes recibía a conselleira de Infraestruturas en Madrid. O que transcendeu dese encontro é: moitas expectativas, pero poucos ou ningún resultado. Hoxe pedímoslle que nos confirme o que aconteceu, que nos diga que asuntos trataron e cal é a súa valoración. Pola nosa banda, temos claro que non cabe agardar unha valoración positiva porque Sánchez desconecta Galicia; é moito máis que un simple resumo do proceder do Goberno ao longo da pasada lexislatura. É toda unha declaración de intencións en materia de infraestruturas tamén: máis Sánchez e menos Galicia. Non temos máis que viaxar pola AP-9 só —sen previo pago, que é das peaxes máis caras de España— ou visitar calquera autovía, como pode ser a A-6 en Becerreá, para constatar o que estou a denunciar.

A realidade é teimuda. Triste balance podemos facer, polo tanto, do compromiso de Sánchez coas infraestruturas galegas. Señora conselleira, a pregunta é moi directa: ¿como valora o Goberno galego o encontro mantido o pasado 4 de outubro co secretario de Estado de Transportes do Goberno central?

Nada máis e moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel María Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señoría, é innegable que o balance desa xuntanza o pasado día 4 non foi satisfactorio: moitos asuntos pendentes, inconcrecións permanentes e falta de compromiso. O resumo xeral é que as infraestruturas pendentes do Goberno de España seguirán sendo infraestruturas pendentes en Galicia, porque non temos previsións claras, non temos concreción absoluta sobre esas infraestruturas pendentes, que vemos que seguen pendentes. O certo é que non fomos a ese encontro con novas peticións, fomos a ese encontro para abordar compromisos adquiridos dende hai moito tempo con Galicia, dende hai uns anos. O certo é que se nos dixo con claridade, fundamentalmente, unha cuestión en relación coa AP-9. Confirmou con rotundidade o secretario de Estado que non haberá transferencia da AP-9; a iso si que contestou rotundamente, con total claridade, e dixo que o Ministerio non estaba disposto a ceder a xestión desta autoestrada; un trato ben distinto respecto doutros territorios, e sorprende ese dobre discurso dalgunhas formacións políticas.

Nós, como Goberno, dende logo que seguiremos mantendo esa reivindicación que vimos mantendo dende hai catorce anos porque necesitamos esa transferencia completa, cos recursos necesarios, porque temos claro que esa transferencia xestionada dende Galicia traerá beneficios aos galegos. Con base nesa coherencia, tamén axilizaremos —agardemos que se axilice o máximo posible— esa proposición de lei para acadar esa transferencia. Tamén é obvio o estado das estradas de competencia estatal; foi un asunto que tamén quixemos abordar co secretario de Estado, porque o estado desas autoestradas estatais é lamentable. Insistimos na necesidade dun plan de conservación extraordinario e urxente na autovía A-6. O caos no que está inmersa A-6 é, dende logo, impresionante, e é preciso actuar. Despois do colapso do viaduto do Castro, vimos moitas incidencias, incidentes de tráfico nese desvío —dende logo, controvertido, moi controvertido—, o derrubamento dun noiro, posteriormente outro accidente... Non exaxero, circular pola A-6 dende logo que é unha aventura moi perigosa. E hai que previr, dende logo, actuacións para manter en conservación axeitada as estradas de competencia estatal.

Por iso, solicitamos esa iniciativa, esa partida para o mantemento da nosa rede viaria, porque a situación da A-6, dende logo, é inconcibible. Reiteramos esa petición dun plan de conservación urxente, canto antes, para a conservación e mantemento da A-6. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Señora conselleira, se mal estabamos, peor seguimos. É dicir, probablemente veu vostede máis confusa desa reunión en Madrid que cando foi para Madrid, porque vostede si levaba as ideas claras, e parece ser que quen non tiña as ideas claras era o Goberno de España. Pero créame que como deputado galego, pero sobre todo como deputado pola provincia de Lugo, estou francamente preocupado polo que está a acontecer coa autovía A-6, coa autovía do Noroeste. Un ano e catro meses, é dicir, dezaseis meses despois de que Galicia quedase incomunicada por autovía coa Meseta, a situación non avanza, non mellora e nada progresa. Non reconstrúen os viadutos, non habilitan un desvío decente e, por se isto non fose sufi-

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ciente, só hai que abrir as páxinas dos xornais ou viaxar á zona para constatar o que digo. Hoxe puidemos ver nalgún medio de comunicación o seguinte *(O señor Balseiro Orol amosa un documento.)*: «*Todo sigue igual en el lugar donde se produjo el desprendimiento de la A-6*».

Case unha semana despois, señora conselleira, a terra continúa na calzada, o carril cortado, o tráfico desviado e está destrozada a malla de contención. E por se isto fose pouco, hai novos viadutos en sospeita polo seu mal estado. Sobre os viadutos, voulle dar unha recomendación: é mellor que os derribe, porque non vaia ser que pase o que pasou co viaduto do Castro, que se poñan a reparalo, a gastar vinte e seis millóns de euros, e cando o van abrir ao tráfico, o viaduto colapsa, cae. Entón, se hai problemas, vostede, polo ben e polo interese dos españois, polo interese dos galegos, e polo heraldo tamén, a nivel nacional, fágalle unha recomendación. Diso sabemos en Galicia e por iso, esta recomendación. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, desafortunadamente, a situación do caos da A-6 non é unha excepción, senón que vemos fochancas continuas e vemos como están moitas nacionais competencia do Goberno de España, como a N-120 ou a N-540. Tamén vemos como está a N-642, na Mariña, que segue, nove meses despois, en obras. Polo tanto, o mantemento da rede de estradas de competencia estatal en Galicia é claramente deficitario. Tampouco avanza a obra nova que hai que executar. Temos o exemplo da A-54, que é unha confirmación máis e outra cousa que sacamos en claro na xuntanza co secretario de Estado: a autovía A-54 non estará ata o ano 2025. Outros dirán que a culpa é da Xunta de Galicia, cando vemos que o que está incumprindo é o actual Goberno de España. Da autovía Vigo-O Porriño, da autovía da Mariña ou da A-76 nin sequera conseguimos que se nos dixese que se ían impulsar, xa non digo empezar, senón polo menos impulsar. Polo tanto, ás claras, o resumo da xuntanza é que a A-54 —a autovía Santiago-Lugo— estará para o ano 2025 e que hai un non rotundo á transferencia da AP-9.

Despois, confirmamos atrasos sobre atrasos noutras cuestións como os trens AVRIL; trens AVRIL que non estarán operativos este ano, como se nos comprometeu e como se comprometeu o Goberno de España en campaña electoral. Non estarán este ano. En resposta parlamentaria, recentemente, no Congreso, trasladaba o Goberno de España que estarán canto antes; isto é, nunca saberemos cando. Tampouco sabemos os criterios de repartición de cantos trens. É incrible que non se saiba cantos trens que están fabricando se van distribuír ás comunidades autónomas. Tampouco se vai rectificar polo Goberno de España, porque non rectificaron para traer o AVE a Lugo e, polo tanto, seguiremos sen esas variantes que garantan redución de tempos de percorrido en ferrocarril a Lugo. Tampouco conseguimos concreción, nin prazos, nin estimacións de investimentos para a mellora do ferrocarril a Ferrol. Polo tanto, ese é o resumo, ademais de engadir que nada sabemos tampouco sobre o impulso do ferrocarril e da autovía con Portugal.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por primeira vez tivemos un cara a cara co Comisionado, que tamén foi decepcionante, porque nada dixo dos oito mil millóns de euros que se necesitan. O que pedimos —e instamos— ao Goberno de España é que demostre cun plan director completo, con prazos e investimentos, que o corredor Atlántico sexa tan equivalente para o Goberno de España como o corredor Mediterráneo. Seguiremos insistindo día si, día tamén, no mesmo investimento, no mesmo trato no corredor Atlántico que no corredor Mediterráneo, seguiremos demandando eses sete trens AVRIL, seguiremos demandando o Plan director e seguiremos demandando a transferencia da AP-9.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de Dª Alexandra Fernández Gómez, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as valoracións que fai a Xunta de Galicia verbo da súa política en vivenda pública logo do tráxico incendio acontecido en Vigo

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidente.

Sorpréndenos, en primeiro lugar, que teñamos formulado unha pregunta sobre vivenda e que a conselleira acabe de marchar, deixándolle —probablemente, supoño— á conselleira de Política Social o marrón de dar a cara. *(Aplausos.)*

Unha vez máis, queremos aproveitar para mostrar o noso pesar polo tráxico incendio acontecido en Vigo e a nosa solidariedade coas vítimas e coas familias afectadas. É inconmensurable o pesar que supón a perda dunha muller e tres dos seus fillos; unha dor que se fai aínda maior cando se sabe que algo así nunca debeu ter sucedido. Esta familia, con catro menores, nunca debeu estar vivindo nesa situación de precariedade e de perigosidade. Rosana e os seus catro fillos tiñan que estar vivindo nunha vivenda digna e segura. Nunca debeu suceder isto, porque a Xunta era coñecedora da situación e era a súa responsabilidade proporcionar unha solución habitacional digna. Xa no ano 2021 esta familia ía ser desaloxada, e a Xunta sabía a situación. Coñecían tamén que o maxistrado que decretara o desaloxo apreciaba que había unha especial vulnerabilidade pola presenza de menores e, ademais, para asegurarnos de que vostedes se enteraban, advertímoslles entón, dende o BNG e dende diferentes colectivos, que era urxente unha alternativa habitacional, porque esta familia non tiña recursos económicos para facer fronte a un alugueiro no prezo do mercado.

Pero, desgraciadamente, a familia de Rosana recibiu o silencio da consellería con competencias en vivenda. Esta é a realidade das políticas de vivenda: que nin tan sequera nos casos de máis extrema vulnerabilidade, con menores a cargo, nin sequera aí a Xunta responde. *(Aplausos.)* Rosana e a súa familia quedaron na rúa ante a impasibilidade da Xunta de Galicia.

Señora conselleira, se vostede tivese catro fillos e tivese que escoller entre durmir na rúa ou entrar nun edificio baleiro a buscar acubillo, vostede ¿que faría? Imaxine que terrible escolla.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

É a realidade desta xente. E esta familia fixo o que todos fariamos ante este dilema. *(Murmurios.)* Para entón a Xunta foi plenamente coñecedora da situación de inseguridade da vivenda na que entraron a vivir, porque os menores estaban baixo a observancia da Xunta de Galicia E, a pesar de coñecer as condicións da vivenda na que vivían estes menores, nunca chegaron a recibir alternativa habitacional por parte da Xunta. Dous anos de silencio, dous anos de falla de empatía, dous anos mirando para outro lado. *(Aplausos.)* ¿Onde quedou o dereito a unha vivenda digna recollido na Constitución? Rosana, Ezequiel, Aldara e Sara nunca —¡nunca!— deberon estar nesa situación de perigosidade como na que estaban.

Nas mans da conselleira —hoxe fuxida— estaba a posibilidade de darlles unha vida baixo un teito digno e seguro. Por iso, a súa responsabilidade é total, e hoxe non vén aquí dar a cara. *(Aplausos.)* Esta traxedia ten que desencadear, dunha vez por todas, unha reflexión profunda. Este suceso tan tráxico ten que ser o punto final do rexeitamento do Partido Popular a que haxa políticas públicas de vivenda.

Señora conselleira: ¿que se fixo mal e que vai mudar a partir de agora? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Gómez.

Resposta da conselleira de Política Social e Xuventude, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Presidente, deputadas e deputados, moi boas tardes.

Señora Fernández, o pasado 11 de outubro a cidade de Vigo, e toda Galicia, amenceu consternada polo tráxico incendio que tivo lugar na rúa Alfonso X o Sabio, no que, moi lamentablemente, faleceron unha nai e tres dos seus fillos. Estamos a falar dun suceso moi triste ao que temos que dar resposta con lealdade, con coordinación e sen intereses partidistas. O que non se pode negar é que a Xunta de Galicia, en función das súas competencias no ámbito social, estivo ao carón de todas as familias. Dende os servizos sociais comunitarios fíxose un seguimento exhaustivo da situación de moitas destas persoas e tramitáronse tamén axudas para cubrir as súas necesidades básicas. Dende os equipos de menores da Consellería traballouse cos nenos que alí vivían a través dun programa de reforzo social e educativo financiado polo Goberno galego. Despois do incidente, a Administración autonómica continuou actuando alí onde tivo que facelo e asumiu a tutela dunha pequena, que aínda, por desgraza, segue hospitalizada e que agardamos que se recupere o antes posible.

Agora é o momento de seguir investigando que foi o que provocou ese incendio e de buscar unha solución para os afectados. Como dixen, debe facerse con responsabilidade e con lealdade dende todas as administracións. Por esa mesma razón, a semana pasada propuxémoslle ao Concello de Vigo unha reunión para buscar solucións conxuntas e coordinadas, cada un en función das súas competencias. Na primeira reunión acordáronse algunhas alternativas para estas persoas, como unha solución habitacional ou a sinatura dun convenio por ambas as partes. Polo tanto, seguiremos mantendo encontros co Concello de Vigo para encontrar unha solución efectiva, pero tamén respondendo cada un ao seu deber.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, conselleira.

Réplica, señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Vostedes foron cómplices da situación de perigosidade na que estaba esa familia, porque sabían que quedaban na rúa, sabían que tiveran que ocupar un edificio inseguro e, nunca, en dous anos, lles deron ningunha alternativa habitacional. A resposta tiña que darse antes do grave suceso. Todo o contrario fixo a Xunta. A súa única preocupación foi intentar cubrir as costas, e por iso lle enviaron unha carta ao Concello de Vigo propoñéndolles que cofinanciasen un programa de axudas. ¿Cre vostede que unha carta os vai eximir de ter buscado unha alternativa habitacional? ¿Cren vostedes que a política de vivenda da Xunta consiste en mandarlles cartas aos concellos onde haxa un problema pedíndolles que lles financien as políticas de vivenda da Xunta de Galicia? ¿A súa capacidade remata aí? ¿Non ve que están evidenciando a súa inutilidade?

O que tamén quedou en evidencia nesta traxedia é que o discurso habitual da señora conselleira —fuxida hoxe deste debate— é absoluta propaganda falsa, porque ela sempre di que en Galiza ninguén queda na rúa porque hai un bono de alugueiro social. E nós dicímoslle, unha e outra vez, que ese bono de alugueiro social non serve, porque vostedes estableceron unhas bases que o fan imposible e que obrigan os afectados a ter un contrato antes de recibir calquera axuda. Deixan as persoas empobrecidas á súa sorte fronte a un mercado privado cada día máis inaccesible, e co que se atopan estas persoas é con que ninguén lles aluga unha vivenda, sen ingresos estables. Se, ademais, como neste caso, falamos de xitanos ou de inmigrantes, cun problema de racismo estrutural, vemos que se lles fai imposible conseguir un contrato de arrendamento.

Rosana e os seus catro fillos non puideron acceder a esta axuda, porque vostedes a deseñaron para que non a recibisen. Por iso, cada vez que a señora conselleira —fuxida hoxe— fale do Bono de Alugueiro Social, lle recordaremos este caso unha e outra vez ata que o cambie, dunha vez por todas, por un programa realmente efectivo. Porque, fronte á súa propaganda, hai nomes propios e hai persoas que padecen esa realidade, que é a nula oferta de vivenda pública e a existencia de programas deseñados para decorar discursos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: A realidade pasoulles por riba da propaganda. Este drama ten que ser o punto final...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ¿Que vai cambiar na política de vivenda da Xunta de Galiza?

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Peche da pregunta, conselleira de Política Social e Xuventude

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Grazas, presidente.

Señora Fernández, a Xunta está traballando en coordinación co Concello de Vigo para que cada un, en función das súas competencias, actúe coa maior axilidade posible. De feito, no día de mañá, ambas as administracións volverán sentar para analizar a situación de todos os afectados e tamén para achegarlles as solucións que precisen segundo as súas necesidades. O compromiso do Goberno galego con todas aquelas persoas que, polo motivo que sexa, se atopan nunha situación de risco ou vulnerabilidade, é incuestionable. Levamos anos e anos incrementando o orzamento da Consellería de Política Social e Xuventude. De feito, para o vindeiro ano 2024, será o maior investimento da historia de Galicia: 1.200 millóns de euros. O ano pasado tamén incrementamos as prestacións, como a Risga ou as axudas de inclusión social, entre un oito e un seis por cento.

En definitiva, a Xunta de Galicia seguirá tendo sempre como prioridade a axuda e o apoio a todas as persoas que, polas súas circunstancias, se atopan en apuros e pasan dificultades. Farémolo incrementando os fondos que destinamos aos servizos sociais municipais, farémolo aumentando as axudas para as entidades sociais que traballan cada día e a pé de campo e farémolo con máis orzamento para que ninguén quede atrás.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de Dª Ana Belén Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o cumprimento do acordo parlamentario verbo da Iniciativa Xabarín, relativa á programación infantil e xuvenil en galego nas televisións públicas

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona Mercedes Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Obrigada, presidente.

Esta é a imaxe *(A señora Queixas Zas amosa unha fotografía.)* dun acordo unánime desta Cámara en resposta a unha mobilización social impulsada a favor da lingua galega; un acordo positivo para o futuro do galego impulsado pola sociedade galega que lle quere á nosa lingua. Aquel 12 de maio de 2021 abriámoslle unha porta de esperanza á igualdade para o galego nun espazo tan atraente para a infancia e a mocidade como é o audiovisual. Sumabámonos, nesta Cámara, os tres grupos parlamentarios ás demandas dunha iniciativa lexislativa popular que chegaba a esta Cámara avalada por máis de 33.000 sinaturas; todo un éxito colectivo para a sociedade. Este acordo comprometía a CRTVG a aumentar a oferta en galego destinada á infancia e á mocidade co reforzo das catro canles dixitais Xabarín; instaba a Xunta a se dirixir á CRTVE para emitir os contidos con opción dobrada en galego —nomeadamente, na canle específica para infantil e xuvenil— e a acordar con outras administracións e empresas a oferta dunha opción de dobraxe e lexendaxe en ga-

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lego para as plataformas dixitais, ademais de, por suposto, a avanzar de vez na recepción mutua entre a TVG e a RTP.

A portavoz do Partido Popular, a señora Arias, xustificaba aquel día o voto a favor do PP dicindo que era —literalmente— «un día gratificante por debater unha iniciativa que viña da rúa, impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística, con vontade de consenso, sobre o dereito das nenas e dos nenos galegos a coñecer a súa lingua, e para que os medios públicos audiovisuais lles ofrezan contidos de formación e entretemento en galego». Ademais, recordou —tamén literalmente— «a importancia transcendental que ten a presenza da nosa lingua no audiovisual para un sector económico que supón un 2 por cento do PIB galego». Pois ben, a pregunta é: ¿por que dous anos e medio despois deste acordo unánime nesta Cámara voltamos estar aquí a falar da Iniciativa Xabarín? A resposta é esta: un papel en branco, *(A señora Queixas Zas amosa un papel en branco.)* un acordo incumprido por parte do Partido Popular coa sociedade galega, que segue faltando á súa palabra reiteradamente. (*Aplausos.*) Condicionan o desenvolvemento da Iniciativa Xabarín e, polo tanto, o cumprimento deste acordo, a unha plataforma OTT da que nos levan falando e anunciando continuamente. Ía estar para o ano 2019, ía estar para o 2020, para o 2022, incluso para setembro do 2023, pero, rematando outubro do 2023, seguimos sen saber nada dela. Se cadra, é que están buscando un oco nesa axenda mediática de *Plató para todos*, señor Rueda, para que tamén poña el a Iniciativa Xabarín en pantalla.

A sociedade pregúntase, dous anos e medio despois, por que o Goberno de Rueda non cumpre o acordo unánime coa sociedade a favor do galego e a favor dunha maior relación entre lingua, infancia e mocidade, como é a Iniciativa Xabarín. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, don Román Rodríguez González

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFSESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade, señoría, é que temos moitos máis puntos de encontro nesta iniciativa dos que vostede parece querer sinalar, polo seu ton. Creo que hai moitos máis puntos de encontro, e creo que é importante plantexalos, porque eu creo que aquí estamos ante dúas formas diferentes de ver como evolucionou o sistema de comunicación e de como evolucionou o acceso aos contidos audiovisuais. Nós estamos absolutamente a favor do que vostede di, é dicir, de que haxa unha maior oferta na TVG de programas xuvenís e infantís; absolutamente a favor, compartimos iso con vostede.

¿Estamos a favor de potenciar a Iniciativa Xabarín? Non hai ningún tipo de dúbida. Digamos: si, a favor. ¿De que se incremente a programación xuvenil na nosa lingua? Tamén estamos absolutamente a favor, e coincidimos. E tamén coincidimos na importancia que ten a compañía, a Televisión e a Radio Galega, como un elemento que nas últimas décadas foi fundamental para potenciar a promoción e a normalización da nosa lingua. Aí estamos todos a

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

favor. O que pasa é que vostedes teñen unha visión diferente, quizais pouco evolucionada, (*Murmurios.*) respecto de como evolucionou o sistema de comunicación e o sistema de acceso aos contidos audiovisuais. Efectivamente, cando naceu Xabarín, vostede e mais eu non o vimos, eramos dunha xeración un pouco máis por riba. Realmente, daquela consistía en sentar diante do televisor e ver unicamente un programa. Hoxe, o sistema de acceso aos contidos audiovisuais cambiou moitísimo, evolucionou moitísimo.

¿Por que digo iso? Dígoo porque, partindo da base da importancia transcendental da Compañía de Radio e Televisión de Galicia para a difusión e para a promoción da nosa lingua, hoxe, a Iniciativa Xabarín non responde ao modelo tradicional que vostede e mais eu podemos ter, que consistía en sentar diante dunha pantalla, nun horario concreto e determinado, e aí acababa. Hoxe, hai uns sistemas de acceso aos contidos audiovisuais moito máis complexos, ¿verdade? Hoxe, realmente, hai unha oferta case á carta por parte do usuario, que, con diferentes modalidades, como poden ser tableta, teléfonos móbiles, ordenadores ou a propia televisión, poden acceder aos contidos en parrillas temporais moi diferentes. E iso é, ao final, o que se fixo. O que se fixo foi que a Iniciativa Xabarín Club estea presente, ou que se poida ofertar as vinte e catro horas do día, e que estea dispoñible en tres vías: a sección Xabarín da web corporativa, onde hai tres canles de debuxos e unha radio con máis de mil cancións e programas infantís; a aplicación móbil Xabarín TVG; e a canle Xabarín TV da propia aplicación.

Eu creo que esta é unha forma diferente de entender o que é unha iniciativa de difusión e promoción da nosa lingua para o público infantil e xuvenil. Non cabe a menor dúbida de que se está reforzando, o que pasa é que hai un sistema diferente de acceder aos contidos audiovisuais, que, por suposto, nós entendemos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...que se están cumprindo e que, por suposto... *(O señor conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, Rodríguez González, pronuncia palabras que non se perciben.)* (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidente.

Ben, como nesta tarde temos o Goberno galego fuxido, tócalle a vostede responder a unha pregunta da que xa acaba de demostrar que non ten nin responsabilidade, nin competencia, nin coñecemento. (*Aplausos.*) Sobráronlle lecciónes e faltoulle moita educación, señor conselleiro, e vostede é o conselleiro de Educación e de Cultura. En calquera caso, esta pregunta foi suficiente para amosar as dúas caras da moeda: fronte a unha iniciativa en positivo, que procede da sociedade e que traballa para impulsar a lingua galega, sobre todo na mocidade e na infancia, sempre a favor do galego, temos sempre o Partido Popular, que responde á

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

contra, en modo negacionista, que se nega a abandonar..., e que di que está sempre moi de acordo con todo o que teña que ver co galego, pero, iso si, facer non vai facer absolutamente nada máis que ver como recúa. (*Aplausos*.)

Xa sabemos que o Partido Popular é ese partido que vai pasar á historia por prohibir, por primeira vez en democracia, que se poida aprender en galego en diferentes materias do currículo desde infantil a primaria, a secundaria, ao bacharelato e a todas as etapas educativas. Agora tamén sabemos que está disposto a fallarlle á sociedade, incumprindo un acordo unánime desta Cámara que simplemente se tomou para acrecentar a presenza do galego nos contidos audiovisuais e en todas as plataformas dixitais. Señor conselleiro, abandone, por favor, a pantalla da televisión do seu tempo, que estamos noutro tempo moi diferente. *(Murmurios.)*

¿Que mal lles fixo a vostedes, no PP, o galego? ¿Por que teñen tantos prexuízos lingüísticos que lles impiden permitir que o galego avance nin o máis mínimo paso, sobre todo para que o poidan usar a infancia e a mocidade, e garantir o dereito á súa aprendizaxe e uso? ¿Que problema é o que teñen vostedes que non o dan resolto?

Porque, mire, os datos da cada vez menor relación entre infancia, mocidade, lingua e audiovisual, en todas as plataformas son os que son, e a TVG está dando moi mal exemplo. A TVG2 pasou de emitir semanalmente 73 horas en galego para este público en 2017 ás actuais 20 horas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...en 2023.... (*A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben*.) (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o tempo.

Para o turno de peche desta pregunta, o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que, señoría, creo que vostede demostrou aquí estar moi excitada con esta cuestión, *(Risos.)* ¡politicamente!, ¡politicamente! *(Murmurios.)* Creo que me salvou a vida, e a verdade é que quedo moi tranquilo. Pode estar vostede absolutamente segura de que nin este Partido Popular nin eu persoalmente temos nada en contra do galego. Pero ¿como se atreve vostede a ser tan soberbia, a facer esas afirmacións tan rotundas e a poñerse vostede soa como intérprete da sociedade galega? Ese é un acto de soberbia política absoluta. Aquí a sociedade galega é a que vostede interpreta, simple e llanamente. Falabámolo á mañá, ao final, ningún maligno os condenou a vostedes a ser unha forza minoritaria na inmensa maioría dos procesos electorais de Galicia. E este partido, o Partido Popular, representa a vontade democrática da maioría dos galegos. A partir de aí podemos falar do

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que vostede queira, pero, mire, eu voulle dicir con toda a humildade do mundo unha cousa: vostede salvoume a vida, e eu agradézollo moito, *(Risos.)* non vaia pensar que non; agradézollo moitísimo, pero está intentando plantexar un debate inexistente. Vostede está intentando dicir que non hai unha oferta de produtos infantís e xuvenís na canle CRTVG, que, por certo, eu creo que —e aí coincidiremos— fixo un labor de potenciación da nosa lingua extraordinario. Eu creo que aí coincidiremos; ao mellor, non, ao mellor, tería que facer outras cousas, pero eu creo que si, que o fixo, e estou seguro de que a inmensa maioría da sociedade galega tamén o pensa.

Xa lle dixen anteriormente que os hábitos de consumo de produtos audiovisuais, sobre todo na poboación xuvenil e infantil, cambiaron moitísimo. Vostede e eu sentabamos diante da televisión a unha hora concreta a ver un programa concreto, e hoxe non é así, ¡hoxe non é así! *(Murmurios.)* Díxenlle perfectamente as iniciativas que hai no ámbito do Xabarín Club —díxenllo—, que está dispoñible as vinte e catro horas do día en diferentes formatos —xa llo dixen—: na sección Xabarín, na web corporativa, na aplicación móbil Xabarín TVG e na canle Xabarín TVG da propia CRTVG.

Mire, a partir de aí, efectivamente, vostede plantexa unha visión maximalista. Fala desa plataforma que está en construción, da plataforma dixital OTT, que non é unha cousa nada menor e que o que quere é facer un espazo atractivo para a mocidade. Ao mellor, se non tivésemos esas posturas tan maximalistas sobre a lingua, quizais fose máis atractiva para a sociedade, pero aquí parece que hai un interese en usar a lingua como un elemento de confrontación política, e iso non xera atractivo para os nosos xoves, sen dúbida ningunha, como vostedes perfectamente saben. Ao final, mire, o espectador infantil vai dispoñer desta canle do *Xabarín.gal* no próximo ano; vai poder ter aí produtos en estrea e en exclusiva...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...e vai ter un programa para a mocidade que lle vai posibilitar ter...

O señor PRESIDENTE: Grazas. É unha boa noticia esa. Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...un acceso directo neste ámbito. A partir de aí...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o tempo. Grazas.

Pregunta de Dª Noelia Otero Lago e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia verbo da ampliación aos menores de 30 anos do dereito ao acceso á Tarxeta Xente Nova

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona Noelia Otero.

A **señora OTERO LAGO:** Grazas, presidente, e moi boa tarde.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Consideramos que son moitas as razóns de peso, señora conselleira, para abondar nesa petición de ampliar os beneficios da Tarxeta Xente Nova dos actuais 21 anos ata os 30. Por sentido común, compartiremos que a mocidade non remata nos 21 anos; tamén por razóns de mobilidade e por razóns socioeconómicas. Nas últimas horas, acabamos de coñecer, precisamente, un estudo —da UXT, neste caso— que analiza a situación da mocidade galega a nivel económico e laboral a ambos os dous lados da raia, no contexto da eurorrexión, que amosa e reflicte como a mocidade galega padece unha maior precariedade. Son moitos os indicadores; a ninguén lle escapa o contexto socioeconómico actual que padece, especialmente —sabemos— a mocidade, como, por exemplo, a alza dos prezos, especialmente dos combustibles. E que eses prezos aumentasen inflúe tamén directamente, por exemplo, na mocidade universitaria, por esas razóns —que diciamos— de seguir abondando nunha maior e mellor mobilidade.

Precisamente dende a súa consellería hai pouco tempo situaban como obxectivo para este ano chegar a aumentar nun millón de viaxes máis os beneficios desas viaxes interurbanas con esa Tarxeta Xente Nova ata chegar a seis millóns. Nós consideramos que seguir aumentando é positivo, pero ¿por que non ir a máis se teñen esa ferramenta e esa posibilidade? Consideramos tamén —neste contexto, diciamos, de crise e de elaboración e discusión dos vindeiros orzamentos do ano 2024— que igual que o Carné Xove vai ata os 30 anos, a Tarxeta Xente Nova tampouco ten que limitarse ata os 21 anos, e insistimos: e máis neste contexto económico. O mellor exemplo son as universitarias e os universitarios que, nunha grandísima porcentaxe, quedan fóra das súas vantaxes.

Consideramos, polo tanto, que a mocidade ten que ocupar o foco das políticas públicas do Goberno da Xunta en toda a súa extensión. Igualmente, lamentamos que de cara ao vindeiro ano —como xa o lamentamos este ano— non exista un plan de emancipación xuvenil, que non se complementen con fondos propios e suficientes as axudas ao alugueiro para a mocidade e que non se complementen as axudas de xeito extraordinario tamén ao estudantado neste contexto de crise. Tamén pensamos que na súa consellería teñen moito que facer, porque estamos nun momento de crise demográfica, e —como dicimos sempre— non podemos quedar e limitarnos a falar das familias e evitar falar e incidir nunha mocidade que, aínda con traballo, vive absolutamente empobrecida e con incapacidade de emanciparse.

Así que, conselleira, a pregunta é ben clara: tendo os recursos e neste contexto de elaboración dos novos orzamentos, ¿van ampliar a idade dos beneficiarios da Tarxeta Xente Nova ata os 30 anos?

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señoría, dende a Xunta de Galicia estamos centrados en seguir mellorando o transporte público e en mellorar o máximo posible os servizos que se prestan aos cidadáns. Agradézolle, por suposto, que nos anime a seguir mellorando o transporte público e que nos faga esta pregunta para abordar unha medida pioneira en Galicia, implantada por esta Xunta de Galicia dende o ano 2016 para os menores de 16 anos. A partir do ano 2016 fomos estendendo a franxa de idade ata os 21 anos en todo o territorio, porque quero lembrarlle que no ano 2016 era só nas áreas metropolitanas. Agora estendémolo a toda Galicia, e iso é posible grazas a un investimento deste goberno de 9 millóns de euros ao ano destinados a esa Tarxeta Xente Nova. Queremos seguir mellorando conforme a folla de ruta que temos marcada, fundamentalmente coa modernización e a renovación do transporte público e desenvolvendo esa plataforma de mobilidade 4.0 para ofrecer máis potencialidades, que suporán, dende logo, un salto cualitativo moi importante na utilización do transporte público.

Sabe que estamos en fase de probas. Dende o pasado 15 de setembro estamos desenvolvendo un proxecto piloto con 200 mozos da zona de Ferrol, Narón e Neda para pasar desa Tarxeta Xente Nova física á Tarxeta Xente Nova no móbil e así, dende logo, fomentar o transporte público e ofrecer claramente maior comodidade para o transporte público. Non fai falta ter a tarxeta física, non fai falta ter saldo previo e non fai falta recargar no caixeiro. Este é un obxectivo no que estamos traballando. E o certo é que o incremento de usuarios rexistrados no transporte público tamén o seguimos mellorando con esa reserva anticipada dos billetes. Cremos que era necesaria esa reserva anticipada de billetes como consecuencia tamén dese transvase de usuarios de tren que non teñen praza e que veñen utilizar o transporte público. Como dicía vostede, o obxectivo do 2023 é alcanzar os 6 millóns de viaxes bonificadas para fomentar o transporte público entre os máis novos; trátase dun aliciente enorme, xa que facer 60 viaxes gratis suporá ás familias aforros de 1.000 euros ao ano. Por isto, a acollida da Tarxeta Xente Nova foi espectacular, batendo o récord no mes de xullo con 4.209 tarxetas expedidas. O certo é que é un gran acerto a Tarxeta Xente Nova, e preto de 160.000 tarxetas activas así o acreditan. Agora seguiremos implantando medidas e seguiremos innovando para ofrecer un transporte público máis moderno con esa Tarxeta Xente Nova, que se leva no móbil, evitando así a tarxeta física e, polo tanto, modernizando o transporte público.

Pola miña parte, nada máis.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Ben, señora conselleira, nós non só animamos, senón que pedimos compromisos, que é o que precisa a mocidade galega. Acaban de presentar —diciamos— ese proxecto de orzamentos para o vindeiro ano, dispoñen de recursos económicos para ampliar eses beneficios e teñen as competencias; o que pedimos, unicamente, é que se comprometan con esa mocidade galega, que entenderá vostede —preguntáballe— que vai moito máis alá dos 21 anos. Ese Carné Xove comprende ata os 30 anos. Non entendemos ese empecinamento —por dicilo así— nesta idade, vendo os beneficios e a utilidade que recoñece-

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mos que ten esa tarxeta, que a limiten ata os 21 anos, e máis —como dicía antes— neste contexto socioeconómico que está a padecer especialmente a mocidade galega. Non no caso da súa consellería, pero diciamos antes que as socialistas e os socialistas insistimos en que cómpre poñer o foco dende a Xunta de Galicia en políticas transversais de cara a mocidade galega. Única e exclusivamente escoitamos falar de mocidade neste Parlamento para falar de campamentos e de voluntariado e, como diciamos antes, a mocidade non remata, nin moito menos, nos 21 anos, senón todo o contrario. Esperabamos algo máis de contido e tamén algún tipo de compromiso.

Falaba vostede e presumía da situación do transporte, da xestión que está a facer a súa consellería. Neste punto non podemos evitar, aproveitando a oportunidade, dicir que responda ante a decisión do Tribunal Supremo, que rexeitou e non admitiu o recurso que interpuxo o seu Goberno —Xunta e empresas; tampouco o Supremo lles compra, por certo, o discurso—. Debería explicar vostede esta decisión pola condena, en sentenza do Tribunal Superior de Xustiza, que acredita a repartición ilegal do mercado, señora conselleira. Este é un fallo do Supremo deste mesmo mes de outubro para o que xa non cabe recurso —como dicimos—. Preguntámoslles: ¿a quen defenden? Tamén lles preguntamos a vostedes arredor das queixas das irregularidades que están a padecer os usuarios e usuarias do transporte escolar.

Polo tanto, non animamos, senón que pedimos medidas concretas, neste caso efectivas, para unha mocidade galega absolutamente empobrecida.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, coido que vostede vén recoñecer a excelente iniciativa da Xunta de Galicia, deste goberno, coa Tarxeta Xente Nova, xa que esta medida foi un gran acerto, que supuxo que no día de hoxe 160.000 menores, mozos de Galicia, teñan esa tarxeta activa.

Eu, sobre esa pregunta que me fai vostede respecto de axudar a mocidade galega, fágolle outra pregunta, xa que me trae aquí esta iniciativa que comentaba vostede: ¿por que no transporte urbano de Vigo non implantan a Tarxeta Xente Nova para os menores...? *(Murmurios.)* Pero, pregunto: ¿é unha iniciativa boa da Xunta de Galicia que os menores de 21 anos teñan transporte gratuíto para axudar as familias na súa economía e para fomentar o transporte público entre os mozos e darlles oportunidades? ¿Por que os gobernos onde gobernan vostedes, nas cidades, que teñen competencia directa, como A Coruña, Vigo ou Lugo, non teñen transporte urbano e a Tarxeta Xente Nova? Pregúntome eu.

«*Haz lo que yo digo, no hagas lo que yo hago*». Son vostedes así; é o seu lema, entendo eu. Pregúntome por que en Vigo ou en Lugo non a teñen. ¿En Pontevedra e Ferrol saben por que a

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

teñen? Porque estamos realizando nós o transporte público. *(Aplausos.)* Ferrol ten no urbano a Tarxeta Xente Nova porque a implanta a Xunta de Galicia; Pontevedra ten a Tarxeta Xente Nova porque a implanta a Xunta de Galicia.

Polo tanto, a min gustaríame que viñesen aquí replicando o exemplo no transporte urbano. Foi unha decepción. Eu lamento que non me trasladase aquí a iniciativa do seu partido para implantar esta medida nos transportes urbanos alí onde, dende logo, gobernan.

Trasladou tamén certas cuestións. Eu da Xente Nova, xa lle digo: 41 millóns de euros investidos en nove meses deste ano, que supoñen un 29 por cento de incremento de usuarios. O aforro ás familias supón uns 7,14 millóns de euros, un 31 por cento máis que no ano 2022, e isto é polo crecemento de usuarios da Tarxeta Xente Nova, e —como digo— perdeu a oportunidade de predicar co exemplo co transporte urbano. A nós, co escenario socioeconómico tan delicado que hai, si que nos preocupa outra franxa de idade, e por iso os maiores de 65 anos terán o transporte gratuíto da Xunta de Galicia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Como dixo o presidente da Xunta de Galicia esta mañá, os maiores de 65 anos terán transporte público da Xunta de Galicia gratuíto, porque nos preocupan as persoas e porque nos preocupa esa franxa de idade na situación económica que estamos a vivir.

Pola miña parte, nada máis.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de Dª María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do anuncio do Goberno de España da creación da especialidade de urxencias e emerxencias

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra don José Alberto Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Señor conselleiro, por todos é coñecido ese vello adaxio que divide os responsables políticos en dous grandes grupos: os que atopan para cada problema a súa solución, e os que buscan para cada solución o seu problema novo. O Goberno de España, presidido polo señor Sánchez, leva moitos anos empeñado en converterse nun exemplo paradigmático dese segundo grupo de responsables políticos que nunca deixan pasar a oportunidade para meter a zoca en cada ocasión que se lles presenta.

O anuncio realizado polo Ministerio de Sanidade para impulsar a creación da especialidade de urxencioloxía é boa mostra dese empeño. Por todos é sabido —aínda que non por todos sexa recoñecido— que o Sistema Nacional de Saúde adolece dun gran problema no referente ao déficit de médicos especialistas en medicina familiar e comunitaria. Non é esta unha problemática nova, nin tampouco exclusiva da sanidade pública galega, tal e como se evidenciou no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde celebrado en 2018, no que se apro-

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

baron por unanimidade uns acordos que posteriormente foron ignorados polo Goberno socialista. Estes acordos foron aprobados para paliar esas dificultades en todos e cada un dos territorios sanitarios de España, en todas as comunidades autónomas sen excepción, e tamén no territorio Ingesa, o único xestionado directamente polo Ministerio de Sanidade. Dende ese Ministerio de Sanidade nada se fixo por dar solución a este déficit, evitando tomar as medidas urxentes que dende as comunidades autónomas se exixiron de maneira reiterada.

Concretamente, dende este Parlamento de Galicia, os tres grupos parlamentarios presentamos, debatemos e aprobamos unha proposición non de lei conxunta no ano 2020, pedíndolle ao Goberno central a creación da especialidade de urxencias, con tramitación preferente e independente á que corresponde a un novo decreto de troncalidade, posto que a carencia desta especialidade no sistema formativo actual xera un desprazamento dos especialistas de medicina familiar e comunitaria ao escenario da existencia de urxencias, en detrimento da atención primaria.

Recentemente, coincidindo de forma —sen dúbida— casual coa precampaña electoral e despois de varios anos de espera, o ministro de Sanidade anunciou o inicio do trámite para a creación do título en especialista de urxencias e emerxencias. Esta debería ser unha boa noticia para o conxunto da sanidade española, pero, como ben coñecemos os que nos adicamos ao dereito, para valorar axeitadamente os compromisos cómpre coñecer a letra pequena.

Polo interese que ten esta especialidade tan demandada, e pola repercusión que ten na formación sanitaria especializada de medicina familiar e comunitaria, os deputados asinantes temos especial curiosidade por coñecer o seu parecer, conselleiro, sobre esta letra pequena, e por iso lle formulamos esta pregunta no Pleno: ¿que valoración fai o Goberno galego do anuncio do Goberno de España sobre a creación da especialidade de urxencias e emerxencias?

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Efectivamente, como vostede ben di, o pasado mes de xuño, en pleno período electoral ou preelectoral, o Ministerio de Sanidade, efectivamente, tivo a ben comezar esa tramitación do borrador do proxecto de real decreto para a creación desa especialidade de urxencias e emerxencias. Teño que dicir que dende Galicia, dende a Consellería de Sanidade, demos un total apoio á creación da especialidade; de feito, fomos o grupo promotor do traballo que se fixo no grupo específico, fomos unha das catro comunidades autónomas que promovemos esa especialidade, fomos unha das sete que a promovemos e fomos, por suposto, unha das dezaseis que votaron a favor no último momento. Froito desa votación e arrastrando os pés —como se diría—, o Ministerio de Sanidade deu o paso adiante para iniciar esa tramitación —non lle quedaba outro remedio—, e aínda que fose con varios anos de atraso, efectiva-

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mente, solicitou esa creación da especialidade, e ese anuncio para nós, dende logo, é unha boa noticia. Pero, a mágoa, efectivamente, chegou cando o pasado verán —e teño que dicir que pola prensa— puidemos ver ese borrador do real decreto para a creación da nova especialidade, onde se recollen determinados aspectos que consideramos que non só non solucionan os problemas existentes, senón que incluso poden agravalos.

A proposta realizada polo Ministerio expón un itinerario común aos dous primeiros anos das dúas especialidades: familiar e comunitaria, e urxencias e emerxencias; cousa que, dende logo, nos parece razoable, estamos a favor das competencias compartidas en varias especialidades, e dende Galicia sempre sinalamos —como dicía— que a creación da especialidade era unha oportunidade. Por unha banda, dende o punto de vista científico, cremos que é importante e, por outra banda, consideramos que esa separación entre familiar e comunitaria e urxencias podería evitar, por exemplo, que, ano tras ano, entre o 25 e o 30 por cento dos especialistas de medicina familiar e comunitaria vaian traballar a urxencias.

A proposta realizada polo Goberno contradí a proposta realizada por ese grupo —que Galicia liderou, como digo—, xa que o que fai é, basicamente, asimilar a formación de emerxencias e urxencias con familiar e comunitaria e non deixar claro que esa formación non se realice nos dispositivos de atención primaria.

Esta decisión non só dificultaría de maneira excesiva o desenvolvemento desa nova especialidade de urxencias, senón que, ademais, vai prexudicar claramente a especialidade de familiar e comunitaria, onde todo o mundo sabe que temos un problema para formar máis especialistas. De ser así, tal e como se pon no real decreto, dende logo cremos que se pode considerar un problema importantísimo na especialidade de medicina familiar e comunitaria.

Ademais, o decreto di expresamente que non conleva presuposto económico para a dotación de novas prazas; polo tanto, todo parece indicar, mentres non quede claro, que unha especialidade vai fagocitar a outra, ou así podería ser. De feito, o título deste decreto fala da modificación do decreto de primaria.

Polo tanto, nós non imos admitir que as prazas que se incorporen na oferta da especialidade de urxencias e emerxencias sexan a custa de ningunha soa das prazas de familiar e comunitaria, que, como sabemos todos, son escasas e teremos que aumentalas máis, se cabe.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Grazas, conselleiro.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Lamentamos profundamente escoitar as noticias que lle acaba de trasladar a esta Cámara. Resulta frustrante que, existindo un amplísimo consenso entre territorios gobernados por forzas políticas de moi distinto signo sobre cal é a maneira axeitada de solventar, ou alomenos de paliar, unha situación que a todos nos afecta, se desaproveite unha oportunidade como esta. Cando se coñece o problema e cando se coñece a solución, a resposta do Ministerio de Sanidade e do Goberno de España é desoír o clamor que existe entre todos os responsables dos sistemas sanitarios públicos de España, convertendo unha oportunidade única para resolver o problema nunha oportunidade perdida que consolida a situación que estamos a padecer todos: gobernos, profesionais e usuarios da sanidade pública. Simplemente é unha vergoña. ¿Como é posible que se pretenda solventar a falta de profesionais na especialidade de medicina familiar e comunitaria cun real decreto que non implica incremento de gasto e que non precisa de novas dotacións orzamentarias?

Onte mesmo escoitamos os dous socios do Goberno de España anunciar o seu compromiso coa mellora da sanidade pública do noso país, que, segundo defenden os seus corifeos aquí en Galicia, pasa por mellorar a atención primaria. Señor conselleiro, se o real decreto non prevé novos profesionais, nin máis orzamento, ¿como pensa o Goberno de España solucionar o problema? ¿Ten vostede coñecemento de cales son os avances ou as previsións respecto da formación da especialidade de medicina familiar e comunitaria? ¿Como se vai dar cumprimento aos acordos tomados no 2018 no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, dos que incluso algún deputado nesta Cámara negou ata a súa existencia —a dos acordos—?

Agardemos que aínda esteamos a tempo de rectificar para evitar que, unha vez máis, as comunidades autónomas teñan que afrontar este problema en soidade e sen o concurso dun goberno, centrados, como están, en atornillarse ao sillón en lugar de atender os problemas dos cidadáns.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Señoría, en relación, efectivamente, coa reforma desa formación da especialidade de familiar e comunitaria que vostede comenta, teño que comunicarlle ou confirmarlle que, efectivamente, non se fixo nada, salvo —insisto— no título do decreto da especialidade de urxencias e emerxencias, onde se fala da reforma da formación de familiar e comunitaria. Dende a Consellería de Sanidade insistimos na necesidade de mudar ese sistema e de cumprir eses acordos reais que existen. Podo, por suposto, proporcionarlle ao presidente a resolución do Consello Interterritorial que, por unanimidade, fala da necesidade desa reforma. Desafortunadamente, dende que o señor Sánchez chegou ao Goberno no ano 2018, esa proposta está nun caixón e nunca máis soubemos nada dende o Ministerio.

Como consecuencia desta inacción por parte do Goberno central, Galicia fixo un manifesto que trasladou a outras comunidades autónomas, nomeadamente ao País Vasco e Cataluña,

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

así como a outras unidades autónomas do resto do Estado, pero tamén de novo sen que o Ministerio fixese absolutamente nada sobre este asunto. Nós plasmabamos medidas importantes, por suposto, e consideramos que, se se puxesen en marcha, poderiamos empezar a resolver este problema que temos —como vostede ben di— todas as comunidades autónomas. Desafortunadamente, a resposta do Ministerio sempre foi a mesma: non tratar nunca o tema da atención primaria, nin sequera nos rogos e preguntas do Consello Interterritorial. Volvemos reiterar esta petición no debate do estado da Nación, ao que o PP presentou unha moción para que se plasmasen estes acordos, a cal foi aprobada, neste caso, co apoio dunha decena de partidos, incluídos o PNV e Junts per Catalunya, mentres Esquerrra Republicana se abstivo e, curiosamente, o Bloque e o PSOE votaron en contra desta resolución.

Dende aquel debate, nesta Cámara volveuse tratar este asunto en reiteradas ocasións, chegando a instar o Goberno central varias veces, e recibindo a mesma resposta sempre: o rexeitamento de calquera cambio nesta materia.

Á diferenza desa pasividade do Goberno central, nós seguimos traballando, e tomamos as medidas que están na nosa man: por exemplo, dende o ano 2009 incrementamos un 65 por cento as prazas de familiar e comunitaria; tamén cubrimos o cen por cento das prazas acreditadas, sendo o dobre do que se facía no Bipartito, por exemplo, cando non se superaba o 70 por cento das prazas de familiar e comunitaria; introducimos melloras para persoal docente e creamos a figura do Estatuto do Titor; ampliamos o número de centros de saúde e, como todo o mundo sabe, chegamos ao máximo da nosa capacidade formativa; incorporamos prazas de especialista en atención primaria, que se cubriron por concurso de méritos; e aprobamos unha lei extraordinaria de medidas para poder obter praza en propiedade, e levamos xa 170 prazas cubertas deste xeito.

En todo caso, melloramos tamén as condicións profesionais dos traballadores do Sergas. En definitiva, nós imos seguir traballando no ámbito das nosas competencias para que os profesionais estean nas mellores condicións, pero, evidentemente, se non se modifican os criterios de formación de médicos especialistas, vai chegar un momento en que non haberá médicos suficientes e, de novo, a especialidade de urxencias e emerxencias vai ser fundamental. O Goberno central perde unha oportunidade excelente de garantir que ningunha praza de urxencias e emerxencias se vaia consumir con prazas de atención primaria.

Grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta e seis deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do expediente de regulación de emprego presentado por Nueva Pescanova e que afecta o centro de traballo de Chapela, en Redondela

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Hoxe imos abordar a problemática da compañía pesqueira máis importante de España: a multinacional galega Nueva Pescanova, propiedade, nun 97 por cento, de Abanca. A multinacional de produtos conxelados do mar corre o risco de sumarse aos buques insignia dos sectores estratéxicos de Galicia que se perderon nos últimos anos coa xestión de Alberto Núñez Feijóo e agora de Alfonso Rueda. Esta é unha problemática que afecta os 82 traballadores e traballadoras da empresa, 63 deles con sede en Chapela, que non poden acompañarnos nesta sesión plenaria porque se atopan nunha concentración en defensa dos seus postos de traballo diante da sede de Abanca e do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo. Aproveitamos os socialistas esta intervención para mostrarlles o noso apoio.

Sinalaba o propio comité de empresa: «Solicitamos que apoien esta tripulación, que quere a súa empresa, que quere a súa terra e que necesita seguir navegando con rumbo, responsabilidade e futuro estrutural, pois está en xogo este e o de moitas empresas do sector». Efectivamente, enfrontámonos a unha situación decisiva, conselleira, xa non só para os traballadores e traballadoras, que poden perder o seu medio de vida, senón porque é crucial para a cadea mar-industria, para o sector da alimentación da nosa comunidade e para Galicia en xeral. Falamos hoxe dun sector —como dicía— estratéxico e do seu futuro. ¿Enténdeo vostede igual?

A multinacional galega o pasado 6 de setembro informaba o comité e os delegados sindicais da súa vontade de iniciar un ERE, que afectaba a área de Chapela, por causas organizativas e económicas. A decisión tomada pola empresa realizábase en plena negociación da empresa de venderlle a compañía á canadense Cooke. Pola contra, o comité facía un chamamento á retirada do ERE e á busca de solucións alternativas aos despedimentos. O martes 26 de novembro iniciábanse en Vigo unhas negociacións clave para o tecido industrial galego, e máis concretamente para o sector da alimentación en Galicia; un eslabón que debería ser clave para a economía desta comunidade autónoma, pero que está vendo que nos últimos anos son as empresas de capital estratéxico as que o levan sen que a Xunta de Galicia, con competencias en emprego e industria, faga nada para evitalo.

O comité lamentaba a falta de resposta da Xunta de Galicia. Fixeron unha reunión de carácter técnico coa directora xeral de Relacións Laborais, pero sen ningún tipo de avance. Todos os avances que se están conseguindo están sendo por conta do traballo do comité de empresa, dos delegados e das súas familias. Preguntámoslle, conselleira: ¿que valoración realiza a Xunta de Galicia do ERE presentado pola empresa Nova Pescanova, que afecta os empregados do centro de traballo asentados en Chapela?

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Resposta da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, dona Elena Rivo López.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Rivo López): Presidente, señorías.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xa sei que non é a primeira vez que o PSdeG trata de desviar a atención botándolle a culpa á Xunta de cuestións nas que o Goberno galego nin pode nin debe intervir, xa que, como autoridade laboral, non ten competencia para autorizar nin denegar as extincións dos contratos nun expediente de regulación de emprego. Vostedes sábeno perfectamente, pero, aínda así, insisten para tratar de ocultar a nefasta política industrial do Goberno central e para tratar de ocultar o abandono ao que teñen sometida a industria galega.

Por suposto, compartimos a preocupación pola situación na que se atopan os 82 traballadores e traballadoras afectados —76 nas factorías de Chapela, non a cifra que deu vostede— pola presentación dun ERE en Nova Pescanova, para o cal a empresa alegou causas económicas. Calquera ERE que se presente é unha mala noticia para Galicia, por suposto, e eu, como conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, teño nas miñas prioridades acadar un emprego de calidade; de aí a miña persoal implicación perante calquera situación empresarial que prexudique o emprego. O Goberno galego, polo tanto, empregarase a fondo para garantir a boa fe no proceso de negociación do ERE, para salvagardar mellor os dereitos dos traballadores e das traballadoras e para minimizar o seu impacto nas familias afectadas.

Como saben vostedes perfectamente, dentro das nosas funcións como autoridade laboral, atópanse as seguintes: solicitarlle ao empresario o cumprimento dos requisitos de comunicación de inicio do procedemento; velar pola efectividade do período de consultas; dirixir propostas e recomendacións; e, no suposto de petición de ambas as partes, realizar actuacións de mediación. Estas funcións xa se están a realizar por parte da autoridade laboral competente na tramitación destes expedientes, neste caso a Dirección Xeral de Relacións Laborais —como vostede mencionou—, coa revisión da documentación seguindo o procedemento habitual e atendendo a solicitude de asistencia que nos chegou e pola que xa se levaron a cabo as reunións informais coas partes dentro do período de consultas —que remata mañá—. Como vostede sabe, hoxe, precisamente, estaba previsto e estanse desenvolvendo neste momento as negociacións, que agardamos que finalicen cun acordo satisfactorio.

A Administración autonómica agarda que as partes, empresas e sindicatos, poidan achegar posturas para salvagardar os dereitos dos e das traballadoras e para garantir a viabilidade da empresa e o mantemento do emprego. Mais non o podemos facer, como saben, porque o proceso está regulado pola lei e as partes non solicitaron a mediación.

En fin, por ese camiño imos seguir, e por iso, como demostran os orzamentos que presentamos para o vindeiro ano, as contas da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e a Orientación medrarán en máis dun millón de euros, e as da Dirección Xeral de Relacións Laborais, nun 20 por cento máis, destinando máis de 5,3 millóns de euros ao diálogo social para as organizacións sindicais e empresariais. Non se pode dicir o mesmo do Goberno socialista en Madrid, señorías. Fronte a isto, nosoutros avogamos polo diálogo social, cousa que vostedes non fixeron, como se demostrou esta mañá.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Réplica, señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Pois para ser a súa prioridade, conselleira, polo menos podería terse reunido co comité de empresa e cos traballadores, *(Aplausos.)* e non sei se vostede ou algún membro do Goberno se reuniu con Abanca, por exemplo, porque ten moito que dicir nesa cuestión: un 97 por cento é propiedade de Abanca —e vostedes creo que non se levan mal con eles—. Miren, está en xogo non só o futuro destes traballadores e traballadoras, que xa é moito, senón que está en xogo que a compañía quede en Galicia e que se manteña o futuro centro de decisión aquí na nosa comunidade, o cal empeza a ser dubidoso ante o gran número de noticias sobre unha posible compra dun investidor estranxeiro. Pero parece que non lles preocupa. Galicia xa non conta nos sectores estratéxicos coas empresas que todos tiñamos interiorizadas, e das que dependen miles de traballadores. Por iso, deben tomar as rendas nas súas competencias tanto en materia de emprego como en materia industrial, porque non fan política para este sector e permiten que en Galicia non quede ningún buque insignia en sectores estratéxicos.

Mire, como vostede é a conselleira de Emprego, voulle dar uns datos: no período de goberno do Partido Popular, o conglomerado mar-industria perdeu 5.883 persoas ocupadas, o 13,3 por cento das que había no 2008, e isto é competencia súa; no resto do Estado houbo un crecemento do 4,6, hai 1.508 persoas ocupadas máis; e no conxunto do conglomerado é importante destacar a diminución do peso no conxunto do Estado deste sector clave no desenvolvemento da industria galega. Se no 2008 supuña o 57 por cento do total estatal, agora redúcese ao 52 por cento.

Creo que aos traballadores de Nova Pescanova os orzamentos e a partida que hoxe comentou non lles importan nada, impórtanlles as solucións para a súa problemática e que a empresa estea en Galicia con capital galego, señoría. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno.

Señora conselleira, ten tres minutos.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Rivo López): Grazas, presidenta.

Grazas, señoría.

As cifras son as que son. Hai máis dun milleiro de traballadores e traballadoras afectados pola crise de Alcoa, e ¿que fixo o Goberno de España para manter os seus empregos —tan preocupada que está—? De momento, nada. Pola contra, dende o Goberno da Xunta, estamos a traballar para dar unha nova oportunidade ao persoal de Alu Ibérica para a súa inserción laboral; e con Endesa, nas Pontes, e Gamesa, nas Somozas, máis do mesmo.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Está moi preocupada pola cadea mar-industria, que xera 9.000 millóns de euros ao ano e que afecta 40.000 empregos directos. A súa viabilidade é unha prioridade para o Goberno galego, de aí que garantamos o seu futuro con iniciativas como a Lei do litoral, que queren facer compatible o coidado do medio ambiente co mantemento da actividade empresarial, e isto a pesar dos atrancos do Goberno central —¡que non sei de que cor é!—, que considera que a norma autonómica é inconstitucional, pero que, pola contra, traballa nunha amnistía á carta para contentar aqueles que están dispostos a manter a Sánchez no Goberno. *(Murmurios.)* De aí que solicitemos tamén a rebaixa do IVE para os produtos de mar —desa cadea que tanto lle importa—, convencidos como estamos de que beneficiaría non só as empresas e os traballadores e as traballadoras do sector, senón tamén a alimentación e a saúde da poboación.

Na Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade estamos convencidos de que o emprego —si, si— abre as portas do benestar, e con esa filosofía traballamos ata o de agora e seguiremos traballando. Por iso, incrementamos os nosos orzamentos en máis dun 56 por cento para a área de emprendemento, e máis de 2,3 medidas para a conciliación e responsabilidade social. En definitiva, un obxectivo que non podería acadarse con éxito se non contásemos con todos os axentes sociais e non traballásemos con certezas e cos pés no chan.

Por iso, estamos a apostar por ese diálogo, non como o Goberno español, que vende fume cunha redución de xornada laboral sen diálogo social. Se ven agora os teletipos, Lorenzo Amor, presidente da Asociación de Traballadores Autónomos, acaba de dicir que a redución da xornada laboral supón un hachazo e maiores cargas ás empresas.

Polo tanto, nós seguiremos a colaborar coa parte empresarial de Nova Pescanova e cos representantes do seu persoal para acadar unha solución satisfactoria que garanta a viabilidade da firma no futuro. Están nestes momentos negociando; espere ás negociacións, señoría. Hoxe colaboramos con Nova Pescanova, mañá con calquera empresa que chame ás nosas portas para velar polo seu futuro e polo mantemento do emprego.

Esta é a realidade, señorías, por moito que vostedes queiran darlle a volta á tortilla. Nós sempre estaremos coas empresas e cos traballadores e traballadoras, pero sempre a través do diálogo social.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Xosé Luís Rivas Cruz e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a metodoloxía de cálculo dos custos de produción do leite en Galicia para a fixación dos prezos de referencia entre produtores e industria

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, e por tres minutos, ten a palabra don Xosé Luís Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, presidenta.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cando en 2009 conseguiron conxurar o perigo daquela Consellería do Medio Rural en mans do BNG, o primeiro que fixeron foi restaurar «a liberdade» nas relacións contractuais na cadea alimentaria, en especial na do leite, e así a Consellería renunciou a este labor de intermediación que fixera —da man do BNG— nos anteriores tres anos e medio a favor do elo máis débil, a produción, e pasou a ser só observadora do mercado, que só intervén cando a industria todopoderosa ou a distribución, que todo o manda, están en risco de baixar un chisquiño os seus beneficios.

Así, por esta e outras razóns, o sector lácteo foi perdendo explotacións: das 13.000 e un pico do 2009 pasamos a menos de 6.000, e baixando, señor conselleiro, ¡baixando! Mais, como por arte de maxia, hai un par de anos, por medio de Juana de Vega, a súa consellería saca da manga a chamada Conta Láctea, unha aplicación que dicían que ía ser o mecanismo de referencia en canto aos datos do sector lácteo, entre os que se poderían contar os custos de produción, que, segundo a Lei da cadea alimentaria, serían cruciais para a negociación entre industrias e produtores.

Hai dous peros neste asunto: un é que os custos de produción obtidos non son obxectivos nin referidos a tramos ou mostras representativas das granxas; e o outro é que os datos extraídos non son fiables. E non son fiables porque esta aplicación non contempla ningunha validación deles; son de introdución voluntaria, de tal forma que alguén de mala fe —que os hai— pode falsear ou mesmo inventar unha granxa imaxinaria.

Se o que pretenden é ter peso na intermediación necesaria, intermediación que, por certo, non fan e como exemplo disto temos este verán e este outono en que, abusivamente, as industrias, en franca intercolaboración —por non chamarlle doutra maneira—, baixaron o prezo sen razón de mercado, e vostedes nada fixeron para poñer orde, se pretenden poñer orde nos seus datos en canto a custos de produción, teñen que ser obxectivamente impecables, e os da Conta Láctea non llelo son.

Por certo, ¿a reinvención do Observatorio Lácteo xa se reúne en serio? ¿E da Mesa do Leite sábese algo? ¿A Consellería non ten nada que dicir das operacións, cando menos sospeitosas, das industrias durante todo este período de novos contratos? En 2011 acabaron coas AXE (Agrupacións de Xestión Económica) que, como debe saber, recollían datos en granxas que eran introducidos nun sistema, o daquela moderno MS2, pero que funcionaba. A chave deste sistema das AXE estaba en que a calidade do dato era boa, xa que era recolleito e metido nun sistema por un técnico ou técnica que era responsable de garantir a súa calidade e veracidade. Estes datos, unha vez introducidos no sistema, eran entregados á Consellería de Medio Rural —daquela de Agricultura e de Montes— onde había técnicos encargados de elaborar informes despois de escolmar os datos empregados.

Señor conselleiro, ¿é fiable a Conta Láctea?

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Resposta do conselleiro do Medio Rural, don José González Vázquez.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Presidente, señorías, boa tarde a todos e todas.

Eu teño que dicir que, dentro da deriva actual do Bloque Nacionalista Galego, caracterizado por unha falla de rigor absoluta que estamos vendo en todas as intervencións protagonizadas pola súa voceira —mesmo esta mañá, e posta convenientemente na mesa polo presidente da Xunta de Galicia—, sorpréndeme especialmente esta pregunta, e sorpréndenme, señorías, porque con esta pregunta o Bloque Nacionalista Galego se está posicionando ao carón —e tome nota— da Federación Nacional de Industrias Lácteas e contra o sector do vacún de leite de Galicia. Nun contexto no cal a Fenil expresou hai dúas semanas, de xeito consciente, que o prezo do leite español está lastrando a competitividade da industria láctea, o Goberno galego reacciona convocando todos os compradores de leite de Galicia e trasladándolles claramente que, cos datos que proveñen da Conta Láctea —que é un mecanismo de cálculo dos custos de produción totalmente solvente e totalmente acreditado desde o punto de vista técnico—, se constata un incremento tal dos custos de produción que os prezos do leite teñen que manterse nos niveis actuais, como mínimo. E, ¿que fai o Bloque? Pois dubida non só da capacidade técnica da conta láctea, senón tamén da propia capacidade dos nosos gandeiros —como empresarios que son— para calcular os seus custos de produción. ¡Manda truco!

Sorpréndeme, señor Rivas, que esta sexa a súa estratexia de acción porque o sector do vacún de leite, e o rural galego en xeral, non merece que antepoñan o seu futuro ao futuro dun grupo político, neste caso o do Bloque Nacionalista Galego. Ningún rédito electoral —iso por diante, señorías— explica a súa cegueira para xustificar unha oposición inxustificable, porque, miren, a oposición do Bloque é: todo está mal, todo está escuro, non hai futuro —salvo naquela Arcadia feliz, que dicía o señor Rivas—. ¿Cal é a razón? As políticas do Partido Popular, que somos os malvados de todo. ¡Iso si!, non hai outra cousa que críticas. Non hai ningunha aportación, non hai propostas, ideas ou solucións; só hai crítica, estea ben ou estea mal.

Persoalmente, señor Rivas —sábeo ben—, desde o aprecio persoal que lle profeso, permítame dicirlle que me preocupa que estean mirando unicamente para as eleccións; *(Murmurios.)* preocúpame porque fixar a ollada nun único obxectivo —sobre todo se é un obxectivo electoral— significa descoidar aquilo polo que estamos aquí. Teñen que deixar de pensar no seu interese político —se me permite o consello— e comezar a pensar nos intereses das persoas que veñen representar esta Cámara. Permítame que lle diga que na miña próxima quenda acreditarei suficientemente —o que teño que facer aquí— o rigor técnico e a solvencia da conta láctea, pero pídolle que, polo menos, se non axudan, señor Rivas, non estorben na defensa dos nosos gandeiros.

Moitas grazas.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro

Réplica do señor Rivas.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor RIVAS CRUZ: Señor conselleiro, agrádame moito que se crezan coas eleccións próximas porque, se non, para nós non tería mérito a loita política con vostedes.

Pero mire, o que me parece raro é que vostedes non estean a favor da Fenil. ¡Claro!, todos os expertos en leite de dentro e de fóra do país cuestionan a fiabilidade da aplicación, excepto vostede, xa que lle serviu para facer propaganda; igual que esa outra conta cárnica, da que non sabemos nada máis que ese nome.

Mire, un sector sometido ao capricho dunha industria e dunha distribución que utilizan —digamos— como estratexia común para impoñer baixadas de prezos á produción, e que sempre leva premio: a modificación vergoñenta da Orde de axudas ás industrias transformadoras. Teremos que recordárllelo sempre: vostedes modificaron unha orde de axuda a unha empresa de tres millóns, a unha empresa que conculca constantemente os contratos. E punto. (*Aplausos.*) Mire, señor conselleiro, un sistema de fixación de custos de produción ten que ter autoridade para as relacións entre os elos da cadea, e debe haber alguén que faga cumprir a lei e evite as extorsións a que se someten os sectores. Desde o BNG queremos dicirlle e queremos facerlle saber ao país que o Estado é deficitario en leite —como vostede sabe—, e aquí podemos medrar e pasar do corenta ao setenta por cento, polo menos. ¿Non ten ambición de país, señor conselleiro?; ¿vostede non ten ambición de país? Máis de seiscentas mil hectáreas de terreo agrícola avalan esta posibilidade de incremento produtivo sostible e repoboador. Non ten ambición de país, señor conselleiro, pero o leite e mais a carne terán que ter un prezo xusto, e vostedes renunciaron hai tempo a esta expiración.

Señor conselleiro, o seu tempo está cumprido.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Peche da pregunta, o conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Grazas, señor presidente.

Agora vou ser un pouco máis técnico para acreditar a solvencia técnica e o rigor da conta láctea —digo—, bastante máis técnico que vostede porque vén dicindo, como sempre, unha sarta de xeneralidades que non ten absolutamente nada que ver co momento actual que vive o sector lácteo galego. *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* Miren, a conta láctea é importante —pois si, si se se pode, señor Bará—. Miren, a conta láctea provén dunha prohibición de venda a perdas que se recolle na lexislación estatal, pero que o propio Goberno que a lexislou sabía perfectamente que era papel mollado, se non conseguiamos acreditar os custos de produción, é dicir, non podemos dicir que hai que pagar, como mínimo, os custos de produción, se non sabemos cales son eses custos de produción. Isto denunciámolo nós e as organizacións agrarias, tamén os expertos contables —os que di vostede, do Sindicato Labrego Galego e da Fruga—; evidentemente tamén denunciamos que era necesario acreditar os custos de produción. ¿Como diciamos nós que nos permitirían acreditalos? Con mecanismos autonómicos que fixesen a toma

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de datos a través de aplicacións informáticas, como pode ser a conta láctea ou a conta cárnica.

¿Por que dicimos que é un mecanismo solvente e que, ademais, tamén está deseñado con todo o rigor técnico? Primeiro, porque é un mecanismo uniforme: non pode ser que cada gandeiro meta os datos dos custos de produción como lle pete a el, senón que ten que ser uniforme. Segundo, porque é un mecanismo totalmente testado e totalmente adaptado á Normativa contable nacional. E terceiro —e non é menor—, porque o que necesitamos é que haxa un número moi importante de gandeiros que meta os datos para ter unha mostra significativa, que logo, a través do Observatorio de Prezos da Cadea Alimentaria en Galicia, se poida utilizar como mecanismo de defensa dos nosos gandeiros. Iso, señorías, é a conta láctea: ter esa mostra representativa. Claro que hai que afinar os datos, pero ¿vostede que pensa, señor Rivas, que nós non coñecemos perfectamente a situación? Haberá que educar os nosos gandeiros para que metan ben os datos e, ao mesmo tempo, tamén haberá que corrixilos se están mal metidos. *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* Por iso, o ano pasado, señorías, sacamos unha orde de axudas para que houbese usuarios profesionais que metesen os datos e que tivesen unha certa responsabilidade, se, efectivamente, non os metían de forma correcta. Por certo, tamén lles sacamos esas axudas a todas as organizacións agrarias.

Hoxe podemos presumir que xa temos unha ferramenta que copiaron outras comunidades autónomas, como, por exemplo Cantabria, na cal de xeito uniforme os nosos gandeiros, pouco a pouco, están empezando a meter eses datos. Temos xa unha mostra representativa, e podemos ir negociar coa industria láctea, dicíndolle que, se baixa os prezos, imos ir onde faga falta para dicirlle que está baixando os prezos por debaixo dos custos de produción. Pero vostedes o que fan é poñer en dúbida esa ferramenta porque a fixo o PP, poñendo en perigo a defensa dos nosos gandeiros fronte, precisamente, a aqueles que vostedes están denunciando. *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)*

Polo tanto, señorías, eu diríalles: «Nin tanto arre que fuxa, nin tanto xo que pare». Déixennos, por favor, defender os nosos gandeiros e gandeiras; déixennos seguir facendo país, e, por favor, olvídense de tanta exixencia política e tanto debate. A clave de todo é a defensa dos nosos gandeiros e gandeiras.

Máis nada e moitas grazas.

(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de don Julio Torrado Quintela, do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e Dª Patricia Otero Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o estado da produción marisqueira nas rías galegas

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

Falamos hoxe de marisqueo porque a situación do marisqueo en Galicia é moi preocupante; é moi complicada dende hai moitos anos e a evolución é bastante preocupante dende hai moito tempo. Dígollo, aínda que é unha obviade, porque o seu Goberno o nega constantemente; entón eu creo que nos vemos na obriga de repetilo. Por darlle un dato moi sinxelo: no ano 2009 había, por redondear, seis mil quiñentos Permex en Galicia. Vostedes chegaron ao Goberno dicindo que querían chegar aos oito mil. Bueno, hoxe estamos case na metade: non só non subiron, senón que están case na metade, isto é, tres mil seiscentos, aproximadamente.

«O mar está mal». Isto dino os patróns maiores, dio a xente que traballa do mar, algunha da xente que nos está seguindo, ademais, constantemente, dende hai moito tempo, é dicir, que hai unha evidente perda de capacidade de producir nas nosas rías. O Goberno négao constantemente —iso é certo— neste Parlamento de maneira moi habitual. Póñolle o exemplo máis espectacular que eu vin neste Parlamento sobre esta cuestión en moito tempo. Mire, o 22 de xuño de 2023, despois de numerosas ocasións en que plantexamos este debate neste Parlamento, o seu Goberno dicía: *(O señor Torrado Quintela amosa un documento á Cámara.)* «A produción marisqueira aumenta un seis por cento por cento» —a súa directora xeral—. Ao día seguinte —xa sei que non me vai crer; prométolle que non estaba preparado—, corenta e tres colectivos das rías máis produtivas de Galicia reuníronse para denunciar que hai unha caída do cincuenta por cento do marisqueo na última década. *(O señor Torrado Quintela mostra outro documento á Cámara.)* (*Aplausos*.) Ao día seguinte, ¿eh? É un dos ridículos máis grandes dunha consellería que coñezo e con este Goberno a competición é importante; pero este é dos máis grandes que coñezo. Podería poñerlle datos oficiais abondos da súa consellería que vostede coñece —ou debería coñecer—, pero a realidade é que o actual libre marisqueo está a punto de pechar, a última campaña pechouse; isto é unha evidencia de que temos un problema porque a xente sae ao mar e volve sen nada, apenas cos gastos para cubrir a gasolina ou, como moito, iso, ou como moito.

E non se trata de que vostedes poidan resolvelo mañá, pero se arrancasen hai anos con cuestións que son necesarias, hoxe estariamos noutra situación. O que pedimos é que interveñan xa, non dunha maneira liviá, suave, empezando a falar...; pedimos que fagan o que xa todo o mundo sabe que hai que facer: rexenerar as rías —pero non con esas promesas enormes que fan vostedes porque canto máis grande é a promesa, máis grande é o incumprimento; vostedes prometen moi ben, pero cumpren moi mal— coas dragaxes necesarias das rías, que vostedes negan constantemente; co control do baleirado dos encoros —o Partido Popular repite na Comisión de Pesca que xa ten un protocolo de baleirado do encoro e que se cumpre perfectamente; eu agardo que vostede me explique se cre que isto é así ou non—; co control dos depredadores que están comendo o pouco produto que hai, e que vostedes poden facer.

A cuestión é: hai moitos elementos sobre os que vostedes poden intervir nas rías, pero están basicamente negando que exista un problema e a realidade está inundándoos a vostedes.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Van vostedes permanecer nesa negativa ou vai vostede facer algo —¡algo!—, señor conselleiro?

Grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Resposta do conselleiro do Mar, don Alfonso Villares Bermúdez.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Si, moi boas tardes, señor presidente.

Señorías.

Señor Torrado, o marisqueo de Galicia rexistra unha evolución que se pode ver nos distintos gráficos con puntos e baixos nestes últimos vinte anos. A prohibición ronda nestes momentos as sete mil quiñentas toneladas; unha cifra que é levemente inferior á media, pero a facturación por esas vendas é un catrocentos superior á media histórica, cuns ingresos en total de setenta e un millóns de euros.

No estado dos bancos marisqueiros —como ben saben— inciden factores ambientais, meteorolóxicos e oceanográficos que motivan esas oscilacións cíclicas que se observan ao longo da serie. A Rede entre o sector pesqueiro e os organismos científicos creada pola Xunta está a permitir que analicemos a situación das distintas rías. Hai que recordar que os episodios de baixada de salinidade son comúns nas rías que reciben aporte de auga doce dos ríos, sobre todo cando se producen choivas intensas e continuadas. Desde o Intecmar recóllese información de salinidade da auga do mar entre redes diferenciadas: a das corenta e dúas estacións oceanográficas nas diferentes rías, dezaseis estacións costeiras e seis estacións automáticas.

Neste ano 2023, a situación climatolóxica que experimentamos en Galicia, no arranque deste ano, foi absolutamente excepcional: choveu case o dobre do habitual. Ante esta situación, a Consellería do Mar púxose a seguir de forma directa o estado dos bancos marisqueiros desde o primeiro momento e as consecuencias socioeconómicas que derivaron do seu estado. O noso compromiso para contribuír á recuperación non se pode cuestionar; de feito, foron publicadas no DOG as distintas convocatorias de axuda para proxectos colectivos de mellora das zonas de produción e protección dos ecosistemas, isto é, máis de 1,03 millóns de euros destinados ao sector que se empregaron para paliar os efectos dos temporais nos bancos marisqueiros. Na convocatoria do ano 2023, aprobáronse axudas para actuar sobre dous millóns e medio de metros cadrados e sementar case trece millóns de unidades de ameixa. Entre os anos 2009 e 2023 aprobáronse trescentos setenta e dous proxectos por máis de doce millóns de euros, aos que hai que sumar máis de seis millóns de euros investidos e medio cento de accións impulsadas directamente pola consellería. Todo isto permitiu actuar sobre máis de dezaseis millóns de metros cadrados de bancos marisqueiros e sementar duascentas cincuenta millóns de unidades de cría de ameixa. Ademais, pretendemos continuar por ese camiño para aproveitar todo o noso potencial produtivo.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xa para rematar, o saneamento das rías, unido a estas actuacións de rexeneración, contribuíron a multiplicar por cinco, desde o ano 2009, as zonas de produción de moluscos bivalvos, con mellor calidade de auga, que representan xa un 13,5 por cento do total; representan máis do dobre que as de peor calidade, que se reduciron á metade nestes anos, e non paran de diminuír. Levamos traballando intensamente desde o ano 2009 na rexeneración dos bancos marisqueiros e apoiando actuacións, como a compra de semente para aqueles nos que se detectou unha perda de produtividade, sempre co obxectivo de favorecer tanto a situación do recurso como a mellora dos ingresos das e dos profesionais do mar. Seguiremos a traballar man con man co sector marisqueiro, co fin de comprender, grazas á ciencia, a influencia do cambio climático, e outros factores das nosas rías, e a recuperación da súa plena capacidade produtiva.

Moitas grazas.

(*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

Réplica do señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Señor conselleiro, vexo que segue negando a realidade. A min paréceme sorprendente, porque é moi difícil asumir que poidamos debater un problema se vostede non o quere recoñecer —vostede e todo o seu equipo—.

É asombroso, vostede vén aquí dicir que «facemos moitas cousas». Dixo: «puxémonos a seguir», «puxémonos a seguir» —¡traballen!—, (*Aplausos*.) «puxémonos a seguir»... O seguinte é velo por televisión ou algo así.

Señor conselleiro, dime vostede que se incrementaron moito os datos —fálame dos datos— e que multiplicaron por cinco as zonas de produción.

Voulle dar datos porque vostede dixo que os datos ían mellor; eu voulle dar os datos, por certo, quitados do portal da súa consellaría. Mire, se tomamos o último ano operativo antes da pandemia —porque non vou facer o truco de coller o ano da pandemia, xa que, obviamente, é peor— e collemos os datos do berberecho e nas rías máis produtivas, na Arousa e en Noia, (*O señor Torrado Quintela amosa, sucesivamente, varios gráficos á Cámara.*) isto que lle ensino é a produción de berberecho en quilos ou en euros —colla vostede o que queira—, que foi moitísimo maior no ano 2019 que no ano 2022. A ameixa fina —non me dirá vostede que non é un produto exquisito das nosas rías— foi moito maior no ano 2019 que no ano 2022. Non lle quero nin contar como son os datos, en quilos ou en euros, canto á ameixa xapónica. Canto á ameixa babosa —dramático, por tres, señor conselleiro—, vostedes multiplicaron as zonas de produción e producimos tres veces menos. A ver, eu diría que dá para preocuparse; con máis zonas de produción, producimos tres veces menos, e temos a metade dos Permex emitidos. ¿Non é suficiente dato para que vostedes recoñezan dunha vez que se equivocaron intentando negar a realidade porque pensaron que iso era un problema político que lles podía vir mal —non sei cando— nas eleccións?

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Bueno, pois é certo, hai un problema que evoluciona negativamente, como sabe todo o mundo e como vostedes en realidade, señor conselleiro, tamén saben. Póñanse a facer algunha cousa de verdade. Non me diga que están poñéndose a seguir. Fagan o protocolo de baleirado dos encoros ben, controlen as empresas que baleiran, axuden de verdade a xente que traballa no mar...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...tomen algunha decisión.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado, grazas.

(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)

Peche da pregunta, o conselleiro do Mar.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Señor Torrado, nós —ou eu polo menos—, en ningún momento, negamos unha realidade cando estamos a dicir que os datos son os que son, pódense ensinar e son públicos. Como comentei ao inicio da exposición, hai unhas subidas e unhas baixadas, hai uns picos, hai uns dentes de serra para arriba e para abaixo, que están aí; polo tanto, tampouco se trata de negar unha realidade sobre a que vostedes parece que intentan dicir que nós a negamos. Non, non se nega. Evidentemente, os datos son os que son e a preocupación, evidentemente, neste ano —polo que comentei anteriormente— é importante. É verdade —como dixen, e vostede tamén ben sabe, tampouco o vai negar— que este ano foi excepcionalmente chuvioso e houbo abondosas chuvias, e parece ser que os datos que hai —e que, ademais, foron analizados e son analizados polo mellor servizo científico e de investigación que ningún país ten para o mar, como é o servizo galego—, estanse a ver, estanse a analizar e están a dicir que, evidentemente, houbo unhas baixas de salinidade producidas polas augas, xa que choveu moito durante este inverno.

A temperatura da auga do mar tamén parece ser que estivo alta o verán deste ano —vostede tamén ben o sabe; sabémolo todos—. Estanse facendo distintas analíticas, isto é, analíticas tanto microbiolóxicas, patolóxicas, químicas... Estase traballando como hai que traballar —vostede ben sabe e todos o saben—, isto é, ao lado daquela xente que máis sabe, que son, neste caso, os científicos e os biólogos. Así é como o facemos nós desde a nosa consellería, e man a man co sector. Ese é o noso lema. E tamén vostede entenderá que este é o mellor xeito de traballar: traballando coa xente, falando coa xente e vendo que agora mesmo hai uns problemas de produción que son evidentes, e que haberá que traballar e estamos traballando para que volvamos recuperala.

Evidentemente, eu creo que tamén queda claro que non hai ningún tipo de variña máxica ou, polo menos, nós non a vemos. Só queda traballar ao lado da xente e analizar os datos que hai. Evidentemente, se teñen algunha variña máxica, cónteno; non fagan como un daqueles personaxes de Cunqueiro, que era Novo de Parmuíde, no libro de —penso que era—

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xente de aquí e de acolá. Era un mago —non un mago—, era un home que tiña dotes de menciñeiro e, ademais, a súa arte de facer menciña era cunha randeeira, cun columpio que comprara. Dicía Cunqueiro —parece ser— que a comprara cando viñera de facer a mili en Valladolid. Non se sabe por que, nalgún momento, con ese columpiar, foi sandando a xente, e despois foi falar un día con Cunqueiro e díxolle: «Mire, señor Cunqueiro, é mellor que me diga unhas palabras ou uns versos en latín para adornar un pouco máis o asunto». E así foi. E despois este home tamén lle confesou a Cunqueiro unha vez: «Mire, agora estoulle cambiando a orde das palabras para que ninguén me aprenda o meu arte de menciñar.» Por iso, —digo— se vostede ten algún tipo de arte para dar menciña ao noso sector, non o garde, porque Novo de Parmuíde morreu...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): ... e, ao non contar o segredo, quedamos todos igual.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Remata aquí o pleno.

Boa tarde.

Remata a sesión ás seis e vinte e dous minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen (BNG)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel (S)
3. Amigo Díaz, María Encarnación (P)
4. Arangüena Fernández, Pablo (S)
5. Arias Rodríguez, Raquel (P)
6. Armada Pérez, José Antonio (P)
7. Balseiro Orol, José Manuel (P)
8. Bará Torres, Xosé Luís (BNG)
9. Blanco Paradelo, Moisés (P)
10. Caballero Miguez, Gonzalo (S)
11. Cachafeiro Anta, Belén (P)
12. Calvo Pouso, Diego (P)
13. Candia López, María Elena (P)
14. Carballo Páez, Ramón (P)
15. Carreira Pazos, Iria (BNG)
16. Castro García, Daniel (BNG)
17. Castro Rey, Paloma (S)
18. Díaz Mouteira, María Sol (P)
19. Díaz Varela, Noa Susana (S)
20. Egerique Mosquera, Teresa (P)
21. Fernández Alfonzo, Ramón (BNG)
22. Fernández Davila, María Cristina (BNG)
23. Fernández Gómez, Alexandra (BNG)
24. Ferro Iglesias, José Luis (P)
25. Freire Vázquez, María Begoña (P)
26. Gallego Sanromán, María Leticia (S)
27. García Vidal, Ana Belén (P)
28. Gómez Salgado, Carlos (P)
29. González Iglesias, María do Carme (BNG)
30. López Abella, María Susana (P)
31. López Sánchez, Rosalía (P)
32. Lorenzo Gómez, Rubén (P)
33. Lourenzo Moura, Diego (BNG)
34. Mouzo Mas, Paula (P)
35. Murillo Solís, María Guadalupe (P)
36. Ojea Arias, Eduardo (S)
37. Ortega Otero, Marina (S)
38. Otero Lago, Noelia (S)
39. Otero Rodríguez, Patricia (S)
40. Pardo López, Adrián (P)
41. Pazos Couñago, José Alberto (P)
42. Pérez Domínguez, Fernando (P)
43. Pérez Fernández, Rosana (BNG)
44. Pérez López, Daniel (BNG)
45. Pérez López, Noelia (P)
46. Pomar Tojo, Carmen María (P)
47. Pontón Mondelo, Ana (BNG)
48. Porro Martínez, María Corina (P)
49. Prado Cores, María Montserrat (BNG)
50. Prado del Río, Paula (P)
51. Prado Patiño, Jesús Miguel (P)
52. Presas Bergantiños, Noa (BNG)
53. Queixas Zas, Mercedes (BNG)
54. Regueiro Fernández, José Luis (P)
55. Ríos Santomé, Paulo (BNG)
56. Rivas Cruz, Xosé Luís (BNG)
57. Rodil Fernández, Olalla (BNG)
58. Rodríguez Carrera, María Felisa (P)
59. Rodríguez Conde, Ángel (P)
60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)
61. Rodríguez Pérez, Moisés (P)
62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María (P)
63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña (S)
64. Rueda Valenzuela, Alfonso (P)
65. Salido Maroño, María Belén (P)
66. Santalices Vieira, Miguel Ángel (P)
67. Santos Costa, Manuel (P)
68. Sanz Arias, Cristina (P)
69. Seco García, Martín (S)
70. Suárez Sarmiento, María Elena (P)
71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG)
72. Torrado Quintela, Julio (S)
73. Varela Fernández, Katherinie (P)
74. Verea Fraiz, Borja (P)
75. Vilela Riveiro, Sandra (P)

CSV: BOPGDSPG-wvKpJGHMN-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/